

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 2

SESION ORDINARIA DO 29 DE XANEIRO DE 2007

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Caballero Miguez, Gonzalo
Calviño Rodríguez, Xullo
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Cotobad Tombo, Elías Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figueroa Vila, José Manuel
Garrido González, Alicia
Graña Barcia, María Luisa

Guerra Fernández, Javier Jorge
Iglesias Carrera, José Manuel
Losada Álvarez, Abel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Viéitez Alonso, Henrique

NON ASISTE:

Bermúdez Pérez, Silvia

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e vinte minutos do día vintenove de xaneiro do ano dous mil sete, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Garrido González, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Losada Álvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste a Sra. Bermúdez Pérez. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D^a Marta Iglesias Bueno, e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

- 1.- (3).- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS EXTRAORD. 17 E 23/10.06, ORD. 30.10.06 E EXTRAORD. 09.11.06.)

(Está ausente a Sra. Bermúdez Pérez)

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións extraordinarias dos días 17 e 23 de outubro, ordinaria do 30 de outubro e extraordinaria do 9 de novembro de 2006.

- 2.- (4).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN PARCIAL GANDARIÑA 2. EXPTE. 7733/411

ANTECEDENTES.- Con data 12 de xaneiro de 2007, o técnico de administración xeral e mailo arquitecto da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, informan o que segue:

ANTECEDENTES

- 1.- A Xunta de Goberno Local, en data 20 de setembro de 2.004, a instancia da entidade APARIPER U.S.L., LA BOUZA SUR e NAYTER S.L., adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar inicialmente o PLAN PARCIAL GANDARIÑA 2 (expediente 7733/411), solicitada por APARIPER S.L. e outros, segundo a documentación técnica, redactada polos arquitectos don ALBERTO CAMESELLE LAGO, ALBERTO DE COMINGES MOLINS e PEDRO DE LA PUENTE CRESPO, con visados do COAG de datas de 13 de xuño de 2002, 19 de febreiro de 2003, 18 de xullo de 2003, 29 de xuño de 2004, 9 de xullo de 2004 e 12 de agosto de 2004; e polo enxeñeiro técnico industrial don JOSÉ-MANUEL FUENTES LÓPEZ, con visado colexial de 17 de outubro de 2002, cos contidos e determinacións propias que corresponden a un Plan Parcial, tendo por sinxelamente indicativas as restantes determinacións propias da xestión, tal e como se sinala no apartado V.9. segundo parágrafo da parte expositiva.

Segundo.- Someter o expediente ó trámite de información pública polo prazo dun mes, de acordo co disposto no artigo 86.1.a) LOUGA, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous xornais de maior circulación da provincia, debendo publicarse o anuncio, neste último caso, en dous días consecutivos, con notificación individualizada ós propietarios afectados. Asemade, os promotores do presente plan parcial no momento procedemental que esta administración estime oportuno e, en todo caso, con anterioridade á aprobación definitiva, para que acheguen a documentación convenientemente unificada e refundida, a fin de facilitar unha mellor comprensión e claridade, habida conta dos requisitos legais de publicidade e dereitos de información e acceso relativos ós instrumentos de planeamento."

2.- Sometido o expediente ó trámite de información pública, durante o prazo sinalado no edito da Alcaldía e nos anuncios publicados no DOG do 14.10.2004 e nos xornais Faro de Vigo e Voz de Galicia os días 21.10.2004 e 22.10.2004, para a presentación de alegacións, presentáronse un total de catro alegacións (dúas do mesmo propietario), segundo consta no certificado do Secretario da Xerencia de Urbanismo, de data 02.12.2004 que obra no expediente.

3.- Remitidas, o 02.12.2004, as alegacións recibidas ós promotores do Plan Parcial para informe, recibíuse o 28 de xaneiro de 2005 o informe contestación solicitado, ó que se engade o informe municipal sobre o trámite de información pública que figura no apartado 2 deste informe.

4.- O día 30.12.2004 o Pleno do Concello de Vigo aprobou inicialmente a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, suspendendo as licenzas, tal e como dispón o art. 77.2 LOUGA: "(...) O acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso en que as novas determinacións deste supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente (...)".

5.- En data 31.12.2004 publicouse no DOG a Lei 15/2004 de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, lei que entrou en vigor ós vinte días da publicación, é dicir o 20.01.2005.

6.- O 14.02.2005, por parte de D. Juan Manuel Pérez Pamies, en representación de "APARIPER S.L.", "LA BOUZA SUR S.L." e "NAYTER S.L.", entidades promotoras do Plan Parcial, presentouse no rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo escrito comunicando que ditas entidades entenden aprobado o Plan parcial por silencio administrativo, en aplicación do artigo 90.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

7.- O 18 de xullo de 2005 os servizos técnicos e xurídicos municipais da oficina de Planeamento emitiron informe en relación co expediente no que propuxeron a denegación da aprobación definitiva do Plan parcial, á vista da incompatibilidade do Plan Parcial de Gandariña aprobado inicialmente o 20 de setembro de 2004 coa aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal do 30.12.2004.

8.- O 19 de maio de 2006, o Pleno do Concello aprobou provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal cunha documentación que, no que se refire ao Plan Parcial de Gandariña, se remite ao Plan Parcial en tramitación e elimina as incompatibilidades antes apreciadas.

9.- O 1 de agosto de 2006 por parte dos promotores do Plan PARCIAL "APARIPER S.L." e outros presentouse unha nova documentación corrixida e refundida do Plan Parcial, tendo en conta a contestación de alegacións, os informes dos servizos municipais e a aprobación provisional do PXOM. Esta documentación foi remitida o 03.08.2006 á Consellería de Medio Ambiente (Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible) para informe relacionado coa lexislación sectorial de medio ambiente. Unicamente se recibe contestación por parte da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental na que se conclúe non é necesario someter ao trámite de avaliación de impacto ambiental.

10.- Por acordo do 11.09.06 a Xunta de Goberno Local adoptou a seguinte resolución: "(...)Segundo.- Aprobar provisionalmente o <Plan Parcial Gandariña 2> <expediente 7733/411>, solicitada por <Apariper S.L.> e outros, segundo a documentación técnica denominada <Refundido PGOU 2003-PGOM 2006>, redactada polos arquitectos don Alberto Cameselle Lago, Alberto de Cominges Molins e Pedro de la Puente Crespo, con visado do COAG do 25 de xullo de 2006, que inclúe o Estudo Ambiental redactado polo Enxeñeiro Técnico industrial D. José Manuel Fuentes López, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais do 17/10/2006 e 3/08/2006 (...) Terceiro.- Someter o expediente completo debidamente dilixenciado a informe preceptivo do Director xeral de urbanismo ó abeiro da disposición transitoria primeira d da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (...)".

En data 08.01.07 se recibe informe do Director xeral de urbanismo no que se conclúe o seguinte: "(...) Logo de analizar a documentación remitida polo Concello de Vigo, e á vista do informe técnico elaborado polo Servizo Provincial de Urbanismo e Inspección Territorial, fanse as seguintes consideracións: 1.- A ordenación do plan parcial se adapta ao establecido no PXOU do 93 en vigor e ao establecido no novo PXOM que se atopa en tramitación. 2.- Respecto das cuestións ás que, consonte co artigo 86.1.d da Lei 9/02 se debe referir este informe, e polo tanto sen entrar en consideracións propias do ámbito de decisión municipal, non se aprecia ningunha circunstancia que impida a aprobación definitiva do plan parcial. 3.- Non obstante o antedito, cómpre advertir que se detectou unha errata ou discrepancia, entre a documentación escrita e a gráfica, sobre a superficie a computar da parcela na que se sitúa a edificación industrial existente e os cálculos sobre ela establecidos (...) En consecuencia infórmase favorablemente o plan parcial A Gandariña 2 no Concello de Vigo, nos termos anteriormente expresados, para os efectos previstos no artigo 86.1.d), en relación co punto 1.d da disposición transitoria 1ª, da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (...)".

Consta no expediente informe do Xefe da oficina de planeamento e xestión de data 08.01.07: "(...) En relación coa errata advertida pola Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de POLÍTICA Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, no punto 3 do seu informe de data 18 de decembro de 2006, relativo ao expediente de referencia, cómpre informar: A errata consiste en que, mentres que na Memoria Xustificativa do Plan Parcial, no cadro da páxina 21, figura a parcela resultante P-5 cunha superficie de 9.550, no cadro que figura no plano P.03 de PARCELACIÓN ORIENTATIVA, figura esa mesma parcela cunha superficie de 9.150 m2. O erro material pode facilmente comprobarse, toda vez que ao resultado da suma de superficies do cadro que figura no plano P.03, cun total de 57.715 m2 igual que figura na Memoria, lle faltarían precisamente os 400 m2 de diferenza entre os 9.550 m2, reais, e os 9.150

m2 que por erro de rotulación aparecen no Plano. A subsanación esixe, xa que logo, unicamente o cambio da superficie da parcela P-5 que figuraba no cadro do plano P.03 visado o 27 de xullo de 2006, poñendo 9.550 m2. En canto aos cálculos sobre ela establecidos non procede ningunha rectificación, xa que o aproveitamento materializado (6.900,68 ua) é correcto, e o susceptible de materializar (9.121,82 ua) deriva da parcela inicial nº 45 de 11.150 m2 de superficie de solo. Unha vez subsanada esta cuestión, mediante achega por parte dos técnicos redactores do Plan, do plano P.03 corrixido, con visado do 9 de xaneiro de 2007, que debe substituír ao anterior dilixenciado coa aprobación provisional, non hai inconveniente en que se formule a proposta de aprobación definitiva (...)"

Por medio de comparecencia do 09.01.07, don Pedro de la Puente Crespo fai entrega de tres copias de plano P03, visadas o 9 de xaneiro de 2007.

INFORMACIÓN PÚBLICA DO EXPEDIENTE.

1.- O trámite de audiencia e información pública foi realizado entre os días 21.10.2004 ó 23.11.2004. Recibíndose un total de catro alegacións, segundo certificación da Secretaría de data 02.12.2004.

2.- O informe de contestación ás alegacións presentado polos promotores do Plan Parcial o 23.12.2004 propón o seguinte:

- *Alegación nº 1 ("R Cable e Telecomunicacións de Galicia, SA"):* Non considerala como alegación ó Plan Parcial, por se tratar dun tema a tratar no Proxecto de Urbanización.

- *Alegación nº 2 (D. Perfecto Vázquez Domínguez e D. José Teijeiro Varela):* a) Aclaración de que o carril de desaceleración se empraza en zona de dominio público da estrada e non por terreos propiedade dos alegantes. b) En canto á conexión do colector considérase un tema do Proxecto de Urbanización.

- *Alegación nº 3 (D.Javier Carrera Álvarez, en nome da CP Avenida de Madrid 15) .:* a) Enténdese materia non de planeamento senón de execución , a resolver no Proxecto de Compensación. Propón a corrección da edificabilidade da parcela nº 8 , que figura na páxina 16 da Memoria do Plan Parcial. b) Sobre a non necesidade de redactar un Estudo de Detalle para ampliación da nave existente entenden que sería asumible polo Plan Parcial sempre que se cumpra a ordenanza de aplicación. En relación cos usos e a posibilidade de creación dunha ordenanza específica industrial con comercial vinculado sen limitación de porcentaxe de comercial, remítense á ficha de características do Plan Xeral e ó uso característico industrial.c) Sobre a consideración das obras de urbanización adiantadas , entenden que é un tema que podería resolverse no Proxecto de compensación .

- *Alegación nº 4 (ampliación da nº3 dos mesmos alegantes):*Xustifica o axuste da delimitación do polígono no deslinde da parcela que foi obxecto da licenza, na ficha catastral e no deslinde do Ministerio de Fomento.

3- O anterior informe sobre as alegacións engádese o seguinte dos servizos técnicos e xurídicos municipais que é transcripción do xa informado o 18.07.2005:

ALEGACIÓN Nº 1

Nº DE DOCUMENTO:40112338

ALEGANTE: "R CABLE DE TELECOMUNICACIONES DE GALICIA, S.A."

OBXECTO: Interesados na instalación da rede de telecomunicacións, solicita a non discriminación con outros operadores, en base á normativa básica sectorial.

INFORME: O esquema de redes de infraestruturas que figura no Plan Parcial, e, de acordo cos artigos 64 e),j) e l), da LOUGA e o artigo 53 a 55 do Regulamento de Planeamento (RP), o trazado das redes de servizos o plan de etapas e o seu custo aproximado sen presupoñer o operador, Efectivamente, como indica o informe dos promotores do Plan Parcial, será no Proxecto de Urbanización e na adxudicación do mesmo cando se precisará tal extremo.

PROPOSTA: Tomar coñecemento .

ALEGACIÓN Nº2

Nº DE DOCUMENTO:40118400

ALEGANTES: PERFECTO VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ E D. JOSÉ TEIJEIRO VARELA

OBXECTO: Solicitan 1º que se modifique o carril de desaceleración para emprazalo fóra do Solo Urbanizable S-23-R do novo PXOM, 2º Se revise o sistema de saneamento previsto, de xeito que permita a prestación do servizo ó sector lindeiro.

INFORME:

1º. O carril de desaceleración suxeríuse e informouse favorablemente pola Demarcación de estradas do Estado en Galicia, do Ministerio de Fomento, no seu informe do 18 de marzo de 2004, que deixa claro (páx. 413 do documento) que dito carril está en zona de dominio público e, xa que logo, non afecta ós terreos dos alegantes. Non obstante, en canto á urbanización de dito carril de desaceleración, ó igual que o resto de conexións exteriores ó sector debería avaliarse economicamente no Plan Parcial e deixar claro que deberán incluírse no Proxecto de urbanización do Plan Parcial, en base ó artigo 22.c) da LOUGA.

2º. En canto ó saneamento previsto, que atendendo ó informe da concesionaria debe conectarse coa Rúa Paz Pardo, dimensionarase no Proxecto de Urbanización e será entón cando se contemple a posibilidade de conexión doutros propietarios. Non obstante, en canto á execución de dito colector, ó igual que o resto de conexións exteriores ó sector debería avaliarse economicamente no Plan parcial e quedar claro que deberán incluírse no Proxecto de urbanización do Plan Parcial, en base ó artigo 22.c) da LOUGA.

Por outra banda informar que a referencia que fan ós alegantes ó sector S-23-R PARROCHA, refírese a unha proposta incluída no novo PXOM con aprobación unicamente inicial, pero que inflúe no expediente como se citará no apartado 4. Deste Informe.

PROPOSTA.- Desestimar a alegación, pero corrixindo a documentación no senso do informe.

ALEGACIÓN Nº3

Nº DE DOCUMENTO:40118692

ALEGANTES: JAVIER CARRERA ÁLVAREZ EN REPRESENTACIÓN DA CP AVDA. DE MADRID 150

OBXECTO:Non se opón ó proceso de urbanización do ámbito, pero 1º Alegan indefensión por indeterminación da ordenación detallada do Plan Parcial e asignación de edificabilidades. 2ª. Solicita aclaración sobre se se necesitaría un Estudo de Detalle na

parcela P-7 e propón unha ordenanza sobre dita parcela que non limite o uso comercial fronte ó industrial e que non estableza a reserva de aparcadoiros de 1 por cada 80 m²c. 3ª. Pide que se teñan en conta no Estudo económico e Financeiro as obras de urbanización, xa previamente realizadas polos alegantes e que sexan útiles para a execución do novo plan. Solicitan a corrección do expediente e unha nova exposición pública previamente á aprobación definitiva.

INFORME: Trátase dunha nave existente, para venta e reparación de vehículos, construída ó abeiro da licenza nº 8561/421, do 20 de setembro de 1991 tendo en conta o PXOU de 1990 (suspendido por Orde do Conselleiro de OTOP por orde do 19/09/91), plan que considerou dito terreo como Solo Urbano coa ordenanza 2.2.D/E para Industria Xardín tamaño medio ou grande, para uso predominante industrial.

1º. En canto á indeterminación que manifestan na ordenación detallada cómpre indicar que o Plan Parcial non ten como obxectivo nin a parcelación, nin a asignación de aproveitamentos e será na fase de execución do planeamento cando se precisen tales cuestións. Por esa razón o Plan parcial precisa que tanto a parcelación que figura, como a asignación de aproveitamentos (artigos B.9, C.1.5 e plano P-03) é orientadora e non vinculante, e será o Proxecto de Compensación a que o realice. A ordenación posible queda suficientemente detallada coa aplicación da Ordenanza do Plan Parcial, que figura no artigo C.2., sempre que se limite o total de edificabilidade ó máximo edificable segundo o Plan Xeral (230.565,12 m³ de uso industrial). Nese senso débese sinalar que a capacidade dos sólidos posibles excede en demasía á edificabilidade posible e debería corrixirse. Pero é certo o indicado na alegación que a edificabilidade dotacional (non lucrativa) non debería restarse da edificabilidade total industrial como se fai no cadro de aproveitamentos.

2º. Na documentación queda claro que non sería obrigatorio nin necesario ningún Estudo de Detalle para a edificación en ningunha parcela (artigo c.2. páxina 23). En canto a non limitar o uso comercial na parcela P-8 sería contrario ó Plan Xeral, que esixe que o uso característico (é dicir maioritario no sector) sexa o industrial. De feito, a Ordenanza coa que se construíu a nave existente era igualmente a 2.2. do PXOU de 1990, para uso industrial, e a licenza era para unha nave de reparación e venta de vehículos, non tendo un uso comercial maioritario. A reserva de prazas de aparcamento é unha obriga do artigo 47.2.b. da LOUGA, que deberá respectarse. En todo caso este non serían temas do Proxecto de Urbanización, como manifesta o informe dos promotores do Plan parcial e polo tanto, debería reconsiderarse. Igualmente a redacción do Plan Parcial non deixa claro na páxina 25 da normativa a imposibilidade de construír un edificio exclusivo de uso comercial

3º. As obras de urbanización xa executadas e que puideran ter encaixe na nova ordenación, en efecto, de acordo co artigo 116.1 da LOUGA, deberán ser valoradas e aboadas ós titulares dos terreos que as realizaran, pero evidentemente será un tema de execución a contemplar no Proxecto de Compensación. Sen embargo, tamén é certo que o Plan Parcial non contempla nada ó respecto, nin sequera a título informativo, como manifesta o alegante no Estudo Económico Financeiro, e sería conveniente.

Ademais, indirectamente, a alegación pon en cuestión a situación xa urbanizada e edificada que ten esa parcela por un planeamento anterior, e que levaría poder reconsiderar a propia clasificación de solo. De feito a aprobación inicial do novo Plan Xeral de Ordenación clasificou o terreo da parcela P-8 deste Plan parcial como Solo

Urbano Consolidado e non como Solo Urbanizable, coas consecuencias que se informan no seguinte apartado 3.1. deste Informe.

A petición que fai o alegante dunha nova exposición ó público unicamente podería atenderse se se propuxese, trala anterior exposición pública, unha ordenación substancialmente diferente que a aprobada inicialmente, o que non é o caso, polo que debe entenderse como rematada a fase de exposición pública deste expediente.

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación, no senso de reconsiderar a ordenación no senso de axustar as ordenanzas e os sólidos capaces á edificabilidade máxima posible, a reserva de aparcamentos, a regulación do uso industrial (non comercial exclusivo), así como a corrección da edificabilidade preexistente e xa patrimonializada na parcela P-8.

ALEGACIÓN Nº 4

Nº DE DOCUMENTO:40119354

ALEGANTES: JAVIER CARRERA ÁLVAREZ EN REPRESENTACIÓN DE C.P. AVDA. DE MADRID 150

OBXECTO: Trátase dunha ampliación da anterior alegación na que se solicita a modificación do ámbito do sector mantendo o que figuraba no Plan Xeral, para incluír a totalidade da parcela inicial, incluso os anteriormente urbanizados e cedidos con motivo da obra da nave.

INFORME: A delimitación do sector axustouse, xustificadamente, pola parcela completa actual, segundo información catastral, xa que os terreos cedidos forman parte do viario público e da estrada nacional e son de dominio público. De entrar no polígono os terreos de dominio público obtidos por cesión, non xerarían aproveitamento (art. 131.2 LOUGA). O propietario xa patrimonializou e edificou os dereitos derivados de dita parcela que cedeu, con motivo da licenza.

PROPOSTA: Desestimar.

INCIDENCIA DA TRAMITACIÓN DO NOVO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.

1.- APROBACIÓN INICIAL DO PXOM:

A revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo foi aprobado inicialmente no Pleno do 30 de decembro de 2005, acordándose *a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso en que as novas determinacións deste supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente.*

En relación co sector do Plan Parcial de Gandariña 2, no Plan Xeral aprobado inicialmente pasou a chamarse S-18 T/I, pero modificou o seu ámbito, clasificándose parte do mesmo como solo urbano consolidado coa ordenanza 12 4ª. Ademais a ficha do S-18 T/I da aprobación inicial, aínda que facía referencia ó plan parcial en tramitación presentaba, presentaba diferencias substanciais de superficie, edificabilidade, usos e delimitacións, tal como informaron os servizos técnicos municipais o 18 de xullo de 2005, o que impediu a continuación na tramitación do expediente do Plan Parcial.

APROBACIÓN PROVISIONAL DO PXOM.

O 19 de maio de 2006 o Pleno do Concello de Vigo aprobou provisionalmente o documento da revisión do PXOM, no que se refire ao sector do Plan Parcial de Gandariña 2 elimináronse as incompatibilidades que presentaba a delimitación e a ficha aprobada inicialmente. A nova ficha aprobada provisionalmente o 19/05/2006, que se xunta como anexo a este informe, presenta as seguintes características:

a) **ÁMBITO:** Non é exactamente igual, pero presenta diferencias non substanciais que non afectan ao aproveitamento:

- Chafrán en parte sur, xunto á estrada de Madrid
- Vial sur no límite sur da parcela 45 , que agora se inclúe
- Límite con Hospital do Meixoeiro.
- Superficie do ámbito: 57.715 m2 na ficha, fronte a 57.641, 28 m2 do Plan Parcial.

b) **CLASIFICACIÓN DE SOLO:** Agora é compatible: todo o ámbito permanece en solo urbanizable delimitado Sector S-18 I/T

c) **ORDENACIÓN:** Agora se remite a ficha aos criterios de ordenación do Plan parcial en tramitación.

- **USO CARACTERÍSTICO:** INDUSTRIAL (>50%), **COMPATIBLE:** TERCIARIO XERAL (<50 %), tanto en ficha do PXOM como no PLAN PARCIAL

d) **EDIFICABILIDADE E APROVEITAMENTO:** Non é exactamente igual:

- No Plan Parcial utilizábanse 230.565,12 m3 de volume, equivalentes a 57.641,23 m2 se se supón unha altura de 4 metros, ou 76.855,04 m2 cunha altura de 3 como especificaba o PXOU 93.

- A ficha da aprobación provisional do PXOM limita a edificabilidade a 46.172 m2c, polo tanto mais reducida que a do Plan parcial aprobado inicialmente.

- O aproveitamento tipo na aprobación provisional do PXOM fíxase en 0,909 m2c/m2s , tendo en conta os coeficientes de ponderación de 1 e 1,301 establecidos para os usos tolerados.

e) **Reservas para zonas verdes e equipamentos.**

- Agora son compatibles (corrixíuse a aprobación inicial do PXOM)
- Reservas de zonas verdes: PXOM 5.772 m2, PP: 6.300 m2
- Reservas de equipamentos: PXOM 1.154 m2, PP: 1.240 m2
- Reservas de aparcamentos: PXOM: 192, PP: 195

INCIDENCIA DA APROBACIÓN DA LEI 15/2004 DE MODIFICACIÓN DA LEI 9/2002, DO 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA.

O 31.12.2004 publicouse no DOG a Lei 15/2.004 de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, lei que entrou en vigor ós vinte días da publicación, é dicir o 20.01.2005.

En aplicación da Disposición transitoria primeira d), e dado que o plan xeral vixente non está adaptado á Lei 1/97 e o Plan Parcial non está aprobado definitivamente, deberáselle aplicar a este solo o disposto na Lei para o solo urbanizable non delimitado.

No solo urbanizable non delimitado de uso industrial o límite de sostibilidade do artigo 46.5 é o seguinte: “(...)5. En solo urbano non consolidado e solo urbanizable de uso industrial non se permitirá unha ocupación do terreo polas construcións superior ás dúas terceiras partes da superficie do ámbito (...)”. Neste caso, a ocupación fixada nas ordenanzas do plan parcial supón unha ocupación inferior ás dúas terceiras partes establecidas na lei.

En canto ás reservas mínimas para equipamentos, o artigo 47, referido a plans parciais de uso industrial especifica:“(...) 2. Con independencia dos sistemas xerais, o plan que conteña a ordenación detallada establecerá no solo urbano non consolidado e no solo urbanizable as reservas mínimas de solo para as seguintes dotacións urbanísticas: a) Sistema de espazos libres públicos destinados a parques, xardíns, áreas de ocio, expansión e recreo da poboación (...) En ámbitos de uso terciario ou industrial: o 10% da superficie total do ámbito (...) Sistema de equipamentos públicos destinados á prestación de servizos sanitarios, asistenciais, educativos, culturais, deportivos e outros que sexan necesarios (...). En ámbitos de uso terciario ou industrial: o 2% da superficie do ámbito (...) Prazas de aparcadoiros de vehículos (...) En ámbitos de uso terciario: 2 prazas de aparcadoiro por cada 100 metros cadrados edificables, das que, como mínimo, a quinta parte debe ser de dominio público. (...) En ámbitos de uso industrial: 1 praza de aparcadoiro por cada 100 metros cadrados edificables das que como mínimo a cuarta parte será de dominio público (...)”. Estas reservas cúmprense no Plan Parcial en tramitación.

O Departamento Municipal de Medio Ambiente o 16 de febreiro de 2005 informou sobre a innecesariedade de cualificación de impacto ambiental por parte do órgano ambiental da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Calidade Ambiental). O Plan Parcial en tramitación foi remitido para informe á Consellería competente en Medio Ambiente, tanto á Dirección xeral de calidade ambiental como a de desenvolvemento sostible. Unicamente se recibiu informe da Dirección xeral de calidade ambiental na que se conclúe que non se precisa da declaración de impacto ambiental. Dada a entrada en vigor da Lei 9/06, do 28 de abril, de avaliación de efectos de determinados plans e programas no Medio Ambiente e tendo en conta a falla de contestación da Dirección xeral de desenvolvemento sostible, dedúcese que a propia Consellería de Medio Ambiente conclúe que non ten efectos significativos para o medio ambiente ó abeiro do disposto no artigo 4º da Lei 9/06.

Por outra parte a disposición transitoria 1ª establece o seguinte: “(...) No resto dos municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 1/1997, do solo de Galicia, nin a esta lei, aplicarase integramente a Lei 9/2002, coa particularidade de que aos sectores contiguos sen solución de continuidade co solo urbano se lles aplicarán os límites establecidos polo artigo 46.3, e aos demais sectores aplicaráselles os límites establecidos polo artigo 46.4, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas polo planeamento vixente. Asemade, nestes municipios, para a aprobación definitiva de plans parciais e das súas modificacións, cumprirá obter o informe favorable do director xeral competente en materia de urbanismo, nos termos establecidos polo artigo 86.1.d (...)”. Ao respecto hai que informar que o artigo 46.4 refírese unicamente a solos urbanizables de uso residencial, hoteleiro e terciario, polo que non e de aplicación neste

caso, senón o artigo 46.5, que se cumpre. En canto a necesidade do informe do Director xeral de urbanismo o mesmo se cingue ó contido do artigo 86.1.d da Lei 9/02, en concreto, o control da legalidade, a tutela dos intereses municipais e o cumprimento das directrices de ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais. Pese ó contido da norma, a Consellería de política territorial, obras públicas e transportes entende que a remisión ó artigo 86.1.d implica someter a tramitación de plans como o que se está a tramitar como se fora un non previsto no planeamento. Pese a que como quedou posto de manifesto en diversos informes, enténdese que non é acertada tal interpretación, someteuse o presente expediente á consideración da Xunta de goberno local para os efectos da remisión do expediente do órgano autonómico para o informe que corresponda.

DESCRIPCIÓN DA DOCUMENTACIÓN REFUNDIDA PRESENTADA.

A documentación refundida presentada o día 1 de agosto de 2006 está redactada polos arquitectos don ALBERTO CAMESELLE LAGO, ALBERTO DE COMINGES MOLINS e PEDRO DE LA PUENTE CRESPO, con visado do COAG do 25 de xullo de 2006 e inclúe o Estudo Ambiental redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial don José Manuel Fuentes López, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais do 17.10.200 e 3.08.2006.

Nela efectuáronse modificacións non substanciais con respecto á ordenación do Plan Parcial aprobada inicialmente, tanto para incorporar a proposta de estimación de alegacións do período de información pública, corrixindo as cuestións subliñadas nos informes técnicos municipais así como para coordinar o cumprimento conxunto do Plan Xeral de 1993 e da aprobación provisional do 19.05.2006.

A superficie do sector corrixíuse a 57.715 m², coincidente coa ficha da aprobación provisional do PXOM, fronte aos 57.641,28 m² que figuraban na aprobación inicial do Plan Parcial. A delimitación do sector tamén axustouse segundo o PXOM e coincidente coa delimitación da parcela do Hospital do Meixoeiro e a previsible permuta de propiedade, segundo os servizos municipais de topografía.

Así mesmo, trala matización do informe do Director Xeral de Urbanismo, achégase ó expediente rectificación do erro detectado por parte da Administración autonómica. Consta no expediente informe do Xefe da oficina de Xestión e Planeamento de data 08.01.07.

A edificabilidade total do Plan Parcial redúcese dos 230.565,12 m³ (equivalentes hipoteticamente a 76.855 m^{2c}) posibles na aprobación inicial a 46.172 m^{2c}. O uso segue sendo característico o industria e terciario compatible.

O documento xustifica o cumprimento do aproveitamento tipo que figura na aprobación provisional do PXOM, de 0,909 m^{2c}/m^{2s}, tendo en conta os coeficientes de ponderación de 1 e 1,301 establecidos para os usos tolerados .

A zonificación por usos do Plan Parcial é a seguinte:

ORDENANZA	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE INDUSTRIAL (Sci)	EDIFICABILIDADE TERCIARIA (Sct)	TOTAL EDIFICABILIDADE (Sc = Sci + Sct)	APROVEITAMENTO (A = Sci x 1 + Sct x 1,301)
G.1 Zona verde	6.300 m ² s	0	0		
G.2. Industrial	19.560 m ² s	25.272 m ² ci	3.900 m ² ct	29.172 m ² c	30.345,90 u.a.
G.3. Equipamento	1.240 m ² s	0	0		
G.4. Terciario	14.400 m ² s	0	17.000 m ² ct	17.000 m ² c	22.117 u.a.
G.5. Viáis	16.215 m ² s	0	0		
TOTAIS	57.715 m ² s	25.272 m ² ci	20.900 m ² ct	46.172 m ² c	52.462, 9 u.a.

Coa nova definición de ordenanzas particulares, rasantes, edificabilidade e ocupacións axústanse máis a capacidade dos sólidos á edificabilidade posible, solucionándose mellor as observacións que se formularon na contestación de alegacións.

As zonas verdes son 6.300 m², superior aos 5.772 m² mínimos da Ficha da aprobación provisional do PXOM e ao 10% mínimo esixible no PXOU do 93.

A superficie de equipamentos mantense como a aprobación inicial en 1.240 m² superior aos 1.154 m² esixibles a ficha do PXOM.

Nas reservas de aparcadoiros en zonas de ordenanza G.2. e G.4 establécese unha reserva mínima de aparcadoiros privados dunha praza por cada 62,50 m²c, co que se dá cumprimento ao estándar do artigo 47.2. da LOUGA, xa que o Plan parcial establece 190 prazas de dominio público que sumadas ás 738 que resultan por ordenanza, fan un total de 928 prazas de aparcadoiro, dezaseis delas para minusválidos.

O estándar legal é de 2 prazas por cada 100 m² construíbles de uso terciario, dos que a quinta parte debe ser públicas e 1 praza por cada 100 m² construíbles en uso industrial, das que a cuarta parte serán públicas, facendo un total mínimo de 867 prazas, cun mínimo de 153 públicas.

TRAMITACIÓN

1.- O primeiro proxecto do Plan Parcial Gandariña 2 foi presentado pola iniciativa privada o 13 de xuño de 2.002.

2.- Tras sucesivas notificacións, correccións e informes sectoriais, o Plan Parcial acadou a aprobación inicial a 20 de setembro de 2004.

3.- O trámite de información pública iniciouse coa exposición pública do expediente entre os días 21.10.2004 ó 23.11.2004, a recepción de catro alegacións, a remisión ós promotores do Plan parcial para informe, que emitíuse o 28.01.2005.

4.- Consta no expediente informe da Dirección xeral de calidade ambiental no que se conclúe o seguinte: "(...) *non é necesario someter ao trámite de avaliación de impacto ambiental (...)*". A Dirección xeral de sostibilidade ambiental non emitiu informe, polo que tendo en conta o disposto no artigo 861.d da Lei 9/02, unha vez transcorrido o prazo dun mes (8 de setembro) poderá continuarse o procedemento de aprobación do plan. Da ausencia de resposta por parte do órgano autonómico, implica que o plan que se someteu a informe non ten efectos significativos para o medio ambiente ó abeiro do disposto no artigo 4º da Lei 9/06.

5.- Por outra parte ao mesmo tempo se está a tramitar un expediente de permuta de parcela municipal para os efectos de regularizar a situación patrimonial do Concello con respecto á parcela pendente de formalizar co SERGAS a súa cesión (expte. 4671/401). En todo caso a permuta deberá ser concluída con anterioridade da presentación do proxecto de compensación.

6.- Comprobada a compatibilidade entre as determinacións de ordenación do Plan Parcial aprobado inicialmente e o documento aprobado provisionalmente o 19.05.2006 do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, se conclúe que non existe inconveniente na continuación da tramitación do expediente. Se ben entre a aprobación inicial do plan parcial e a do Plan Xeral de Ordenación Municipal existía unha incompatibilidade das súas determinacións, nesta fase procedemental de tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal desaparecen tales discordancias. A continuación da tramitación do expediente de aprobación do novo PXOM está actualmente pendente da aprobación por parte da CPTOPT. O órgano autonómico podería establecer certas previsións ou modificacións nas determinacións do PXOM para o ámbito do plan parcial. Polo tanto debe terse en conta que sempre existe un certo risco de que a aprobación da CPTOPT modifique en algúns dos aspectos e impidan executar integramente as determinacións do plan parcial a aprobar. Os promotores do plan de iniciativa particular manifestaron a súa intención de continuar coa tramitación do expediente. Polo tanto, os promotores do plan de iniciativa particular deben coñecer que non poderán esixir ningunha reclamación de responsabilidade patrimonial contra o Concello polo feito de que o contido do PXOM en tramitación impida a execución exacta das determinacións do plan parcial que se está a tramitar.

7.- O 14.02.2005, os promotores do Plan Parcial de Gandariña 2 comunican ó Concello de Vigo que entenden producida a aprobación definitiva do Plan Parcial por silencio administrativo, en aplicación do artigo 90.2 da LOUGA. Non se pode apreciar un suposto de aprobación definitiva por silencio administrativo, dado que non constaban no expediente os informes preceptivos e vinculantes previstos na normativa urbanística vixente. En concreto, fallaba o informe do Director xeral de urbanismo ó abeiro da disposición transitoria primeira, letra d. da Lei 9/02, o informe ambiental previsto no artigo 86.1.b da propia Lei 9/02 ou o propio informe ambiental de cualificación ex artigo 1.3 do real decreto legislativo 1302/86, do 28 de xuño. Así mesmo dada a incompatibilidade que existía co documento de plan xeral aprobado inicialmente, non procedía entender aprobado por silencio administrativo o plan parcial.

8. Corresponde a aprobación definitiva ó Pleno. De acordo co previsto no artigo 92 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanístico e protección do medio rural, a aprobación definitiva debe ser comunicada á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e darlle traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do

instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que integren o plan. No anuncio de aprobación definitiva, se deberá mencionar expresamente que se remitiu a documentación precisada á CPTOPT. De acordo co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, deberá publicarse o acordo de aprobación definitiva no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra. Así mesmo, deberá ser obxecto de publicación todo o articulado das normas do plan parcial. A entrada en vigor quedará condicionada á publicación aludida con anterioridade e ó transcurso do prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril.”

Polo anteriormente exposto, os técnicos informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 18 de xaneiro de 2007, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(Está ausente a Sra. Bermúdez Pérez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezaseis votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Toba Girón, Viéitez Alonso e a Presidencia, e oito abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Ruiz Cenicerós e Sío Lourido, e dous votos en contra dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Dar resposta ás alegacións presentadas no período de información pública do expediente do Plan parcial GANDARIÑA, do seguinte xeito:

- Desestimar as alegacións nº 2 (nº de documento 40118400) presentada por D.PERFECTO VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ e D. JOSÉ TEIJEIRO VARELA e nº 4 (nº de documento 40119354) presentada por D. JAVIER CARRERA ÁLVAREZ EN REPRESENTACIÓN DA CP AVDA. DE MADRID 150, polas razóns expostas nos informes do equipo redactor e dos servizos técnicos municipais transcritas nos antecedentes deste acordo.
- Estimar parcialmente a alegación nº 3,(nº de documento 40118692), presentada por JAVIER CARRERA ÁLVAREZ EN REPRESENTACIÓN DA CP AVDA. DE MADRID 150, no senso exposto no informe dos servizos técnicos municipais e tal como se recolle na documentación refundida presentada o 03.08.2006.
- Tomar coñecemento, cara ao Proxecto de Urbanización, da alegación nº 1 (nº de documento 40112338) presentada por “R CABLE TELECOMUNICACIONES DE GALICIA, S.A.”.

Segundo.- Aprobar definitivamente o "PLAN PARCIAL GANDARIÑA 2" (expediente 7733/411), solicitada por "APARIPER S.L." e outros, segundo a documentación técnica denominada "REFUNDIDO PGOU 2003-PGOM 2006", redactada polos arquitectos don ALBERTO CAMESELLE LAGO, ALBERTO DE COMINGES MOLINS e PEDRO DE LA PUENTE CRESPO, con visado do COAG do 25 de xullo de 2006, que inclúe o estudo ambiental redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. José Manuel Fuentes López, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais do 17.10.200 e 03.08.2006.

Terceiro.- Dar cumprimento ó previsto no punto 5.8 do informe-proposta. Así mesmo, notificar de forma individual o presente acordo ós interesados que consten no expediente, informando que contra o mesmo non cabe recurso en vía administrativa, pero si xurisdiccional perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses.

3.-(5).- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O EXERCIZO 2007.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de decembro de 2006, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, Sr. Guerra Fernández, formula ó Pleno da Corporación a seguinte proposta:

Visto o contido do expediente que conforma o orzamento xeral que está integrado polo da propia entidade e os OOA administrativos, e visto así mesmo o informe do Sr. interventor xeral, en uso das competencias que me foron delegadas, propónse ó Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da comisión informativa da Área de Xestión Municipal, a adopción do seguinte acordo:

a) Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2007, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do OA Instituto Municipal do Deportes.
- Orzamento do OA Escola Municipal de Artes e Oficios.
- Orzamento do OA Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Orzamento do OA Parque das Ciencias Vigo-Zoo

b) Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e ós seus Organismos Autónomos, coa salvidade das bases específicas que se aproben para a Xerencia Municipal de Urbanismo.

- c) Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- d) Aprobar o cadro de persoal da Entidade Local e dos seus Organismos Autónomos Administrativos relacionados no parágrafo a) así como as súas instrucións e demais documentación complementaria.
- e) Someter o expediente ós requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo, do 5 de marzo.

De non se ter presentado alegación ou reclamación ningunha, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL.

O Orzamento definitivo aprobarase con efectos do 1 de xaneiro do ano 2007 e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas ou por desenvolvementos da Lei 18/2001, do 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, ou por calquera outra norma legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ó interese xeral.

O Pleno da Corporación pronunciarase, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Informativa da Área de Xestión Municipal, a proposta da Concellería Delegada de Facenda previo informe da Intervención Xeral.”

Con data 18 de xaneiro de 2007, o secretario xeral do Pleno informa o que segue:

“Mediante escrito de data 12 de xaneiro de 2007 o Primeiro Tenente de Alcalde solicita desta Secretaría Xeral do Pleno informe xurídico relativo á viabilidade da aplicación do 1 por 100 da masa salarial para incremento dos complementos específicos dos distintos postos de traballo (artigo 21.4 Lei 42/2006).

De conformidade co artigo 122.5.e) da Lei 7/1985 ó Secretario Xeral do Pleno correspóndelle o asesoramento legal a ese órgano. Aínda que a petición de informe efectuada non da lugar á emisión dun informe preceptivo ó non ser ordenado pola Presidencia da Corporación nin polo Concelleiro Delegado de Economía e Facenda --que podía entenderse que en materia orzamentaria actúa por delegación da Alcaldía- o feito de que o asunto a informar estea relacionado cunha materia de competencia plenaria é causa suficiente para emitir este,

INFORME:

O artigo 21 da Lei 42/2006 refírese ás “Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica en materia de gasto de persoal ó servizo do sector público”, no seu apartado Uno c) indica que as Corporacións Locais e organismos deles dependentes constitúen sector público isto implica que a previsión recollida no apartado catro do

mesmo precepto referido ó incremento do 1 por 100 da masa salarial dos funcionarios e do resto do persoal do sector público destinado ó aumento do complemento específico de cada posto de traballo é de aplicación plena ó Concello de Vigo.

O feito de que o incremento mencionado intente lograr progresivamente, neste e sucesivos exercicios -presumiblemente tres- unha acomodación de tales complementos que permita a súa percepción en catorce pagas anuais e o feito de que o persoal ó servizo do Concello de Vigo veña percibindo dende hai tempo tal concepto retributivo nas catorce pagas que agora pretende o lexislador non é razón suficiente para entender a non aplicabilidade do precepto nesta administración municipal.

En efecto, o feito de que por mera conveniencia a distribución da contía bruta anual do complemento específico de cada posto de traballo existente na RPT se atope irregularmente dividida en catorce pagas idénticas non debe impedir que o persoal ó servizo deste Concello, por mor de dita irregularidade, resulte prexudicado e teña peor condición da que poden ter aqueles outros funcionarios de calquera outra Administración Pública que perciben tal contía bruta anual dun xeito regular, é dicir, en doce pagas. A interpretación contraria suporía perda de poder adquisitivo e un trato desigual e inxustificado na aplicación da Lei. En definitiva, débese distinguir entre os criterios de distribución da cantidade dun complemento retributivo e os incrementos que por decisión legal corresponden á contía dese complemento.

O artigo 27.Un.D) segundo parágrafo da mesma Lei 42/2006, de aplicación ós funcionarios da Administración do Estado, sinala que o incremento do artigo 21. Cuarto e adicional o incremento xeral do 2 por 100 (o resultante da operación anterior), isto quere dicir que o aumento do 1 por 100 debe calcularse non sobre a masa salarial percibida no ano 2006, senón sobre esta incrementada nun 2 por 100. Entendemos que esta aplicación analóxica é obrigada nas CCLL dada a identidade de razón do suposto. Entendemos que tamén pode ser de aplicación analóxica a táboa de incrementos contemplada no artigo 27.Uno.D).

CONCLUSIÓN

O artigo 21.Catro da Lei 42/2006 é de plena aplicación nas Corporacións Locais e os organismos dependentes dela. O feito de que o persoal ó servizo do Concello de Vigo veña percibindo a contía total do complemento específico asignado o seu posto de traballo en catorce pagas non impide, polas razóns expostas, que tal contía experimente o aumento adicional previsto no precepto citado. Os incrementos nos distintos complementos específicos poden realizarse tendo en conta os incrementos lineais da táboa progresiva que para distintos tramos de complemento específico sinala o artigo 27.Un.D) ou ben, calculando o 1 por 100 do total das retribucións brutas percibidas no 2007 por cada persoa ó servizo do Concello de Vigo e engadindo a cantidade resultante ó complemento específico de cada posto. O orzamento municipal deberá contemplar o maior gasto que implica o incremento obxecto deste informe.”

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 18 de xaneiro, aprobou o proxecto do orzamento municipal e dos seus organismos autónomos.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de xaneiro de 2007, por maioría, ditamina favorablemente os orzamentos municipais.

DEBATE.- SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Din os textos que o orzamento é o documento de xestión por antonomasia onde hai que reflectir as políticas e dende logo o estilo de xestión dun goberno. Por iso coido que hoxe máis ca nunca as persoas que estamos aquí, que formamos parte do equipo da Sra. Porro, témonos que sentir especialmente orgullosos porque este orzamento que lles vou presentar supón un pouco a cristalización, o resume de tres longos anos de goberno, a verdade é que pasaron moi rápido pero non deixan de ser tres anos de goberno nos que tentamos cambiar o modelo de goberno ó que estaban acostumados os cidadáns, algúns case que resignados.

Creo que cada vez máis os cidadáns saben que a Sra. Porro non goberna con “slogans”, con proxectos faraónicos e imposibles ou non goberna con ideas xurdidas logo dunha noite atribulada. A Sra. Porro e nós, o equipo de goberno, temos un plan político claro, definido, que se concreta neste orzamento e traballamos e coido que traballaremos con ánimo, con esforzo, sen poñer ningunha escusa para tentar levar adiante ese modelo de cidade co que nos presentamos nas eleccións.

Cando eu pensaba na presentación deste orzamento a verdade é que probablemente esperaba unha maior agresividade polos partidos da oposición dado que estamos moi próximos ás eleccións, pero pensaba que hoxe a miña presentación era moito máis fácil porque os cidadáns saben o que poden esperar de nós, saben o que fixemos.

Facendo esa análise, tentando seren moi obxectivo e tamén con toda a humildade posible, coido que os cidadáns nestes momentos pídennos un orzamento que en primeiro lugar continúe coa liña de eficacia e aforro na xestión dos recursos municipais que iniciamos hai tres anos e que permitiu aforrar moitos recursos necesarios, cada un dos euros son necesarios. Tamén nos piden os cidadáns que presentemos un orzamento cun alto contido de investimento, cunhas partidas de investimentos importantes que permitan na medida do posible axudar a corrixir as disfuncións que hai nesta cidade tanto dende o punto de vista das infraestruturas como dos equipamentos.

Tamén estou seguro de que os cidadáns nos piden un orzamento vertebrador, que sexa solidario, que permita corrixir as posibles diferencias que haxa entre as diversas áreas da cidade. Por último, nesta análise creo que os cidadáns nos piden que fagamos un orzamento cun forte contido social, pensado por, para e, se me permiten, cos cidadáns. Como non podía ser doutro xeito esas son as liñas mestras do orzamento que lles vou presentar agora mesmo: realismo e eficacia na xestión dos recursos, un orzamento

fortemente investidor como ningún outro ata agora dos presentados a esta Corporación, un orzamento que significa a plasmación do Plan Parroquias e polo tanto dar resposta ás demandas das asociacións veciñais das distintas áreas da cidade e un orzamento claramente cun forte contido social de apoio ós máis desfavorecidos e dende logo de mellora da calidade de vida dos homes, mulleres, nenos e nenas desta cidade.

Pero vostedes saben que eu basicamente son unha persoa de acción e non de palabra e para argumentar estes catro puntos que lles mencionei voules dar catro ou cinco datos que coido irrefutables e que poden axudar a comprender o que lles digo.

En primeiro lugar, polo que respecta ó aforro, o aforro de gastos improdutivos que se produciu no Capítulo II do orzamento de gastos correntes foi superior ó 50% dende o inicio da lexislatura no ano 2003 e o mesmo camiño seguiron os gastos de protocolo e tamén os que teñen que ver coas axudas de custo; nese orzamento séguese claramente esa liña.

O segundo aspecto é moi claro: a suma das partidas que teñen que ver con investimento neste orzamento suman 31 millóns e medio de euros, cifra que non foi acadada xamais, nin de lonxe, por ningún outro orzamento, por ningún outro goberno. Isto significa que tomado o ano 2003 como referencia as posibilidades de investimento deste municipio van crecer se este orzamento se aproba nun 70% e este dato é aínda superior se se compara co ano 2005 que é o único orzamento do que podemos dispoñer porque, se lembran, daquela os investimentos eran de 20 millóns e medio pero había 11 millóns que estaban comprometidos por pagamentos pendentes do anterior goberno.

Coido que é un tema especialmente importante neste orzamento, ademais de ter 31 millóns e medio de partidas dedicadas a investimento, unha parte moi importante das mesmas, 13 millóns de euros nin máis nin menos, van ser financiadas cun recurso completamente diferente ó que se viña utilizando con anterioridade que era o recurso de ir ó banco e pedir os cartos. Nestes momentos, destes 31 millóns, 13 van seren financiados con outro tipo de recursos, recursos propios deste Concello, derivados dunha mellor xestión e dende logo dunha redución do peso relativo dos gastos correntes sobre o total do orzamento. Ademais nesta partida de investimento a parte máis importante probablemente é, como dixen, a cristalización do famoso Plan Parroquias, un plan que discutimos aquí e que semella ten o consenso de todos nós.

Como cuarto punto falaba antes de contido social, coido que non é necesario insistir no espírito, no interese que a Sra. alcaldesa ten en todos os aspectos de política social e

para iso sinxelamente quero dar un dato: o orzamento de benestar social medrou dende o ano 2003 máis dun 60%. Así mesmo, andando pola cidade, un pódese dar de conta de que este é un goberno que está preocupado pola cidade, polo benestar dos seus cidadáns e polo tanto as partidas de mantemento da cidade medraron máis dun 50% e as partidas dedicadas á práctica deportiva case un 60%.

Con eses datos coido que me podo presentar hoxe diante de vostedes e da cidade e afirmar que o orzamento que lles presento é un bo orzamento, é coherente, moi pensando e sobre todo realista, pensado para seren executado e non un exercicio demagóxico pensando que as eleccións están á volta da esquina. A súa principal característica é o realismo e se hoxe non se aproba, eu recomendareille ó grupo municipal do Partido Popular que sexa moi similar o orzamento que se aprobe logo das eleccións no caso que teñamos que gobernar.

Ademais quero salientar antes de pasar a un detalle maior do orzamento que este concelleiro, no nome de todo o grupo municipal do Partido Popular e cun especial interese por parte da Sra. alcaldesa, tentou establecer canles de diálogo con todos os grupos da oposición para tentar mellorar, discutir, debater, acordar todo o que fose necesario tentando evitaren que teñamos que prorrogar o orzamento do ano 2005 por segunda vez e que perdamos o tempo. Coido que os cidadáns non nolo perdoarían.

Os grupos da oposición dispuxeron de toda a información que solicitaron, todos os datos do orzamento cunha antelación coa que coido que o Sr. Figueroa cando estaba na oposición nin soñaba co tempo que agora tiveron para estudar este orzamento, tiveron a miña dispoñibilidade persoal, por escrito, telefónica, para poderen acordar o que fose necesario. Ata agora todos os esforzos foron vans, non acadei que vostedes tiveran en conta a importancia deste orzamento para a cidade. Espero que agora que aínda estamos a tempo, vostedes reconsideren e se dean conta das consecuencias que pode ter unha segunda prórroga dun orzamento como o do 2005,

Pasando a unha análise máis pormenorizada do texto orzamentario coido que por onde debo empezar, porque é un tema especialmente salientable, é que con este orzamento a cidade acada un teito "*récord*" ata este momento no volume de recursos económicos xestionados. O orzamento acada 212 millóns de euros e crece respecto ó ano 2005 nun 12,81%.

Os ingresos correntes, o Capítulo I ó V de ingresos, acadan aproximadamente 190 millóns de euros e os capítulos de gasto corrente da mesma natureza, Capítulos do I ó

IV, acadan 162 millóns polo que o orzamento se presenta co equilibrio necesario entre as masas orzamentarias.

Non vou seren moi exhaustivo pero si lles vou dar algunha información para que poidan comprender mellor o orzamento e comezarei polo orzamento de gastos.

Capítulo I; como é obvio este capítulo é imprescindible para a xestión municipal, reflicte unha dotación orzamentaria de 50,7 millóns de euros cun incremento sobre o ano 2005 de 8,64% e significa sobre o total do gasto presupostado o 25,9% o que á súa vez significa un 1,1% menos que no ano 2005. Neste sentido, froito das negociacións coas organizacións sindicais, froito tamén das peticións dos diversos servizos e da nosa propia valoración das necesidades do cadro de persoal, considerouse pertinente presentar á aprobación a creación de 34 novas prazas que nos semellan imprescindibles para unha correcta xestión da actividade municipal.

Dun xeito especialmente salientable sinalo 15 prazas novas de gardas de Policía Local, 4 prazas de bombeiros, 2 prazas de sarxentos nese servizo de bombeiros e 6 prazas de técnicos en distintos servizos que precisan praza deste nivel. Deste xeito, descontando as baixas que se produciron e as amortizacións que se producen, o cadro ó servizo da Corporación municipal acada as 1.388 persoas.

Así mesmo as dotacións retributivas deste capítulo no orzamento do que vostedes dispuxeron, actualizáronse no 2%. Neste caso teño que sinalar que este 2% correspondía ó proxecto de orzamentos da Lei xeral do Estado, logo do peche do orzamento estudouse, analizouse e presentouse por parte dos sindicatos tamén a posibilidade de que non fora un 2% senón un 3% en base á aprobación definitiva desa Lei de orzamentos. Este concelleiro pediu información a todos os servizos e efectivamente semella que a aplicación que temos que facer non é dun 2% senón dun 3% e polo tanto no momento procedemental que corresponda, agora ou posteriormente, presentarei unha emenda ó orzamento para que esa suba retributiva sexa do 3% e presentareilles a partida de onde obteremos eses recursos.

Por último, tamén neste epígrafe do Capítulo I de persoal, froito das negociacións co comité de empresa consta o xa coñecido e espero que xa interiorizado por todos, fondo de adecuación dos postos de traballo do cadro de persoal municipal recollendo 1.394.000 euros que pecharían os dous últimos exercicios pendentes no acordo coas organizacións sindicais e na miña opinión tamén pecharían unha vella e xusta reivindicación dos traballadores desta casa.

O Capítulo II, capítulo de gastos correntes, é o capítulo onde se reflicte máis claramente o espírito de coidado pola cidade e polos cidadáns deste goberno. Así teño que sinalar partidas como a conservación de vías e espazos públicos que acadan dous millóns e medio de euros, duplican a cantidade consignada no orzamento do ano 2005. Así mesmo o mantemento de xardíns, por exemplo, crece en máis dun 40%.

O Capítulo III, gastos financeiros, penso que é especialmente relevante salientar que este capítulo se reduce en máis dun 35% respecto ó mesmo capítulo no ano 2005. Dende logo paréceme extraordinariamente salientable que, ademais de pola valoración dos tipos de interese, este dato é consecuencia dunha forte redución do endebedamento municipal que se produciu estes tres últimos anos. Para que non crean que é unha invención pola miña parte os datos son estes: 31 decembro do ano 2003, a débeda deste Concello era de 108 millóns de euros. O 31 de decembro do ano 2006 a débeda deste Concello é de 68 millóns de euros. A redución é de 40 millóns de euros e para os que se manexen en pesetas 6.600.000 millóns de pesetas que debemos menos neste Concello agora que a finais do ano 2003. En termos porcentuais iso significa que no ano 2003 este Concello debía aproximadamente o 65% de todos os recursos que xestionaba e neste momento a débeda está arredor do 30-31% dos recursos que se xestionan. Creo que é un dato especialmente salientable e que permite afirmar que a saúde financeira deste Concello é realmente moi boa.

Capítulo IV de gastos, transferencias correntes; a cantidade prevista para atender as transferencias correntes é de 21,2 millóns de euros, crecendo o 15,6% sobre o ano 2005. Para lles informar, as transferencias ós organismos autónomos acadan 8 millóns de euros.

Como consecuencia do interese amosado por este goberno e debatido hai pouco mesmo neste Pleno polo transporte público, hai unha partida de 7 millóns de euros dedicada a este tema. Paréceme tamén extraordinariamente importante salientar que as partidas de subvencións a clubs deportivos dobráronse acadando os 680.000 euros nesta lexislatura.

Capítulos VI, VII e VIII; son os capítulos relativos ós investimentos. Pola miña curta pero coido que bastante intensa experiencia neste Concello estas partidas son as que sempre xeraron máis debate, son máis mediáticas, as que teñen máis importancia. Pois ben, realmente neste orzamento eu coido que estamos nun elemento clave do orzamento. Lembrarán que no orzamento do ano 2005 eu presenteime aquí pedindo a súa aprobación para un orzamento que tiña 20,5 millóns de euros no capítulo de

investimentos. Tamén lles dicía que había 11 millóns de euros que tiñan que ser dedicados a pagamentos de débedas de esquecementos de gobernos anteriores. Pois ben, iso quere dicir que a capacidade real de investimento no ano 2005, no último orzamento aprobado, era aproximadamente de 9 millóns de euros.

Como lles dixen este orzamento ten 31 millóns e medio de euros e polo tanto se está triplicando a capacidade investidora dentro do orzamento. Por se algún ten a tentación e se quere esquecer do orzamento do ano 2005, se o comparamos co orzamento do ano 2003, este tiña nas súas partidas de investimentos 17 millóns e medio e este 31 millóns e medio, polo tanto é practicamente o dobre das cantidades que estaban consignadas daquela.

Por iso coido que eu podo afirmar que este é un orzamento fortemente investidor, como dixen antes moitas partes dos seus investimentos xa estaban acordados neste Pleno, discutidos nesta sala. Partidas salientables de investimento son: a humanización de Travesas con 4 millóns de euros; a terceira fase de Travesía con 1.593.000 euros; melloras varias en vieiros de parroquias e alumeados públicos con 1.700.000; humanización de Martín Códax e rúa Irmandiños con 500.000 euros; contorno de Balaídos con 737.000 euros; contorno de Coia con 400.000; Espedrigada con 370.000; humanización da alameda de Bouzas con 250.000 euros, de Lavadores con 300.000 euros, Alameda de Matamá 190.000 euros; humanización Eugenio Kraft 207.000; de Teis 163.000; de Salgueira 90.000; de Miraflores 90.000 tamén; de Cabral 213.000; do contorno da igrexa de Bouzas 120.000; do contorno do Centro Cultural de Comesaña 30.000; da segunda fase do camiño do Freixo 116.000; da segunda fase de Vía Norte 250.000. Tamén hai unha partida especialmente importante de 500.000 euros para a humanización do Casco Vello.

Así mesmo nestes apartados VI, VII e VIII se computa unha cantidade de 8,26 millóns de euros para o pazo de congresos e unha partida de 300.000 euros para continuar co convenio coa Deputación que permitiu a inauguración de cinco campos de herba sintética que tanto agradecemos os que xogamos ó fútbol.

Agora queda analizar a parte dos ingresos. Como é obvio o orzamento preséntase cadrado e polo tanto os ingresos son exactamente iguais, 212,6 millóns, dos que ingresos correntes deste Concello son 190 millóns de euros.

Como lles comentei algunha vez a parte de gastos nun orzamento ten un contido xurídico determinado, pero a parte de ingresos ten algo de previsión e pode estar suxeita a subxectividade. Neste orzamento, como en todos os que presenteí ata agora,

tomamos un criterio só, basicamente técnico para definir os ingresos, un criterio conservador, se me permiten a expresión, pero dende logo non inflacionista, baseado sobre criterios técnicos en base ás recadacións de anos anteriores, á suba do IPC, ós cálculos que fixemos para as taxas, en base ás informacións recibidas do Banco de España e do Ministerio de Facenda; así se fixeron os orzamentos de ingresos.

O Capítulo I de ingresos é un dos máis importantes, é o dos impostos directos e acada o 39,6% de todo o orzamento e a partida máis importante, para a súa información, é a do IBI para a que temos presupostados 47 millóns de euros o que significa un 0,5% máis que o crecemento do IPC. Tamén é salientable nesta partida de impostos directos o imposto de matriculación que segundo os nosos cálculos crecerá en torno ó IPC e acadará 13,5 millóns de euros.

Os impostos indirectos é unha partida que neste orzamento mantense practicamente estable sobre o orzamento anterior e a razón é a estabilización, mesmo certa redución do imposto de construcións derivada da conxelación das licenzas, tamén derivada á súa vez do proceso de aprobación do Plan Xeral. Neste caso este imposto está calculado en torno a 5 millóns de euros cando con anterioridade a súa previsión era de 6,3 millóns de euros.

Capítulo III, taxas e outros ingresos, acada 28 millóns de euros, un 8,26% máis que no ano 2005.

Por último, a segunda partida en importancia do orzamento de ingresos é a chamada transferencias correntes, é dicir, as transferencias que recibimos do Estado e da Comunidade Autónoma. Produciuse un considerable incremento do 17,84%, sendo a participación nos ingresos do Estado nestes momentos de 51,7 millóns de euros.

Coido que todo isto lles pode dar unha idea deste orzamento que eu cualifiquei de realista e aforrador no gasto, investidor como vostedes puideron comprobar, vertebrador porque aplica a parte final do Plan Parroquias e dende logo cun contido social indubidable.

Por todo isto pídolles ó resto dos compañeiros da Corporación a súa aprobación tendo en conta que a non aprobación dun orzamento significa graves riscos para a facenda local e coido que todos temos que ter o sentido de cidade suficiente para entender que unha prórroga de dous anos é excesiva.

De todos os xeitos eu non son do todo optimista porque me aplico o que dicía un famoso economista, que era máis fácil convencer as persoas de ideas novas que lles sacar as antigas e é probable que isto sexa o que pase. Vostedes teñen a palabra.

SR. SOTO FERREIRO: Comezo polo final da súa intervención e di vostede, Sr. Guerra, que prorrogar dous anos un orzamento é de extremada gravidade ou algo polo estilo. E logo, por que non trouxeron o do ano pasado? Esta é a primeira pregunta.

Fai unha afirmación contundente que eu comparto, a min paréceme de extremada gravidade que haxa unha prórroga de orzamentos durante dous anos seguidos, mesmo dun ano xa sería mala cousa na miña opinión. Pero vostedes de momento son os absolutos responsables de non nos presentar un orzamento o ano pasado e polo tanto xa é unha culpabilidade que vostede non confesa pero que está claro que é ó 100% culpa de seu.

Segundo, vostede salpicou algunha perla ca outra no medio da súa intervención como: “espero agora unha maior agresividade polos partidos da oposición”. Agresividade é a súa traendo os orzamentos neste momento. Por que traen os orzamentos ó final de xaneiro? Por que esperaron a estar practicamente a cabalo das eleccións? Por qué non o trouxeron hai tres meses como a lei lles permite e case lles obriga?

Vostedes traen este documento como un instrumento, como unha arma arreboladiza política contra a oposición, non para facer un orzamento para defender temas de Vigo nos que non cren como xa demostraron, traen un orzamento falso, mentireiro, que presumen que non vai a ningures e elixen o momento para faceren dano electoral. Iso é o que están a facer vostedes con este documento que vostede cualifica e eu comparto como o máis importante, o que mellor define as políticas. Pois co documento máis importante e o que mellor define as políticas o que vostedes fan é isto, é dicir, convertelo nunha arma electoral arreboladiza, que nos xulguen a todos os vigueses e viguesas.

Vostedes fan afirmacións que para non utilizar palabras así hai unha doutrina filosófica moi coñecida e estendida a nivel coloquial que é a filosofía do cinismo que vostedes practican acotío. Cando vostede en varias ocasións da súa intervención fala do Plan de Parroquias, de que nos está a falar, Sr. Guerra, se vostedes non quixeron aprobar o Plan de Parroquias aínda non hai tanto tempo?

Repito novamente o que lle dixen aquí e que está nas actas: coa abstención que houbo daquela do Partido Socialista, se vostedes votaran connosco estaría aprobado e non quixeron. O Partido Popular non quixo aprobar o Plan de Parroquias, paren de lle mentir á xente, está nas actas o que lle digo, contradíxome unha vez o Sr. Figueroa pero lla volvo sacar publicamente.

Vostedes do Plan de Parroquias, do orzamento e de todo fan unha arma electoral permanente. Algúns queremos ter máis votos naturalmente, queremos ter bos resultados electorais, pero mire que inxenuos, algúns esperamos que os vigueses e viguesas vexan que temos condutas políticas que se poden traducir en realizacións eficaces para lles resolver os seus problemas. Vostedes fan políticas exclusivamente para estar no poder.

Unha cousa pódese chamar electoral, o seu chámase electoralismo. Traer agora este orzamento nesta data e neste momento na miña opinión é electoralismo puro e duro, é a operación de mantemento no poder, se é que poden cousa que se verá logo de maio e que decidirán as viguesas e os vigueses.

Vostedes falan de varios temas que eu tamén lles tería que obxectar parcialmente. Di que este é o maior orzamento que se trouxo e, Sr. Guerra, vostede lembra que hai dous anos me dicía practicamente que os ingresos estaban moi aquilitados e non podían seren máis? Eu dicíalle que se podía ir máis aló. Pois vostedes foron máis aló e entón é que tiña razón eu pero lle vou dicir outra cousa: irán máis aló na próxima Corporación. O primeiro orzamento da próxima Corporación democrática e dende logo se o Partido Galeguista cumpre as expectativas que se están a dar e é decisivo no goberno municipal, xa lle anticipo que os orzamentos serán maiores ca estes porque segue habendo bolsas de ingresos que vostedes ou non souberon ou non quixeron explorar e polo tanto están a practicar unha política fiscal absolutamente inxusta porque os que pagamos facémolo máis xa que algúns non pagan. Teñen aí claras bolsas de fraude e vostedes non queren entrar nelas, saberán por que; ou porque teñen unha política dirixida para que algúns non paguen, ou por incompetencia, unha das dúas cousas.

É certo que unha prórroga do orzamento de dous anos non a merecen os vigueses e as viguesas, dende logo vostedes merecen por este manobrerismo político de traer este orzamento nestas datas ter un voto en contra e moralmente o Partido Galeguista dálles un voto en contra por esta actuación. Pero na nosa opinión e comprendendo outras, somos quen malia todo de pensar nas viguesas e vigueses e nós, que si quixeramos que se aprobaran boa parte das obras que están no Plan Parroquias, que si quixéramos que se aprobaran outras cousas que vostedes teñen que non son malas, son boas, que quixéramos tamén que o Capítulo I quedase arranxado debidamente e vostedes fixeron fogo de foguetes con el, que quixeramos tantas cousas coma esas, non queremos caer na súa trampa e non imos obstaculizar o posible camiño destes orzamentos. Por iso nos imos abster.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Non podemos compartir a intervención do concelleiro de Facenda agás algo no que si coincidimos como que é un documento básico e de xestión onde se reflicten as políticas e os criterios de quen goberna no momento, niso si que coincidimos. Agora ben, gobernaron vostedes no ano 2006? Se non presentaron orzamento, partindo desa teoría que vostedes e nós compartimos, dá a impresión de que non estiveron gobernando.

Non sabemos a que veñen as súas declaracións sobre una maior agresividade por parte da oposición, en todo caso terá que entender que hai posicionamentos distintos e xa está ben de demonizar unha vez máis á oposición que semella que lle vai moi ben nesa política de “vítimas de”, neste caso da oposición.

Vostedes tomaron unhas decisións que poderán ser ou non compartidas e corroboradas na práctica, pero en absoluto hai agresividade por parte da oposición, senón que hai propostas en todo caso alternativas, distintas e as máis das veces bastante máis acertadas que as do propio goberno. Boa proba diso é que vostedes deberan presentar, porque se non se están contradicindo, o orzamento no ano 2006. Os orzamentos amosan as vontades do goberno pero entón é que no ano 2006 non houbo vontade do goberno actual.

Tamén podemos coincidir en que esta cidade non se merece un ano máis unha prórroga dos orzamentos que temos do ano 2005; efectivamente isto tamén o compartimos e será a propia e a próxima Corporación democrática saída das urnas a que realmente elixa aqueles criterios que coide máis convenientes para a cidade e elaborará o orzamento que lle corresponda a esta cidade.

Falan vostedes de tres eixos básicos: liña de eficacia e aforro, alto contido en investimento para corrixir as disfuncións e vertebrador e alto contido social. Vaiamos analizando estes aspectos porque este é o documento onde se amosan vontades e podemos coller tres capítulos para analizar e ver se realmente se corresponde o que vostedes din coa realidade do documento que vostedes presentan.

A respecto do Capítulo I fala de que crean 34 prazas e non é certo, vostede ben sabe que non é certo e no propio documento está que amortizan 19 prazas aínda que crean 15 novas, pero non crean 34 senón que amortizan 19 e as outras as reconverten. É certo que vostedes incrementan o cadro de persoal, en concreto un 1,25 sobre o ano 2005, daquela había 1.374 e agora pasamos a 1.388, é certo, estamos falando de prazas pero, cantas prazas están ocupadas? Porque tamén habería que falar diso.

Nese sentido temos dous datos moi importantes: cantos postos había no ano 2005 e cantos no 2006. No ano 2005 había 1.265 e no 2006, 1.225, é dicir, que menos persoal traballando ó servizo do Concello. É certo que vostedes incrementan na teoría o 1,25 pero na práctica o que fan é diminuír o persoal ó servizo do Concello e ese é o dato máis importante porque pode amosar a vontade política que ten cada quen pero ó mesmo tempo tamén serve para ver a eficacia na xestión, o nivel e a calidade de servizos que se prestan á cidadanía en xeral. Tiñamos 109 vacantes no ano 2005 e pasamos a 149 vacantes no ano 2006; boa progresión.

Pero a maiores vostedes din que incrementan en teoría o 1,25, o que hai que ver é o que pesaba e o que pesa o Capítulo I dentro do montante global e aí é onde se amosa precisamente a xestión de cada quen. Vostedes a través das súas políticas o único que fixeron foi incrementar o peso do Capítulo I no montante global do orzamento. No ano 2003 pesaba o 27,50%, no ano 2006 pesaba un 27,88%, polo tanto nese sentido incrementou pero se incrementou no global e teñan vostedes en conta que iso non se notou nin na ocupación, nin tan sequera se notou na mellora dos servizos que presta o Concello acompañando con criterios de eficiencia e de eficacia.

Polo tanto nese aspecto non acertaron con esa política e ó mesmo tempo tamén lles temos que dicir que foron uns campións, que fixeron precarias as condicións de emprego coma xamais houbo no Capítulo I neste Concello e xa debatemos aquí abondo polo tanto pensamos que non interesa afondar máis, pero dende logo ata agora é o que demostraron.

Falan vostedes de que pretenden ir na liña da eficacia e do aforro e iso tamén se demostra no Capítulo II, nos gastos correntes precisamente, naqueles que non podemos eludir o compromiso porque xa o temos adquirido. En primeiro lugar o que temos que dicir é que vostedes aumentaron case 3 puntos con respecto ó ano 2003 o Capítulo II malia de haberen maiores ingresos, malia que como vostedes din é o maior orzamento que tivo esta cidade, evidentemente non podería ser doutro xeito concretamente pola aplicación do IPC das ordenanzas fiscais que como tal nos obriga a ter un orzamento superior ano tras ano. Nese sentido o que neste orzamento pesa 39,14%, no ano 2003 pesaba un 36,77% e vostedes foron subindo dun xeito progresivo ata chegaren case ós 3 puntos de diferenza en menos de 3 anos pero, melloráronse os servizos? Analicémolo.

Vostedes falan moito do movemento veciñal, do famoso Plan Parroquias, etc., e imos ver o que dicía o informe da Federación de Asociacións de Veciños: “O 90% das

deficiencias recollidas neste informe reflicten necesidades de tipo básico. A cidade sofre un abandono patente en toda a súa área periférica, situación paupérrima do Casco Vello, barrio céntrico que está sometido a un proceso moi forte de abandono. Na área referente a limpeza atopamos que é unha das solicitudes máis recorrentes... (fai referencia a limpeza de parcelas, fontes, lavadoiros, rúas, gabias, camiños, etc.), en materia de vías e obras os problemas máis importantes son basicamente o arranxo de firme e o asfaltado. O transporte amosa unha deficiencia moi grande..., a totalidade da cidade contempla un problema de mantemento no alumeado. No rural existen problemas para acceder ás novas tecnoloxías. Hai obras da cidade que non teñen mantemento continuado e de calidade.”

Non son palabras nin reflexións do BNG, senón do movemento veciñal que coñece bastante ben as necesidades da nosa cidade. Frases recorrentes como “ausencia de limpeza”, “fochas e firme en mal estado”, “deficiencia no servizo de transporte”, “descoidado e sucio en canto a xardíns, sen limpar, sen coidar, sen pintar (referido ás rúas), sumidoiros de pluviais atascados, taxeas atascadas...”. Capítulo II. Este é un informe feito precisamente logo de dous anos e pico da súa xestión.

Polo tanto vostedes o que acadan é incrementar os contratos de mantemento e imos poñer o caso do mantemento e coidado de parques infantís que, por certo, aínda hoxe non se viu por ningures ese mantemento, nin tan sequera ás persoas que o manteñen e xa non falemos das condicións nas que optaron a ese concurso que cando queiran nos damos un paseo e verificamos na práctica se realmente se empezou a realizar ese servizo de mantemento.

Vostedes o único que fan é incrementar o gasto corrente e na práctica os servizos que prestan sofren cada vez maiores deficiencias e aí o teñen de xeito palpable. Sinceramente non están as melloras en ningures porque, cal é a mellora fundamental e substancial na limpeza ou na recollida do lixo? Por certo, se incrementan de xeito significativo pero non en canto á prestación do servizo como tal e ademais cunha variante que xa lles dixemos cando analizamos as taxas fiscais que é algo preocupante, porque a ratio de quilogramo de lixo por habitante estase incrementando nesta cidade de xeito continuo e, malia as políticas de propaganda, en absoluto verificouse na práctica senón todo o contrario a redución en canto a xeración de lixo; levamos ano tras anos incrementando a xeración de quilogramos de lixo por persoa.

Falan tamén vostedes de que o orzamento ten un alto contido de carácter social; pois miremos o que pesan as distintas partidas no conxunto do orzamento e podémonos

levar auténticas sorpresas. Vou poñer dous ou tres exemplos, os que vostedes queiran, podemos poñer o servizo de Desenvolvemento Local que na proposta que vostedes traen pesa o 1,1 nestes momentos cando no ano 2003 pesaba 1,47; é dicir, non só algunhas partidas as teñen conxeladas dende hai 3 ou 4 anos, senón que tamén as reduciron.

Podemos falar do servizo de Educación, de Medio Ambiente, doutros servizos como Relacións Cidadáns ou Muller cun orzamento global que diminúe o seu peso e algunhas das partidas mesmo diminúen con respecto ó ano 2003 ou ano 2005, como vostedes prefiran. En absoluto a proposta que vostedes traen significa un maior compromiso no gasto social senón exactamente todo o contrario.

Falan tamén de que este orzamento ten un grande contido, un forte investimento; pois ós datos haberá que se remitir. Se partimos da teoría na que todos coincidimos de que o orzamento é o documento de xestión onde se amosan as verdadeiras intencións dun goberno, vemos como o Capítulo VI realmente pesa moito menos que hai catro anos e na súa cantidade tamén é menor que entón. Polo tanto en absoluto iso é certo senón que todo o contrario. O Capítulo VI no ano 2003 pesaba un 10,85%, no ano 2005 pesaba un 8,69%, agora pasa pesar un 8,52%.

Esa intención clara e unívoca de incrementar o investimento nesta cidade non é certa senón todo o contrario malia que vostedes manexen e esgriman o famoso Plan Parroquias que, por certo, se non fora polo BNG moitos deses compromisos urxentes non se poderían acometer como se amosou na modificación de crédito do ano pasado.

É máis, hai un aspecto que sinceramente tampouco entendemos: como propostas que segundo vostedes eran necesarias e urxentes, que presentaron no ano 2006 como obras a realizar no Capítulo VI, agora non están recollidas e, por certo, non están feitas nin moito menos. Ou é que xogaban de farol naquela proposta que nos adiantaron no ano 2006 ou xógase agora de farol; ou daquela, ou desta ou das dúas. Eses son aspectos concretos e particulares da súa proposta.

Tamén comentaba que o Capítulo I de ingresos é o máis importante. Pois miren canto pesaba no ano 2003 e canto pesa no 2007, algo así como case 4 puntos menos. Polo tanto nese sentido a xestión que vostedes están facendo é produto dunha herdanza de boa xestión recoñecida por vostede aquí, en varios debates orzamentarios e noutros que tivemos, e nestes momentos o que vostedes están facendo é precisamente dilapidar esa boa xestión, ese encamiñamento que herdaron e que agora están estragando.

En definitiva e no aspecto político que é o máis importante, o que hai que se preguntar é por que vostedes traen este orzamento precisamente a 29 de xaneiro cando se realmente quixeran ter unha intención de aplicar este orzamento e de amosar a súa vontade unívoca, deberamos ter este orzamento cando menos enriba da mesa hai tres meses, xa non lles pido máis, para que en todo caso fose operativo a primeiros de xaneiro e non como agora, que logo da tramitación que ten isto, caso de seren aprobados cando menos ata marzo non serían operativos.

En definitiva, vostedes seguen coa mesma política que manifestaron e xa adiantaron nunha carta da alcaldesa do 10 de xaneiro a un conxunto de cidadáns falando de que se o orzamento non se chegará aprobar: “xa que só temos disposto de orzamento dun ano”. Aquí teríanlle que meter un pé de páxina, un engadido na medida en que o ano pasado nos esquecemos do orzamento, ou non fomos quen, ou non tivemos o atrevemento político de presentar un orzamento e polo tanto só puidemos ter un orzamento no ano 2005 onde alguén lles quixo amosar a súa confianza pero logo vostedes lles defraudaron coa súa xestión.

O que vostedes traen aquí non é un documento de xestión puro e duro, un documento onde se queira amosar o que quere acometer este goberno. Vostedes traen aquí un documento de axitación e propaganda que lles vai permitir afondar nesa campaña que iniciaron dende hai tempo de “que mala é a oposición que non nos deixa gobernar e nós somos as vítimas desa “agresividade” da oposición”, como vostede manifestaba ó principio da súa intervención.

Isto está plenamente planificado, non é casual que vostedes traian este orzamento a estas alturas, en absoluto. Xa que non tiveron orzamento no 2006, tiveron tempo máis que suficiente para o presentar a este Pleno hai tres meses como mínimo e se realmente o quixeran facer efectivo non lles quedaría máis remedio que o traer hai tres ou catro meses e en xaneiro estaría aprobado.

Temos as eleccións á volta da esquina, evidentemente, será un elemento a ter en conta na campaña electoral, pero sinceramente non é este o orzamento que esta cidade precisa nin moito menos; estará corrixido coa próxima Corporación.

Nós sempre dixemos que non iamos votar a favor dun orzamento do Partido Popular porque temos proxectos que son contrarios. Agora ben, vostedes nin as formas tan sequera gardaron e polo tanto cos argumentos que lles dimos, con maior motivo ímoslles votar que non a este orzamento.

SRA. GRAÑA BARCIA: Mágoa que para nada coincida a súa intervención co que acaeceu nestes anos e tampouco co que hoxe presenta. Tentaremos pola nosa banda precisamente de presentar a outra cara da moeda.

Todas as cifras e porcentaxes que escoitamos, previsibles e lóxicas diante da presentación dun documento orzamentario, perden toda a súa credibilidade cando lembramos que non presentaron un orzamento para o ano 2006 incumprindo a súa obriga legal e política e cando lembramos que anticiparon un anuncio de orzamento para o ano 2007 no mes de outubro, atrasando a súa presentación ata hoxe, 29 de xaneiro, a escasos 4 meses dunhas eleccións municipais.

O papel todo o aguanta, sobre todo a 4 meses dunhas eleccións municipais pero a realidade é pertinaz. Agora poden presentar calquera documento, douralo de grandes titulares como fixeron nestas últimas semanas pero do que non se poden evadir é da súa historia, do seu mandato durante estes anos ó fronte do Concello, dun mandato carente de proxectos e de boa xestión.

O balance dos seus anos de goberno non achega nin un mínimo rastro de iniciativa, aínda descoñecemos o seu modelo de cidade e o que é peor, de boa xestión, porque a falla de proxectos poderían polo menos seren meros administradores do público, pero nin iso. Todo iso adornado pola súa incapacidade para acadar acordos, de non negociar coa oposición malia seren un goberno en minoría, chegando ó extremo da soberbia, a prepotencia e a falla de respecto ós principios democráticos ó disolveren todas as comisións creadas polo Pleno.

O balance destes anos de goberno do PP amosa a súa incapacidade e a súa irresponsabilidade. Faremos agora unha breve reseña dalgúns exemplos do que aquí manifestamos.

En primeiro lugar contaron cun orzamento para o ano 2005 gracias á responsabilidade do Grupo municipal Socialista e racharon a confianza en menos de dous meses. Aquel orzamento para o ano 2005 foi un engano. Permitimos a aprobación dun orzamento que o goberno municipal modificou en menos de dous meses. O 25 de abril de 2005 (a aprobación do orzamento produciuse o 28 de febreiro) presentaron unha modificación orzamentaria, curiosamente tamén un mes e medio antes de se realizar as eleccións autonómicas; sen ningún proceso de negociación previo e por un importe de máis de 11 millóns de euros. Vostedes racharon a negociación do orzamento co Grupo municipal Socialista por non dispoñer de recursos económicos e en menos de dous meses dende a aprobación definitiva do orzamento, apareceron e dispuxeron de máis de 11 millóns de

euros. Dende logo o goberno municipal non foi quen de manter unhas relacións leais con este grupo.

Gracias á aprobación do orzamento de 2005 puideron presentar a maior oferta pública de emprego da historia deste Concello; estas son as súas frases. Pero tamén neste punto se observa a súa pésima xestión, a realidade en xaneiro de 2007 é que aínda non se convocaron os exames, con constantes incumprimentos de prazos. A súa irresponsabilidade danou o dereito a un emprego digno de máis de 4.000 persoas, número de solicitudes que se presentaron este mes para participar na oferta pública de emprego.

En terceiro lugar a Xerencia de Urbanismo non mellorou en absoluto os prazos de tramitación de expedientes de licenzas e de disciplina urbanística. Dunha media de preto de 200 expedientes en disciplina urbanística ou superior nalgúns anos, reducíronse cada ano dende que vostedes gobernan ata 59 expedientes no ano 2006. Non coidamos que esta diminución do número de expedientes tramitados sexa produto nun descenso no número de infraccións urbanísticas.

Cuarto, a media mensual de queixas e reclamacións elévase a 500 e este goberno con este dato reaccionou non convocando a Comisión de queixas e suxestións creada polo Pleno. Seguen denominándose distritos algo que non existe nin técnica, nin politicamente, que só se utilizou como un atranco máis diante das reclamacións veciñais.

O grao de incumprimento por este goberno das mocións aprobadas en Pleno poderíamos cifralo nun 95%, das que a maioría votáronse positivamente polo PP.

Un goberno que se comporta deste modo non merece ningunha confianza dos cidadáns e nestas condicións este grupo non lles vai dar ningún cheque en branco.

Claramente o seu concepto do público non é o noso e o exemplo máis notorio é o das piscinas. O goberno nas súas mans baleira o público e entrégase á total privatización dos servizos. Por comparación outros Concellos acadan para este tipo de instalacións axudas públicas.

Como exemplo de xestión debemos sinalar que a meirande parte dos investimentos, tanto no ano 2005 como no 2006, adxudicáronse no mes de decembro. Ata naquilo do que presumen, como a piscina de Valladares, non son eficaces, esperaron ó remate do ano para a súa adxudicación.

Nin barrios, nin Casco Vello viron minimamente tratadas as súas urxentes necesidades nestes anos de goberno do PP, como así lembrou o Sr. Viéitez.

Este é un breve resume de como gobernaron estes anos e a súa xestión só pode ser cualificada de desleal cos que por responsabilidade permitiron un orzamento e polo tanto con todos os cidadáns. Pero sobre todo foi unha xestión política escura e carente de rigor e eficacia, pero iso si, cargada de propaganda. Non gobernaron nin con, nin a favor dos cidadáns.

Todo o dito leva inexorablemente a non considerar crible a súa proposta e a valorar as súas intencións como sinxelamente electoralistas. Aínda así estudamos, como é a nosa obriga, o seu documento e o seu contido non pode contar co noso apoio.

Este orzamento non só o presentan tarde, mal e arrastro, sen ter presentado orzamento para o ano 2006, sen negociar e a catro meses dunhas eleccións, senón que é un orzamento malo.

O seu orzamento, que vostede denomina de realista, é mesquiño, carente de proxecto político, cheo de parches e remendos e pouco ambicioso. Logo do que escoitamos estes anos, non cumpren nin os seus compromisos, nin é un orzamento base cero, nin é participativo. Tan pouco participativo que se presenta como o orzamento para os barrios pero sen os barrios porque en absoluto o pactaron cos veciños. Vostedes simulan negociar pero a verdade é que non negocian con ninguén e hai importantes datos que avalan a nosa opinión.

Se se ten en conta a situación de prórroga, en que quedan as súas porcentaxes de incremento? En nada. Áreas como Educación, Xuventude, Benestar Social son as auténticas desfavorecidas do seu orzamento, xusto aquelas nas que nós estimamos que se debe realizar un maior esforzo. O seu orzamento non está pensando en vivenda social, emprego ou dinamización económica, xusto aquilo no que pensan os cidadáns. O seu compromiso coa nova depuradora non aparece reflectido. O Plan Parroquias detectaba basicamente problemas de mantemento; o orzamento nin recolle melloras económicas nin organizativas neste aspecto. Ademais presenta en titulares grandes investimentos pero a realidade é que é o plan das catro rúas. Sr. Guerra, lembre tamén esas leccións dos seus profesores porque non se poden sumar peras con mazás. A cifra de investimento é só de 18 millóns, pero falemos un pouco máis de investimentos.

Un repaso a concellos de similares características sitúanos en cifras de investimentos dende 27 millóns de euros ata 72, en concellos como A Coruña ou Gijón, concellos de similares características ó de Vigo, cantidades moi afastadas dos pobres 18 millóns que vostedes propoñen. Como é posible que as cifras de investimentos en 2005, máis de 28 millóns que foi o que sumou o orzamento máis a modificación posterior, ou a cifra que

existiu no 2006 sen orzamento, coa modificación que foi de máis de 18 millóns, sexan superiores ó que nos están propoñendo para o ano 2007? Realmente debe ser produto deste mes e os orzamentos son de rebaixas.

O seu programa de investimentos realmente non soluciona ningún dos problemas da cidade porque está elaborado para outro tipo de mesteres, é un conxunto de actuacións inconexas, cuxa única finalidade é servir de propaganda.

En materia de persoal continúan coa súa política de amortizacións: 19 prazas que se corresponden con técnicos de administración xeral, con administrativos e, o que máis sorprende, con Policía Local. Non cremos necesario reiterar a nosa posición en contra da destrución de emprego público, pero é que ademais a súa oferta de emprego o mínimo cualificativo que pode recibir é de raquíta, logo de dous anos única e exclusivamente 34 prazas.

Por último algo que só podemos denominar como chafallada, non acabamos de entender o incremento do 1% que aparece efectivamente xustificado por un informe do secretario do Pleno, un 1% que non aparece no documento orzamentario, que non sabemos que partidas vai tocar, Sr. Guerra, o que cando menos pon en dúbida as que xa presentou porque se agora se poden tocar, onde está o erro? E o que aínda chama máis a atención, sen ningún informe da Intervención.

Pero malia a súa historia, da mala xestións e da presentación dun mal orzamento, atrévense a pedir responsabilidade e como non podía ser doutro xeito piden esa responsabilidade no mesmo momento no que anuncian proxectos de actuación en varias rúas que por non ser non foron nin sequera presentados a esta oposición.

Nós xa non lles podemos pedir a súa responsabilidade, xa pasou o tempo, desaproveitárono. Sra. alcaldesa, chega cun atraso de máis dun ano e sinto que non estea presente. A súa responsabilidade estaba no ano 2006 presentando un orzamento e non o fixeron, como non fixeron outras moitas cousas. Non utilicen agora o cinismo de falar da responsabilidade do Grupo Socialista, de cuxo exercicio de responsabilidade noutros momentos se burlaron todo o que quixeron.

Pero é máis, nun lance histriónico chegaron dicir que aprobarían os orzamentos que presentara a oposición, que non querían medallas. A Sra. alcaldesa nas súas verbas nos dá a razón porque as súas propias verbas a traizoan, para ela algo tan serio como os orzamentos da cidade é unha cuestión de medallas. Carecen de proxecto político, non son quen do ter e dálles o mesmo uns que outros, por iso lle din á oposición que aprobarían o que presentase.

Obviamente todas estas razóns nos impiden apoiar o seu orzamento para o ano 2007.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Supoño que para os que nos escoiten, para estes señores que están aquí, este debate orzamentario debe ser algo así como unha mala película onde aínda por riba xa se sabe o final que é que o goberno ten que estar derrotado, non hai máis, esa é a película que nos queren contar. O que pasa é que vostedes non contaban con que din que a derrota é un estado mental, de espírito e vostedes non contaban con que este goberno non fose chorón ou que dese mágoa. Non contaban con que a alcaldesa e todo o seu equipo fóramos un grupo de persoas convencido e orgullosos do que estamos a facer, ese é o fallo e o final da película cambia un pouco.

Perdón pola verba “agresividade”, non quería dicir que vostedes foran agresivos, matizo, quizais non fose a palabra correcta pero é que me esperaba que “me deran caña”, se o queren ver así.

Lembraranse vostedes de Juan e de M^a Jesús, era un matrimonio novo que vivía na rúa Torrecedeira, tiñan un fillo e uns ingresos medios. Comentei eu co Sr. Figueroa que non ía falar desta xente pero a verdade é que o outro día, falando con eles me deron algunhas claves para entender o que vostedes están dicindo. Dixéronme varias cousas que me pareceron interesantes. Juan é unha persoa que viaxa moito e dicíame que cada vez máis se sentía orgulloso de estar nesta cidade porque este Nadal, cando viaxaba, atopábase con que Vigo era das cidades máis bonitas que visitara.

Dicíame ademais que o seu fillo Pablo fora á Cabalgata de Reis e lle parecera unha “pasada” e estaba encantado; tamén me dicía que o avó que vive en Valladares estaba encantado porque agora tiña algo que facer levando ó cativo a adestrar ós campos de herba que se inauguraron hai pouco. Dicíame que estabamos cumprindo aquel orzamento do ano 2005 e que cada vez, como el, había máis persoas que se sentían orgullosas de seren viguesas e non de seren de Vigo.

M^a Jesús, que é unha rapaza bastante aguda, dicíame unha cousa á que lle estiven dando voltas na cabeza bastante tempo; dicíame que eu era un verdadeiro paspán, que estaba preocupado polo que me fosen dicir, polas partidas, por se o investimento, por se o gasto, pero que iso non é o que lle importa á oposición, o que lle importa non é o que lle vaia propoñer, o que si lle importa é o que fixemos.

Ten razón porque cando tivemos a oportunidade de ter un orzamento no ano 2005 vostedes comprobaron que o executamos en prazo e totalmente, pero cando non nos deron a oportunidade nos ano 2004 e no 2006 o que fixemos foi non estar esperando

nas escaleiras mirando pasar ó morto e poñéndonos a chorar, non nos queixamos, esa é a circunstancia. O que fixemos foi seguir traballando para tentar acadar o maior número de recursos posibles para esta cidade.

Porque iso é así vostedes prefiren a vitoria pírrica deste Pleno, de ter a derrota deste goberno neste Pleno ante un concelleiro de segunda división, que realmente analizar e discutir cando hai que o facer as alternativas reais para esta cidade. Por iso todas as argumentacións fanas sobre temas que, se me permiten e con todo respecto á palabra e non se me enfaden, son menores porque ninguén aquí sabe o que vostedes farían, ninguén ten idea das súas alternativas, nin unha soa delas.

Por iso eu, aínda que non son avogado pero vexo películas de xulgados, diríalles que lles acuso (cariñosamente) de que vostedes non presentaron alternativa nin real nin irreal a ningún orzamento presentado por nós, ningunha alternativa en toda a lexislatura. Ninguén sabe o que vostedes farían e son maioría, o único que se escoita é a uns señores que diga o que diga o PP, presénteo cando o presente, van votar que non.

Por outra banda o único que se escoita é a un ex-ministro prometendo como se fose aínda ministro e logo xurando en arameo cando a que promete é a ministra que é a que si é ministra. Iso é a verdade das cousas e como iso é así, eu pregúntolles a vostedes. Neste proxecto do orzamento consta que nós pensamos que a humanización de Travesas se merece 4 millóns de euros. Vostedes que farían con eses cartos? Nós pensamos que a humanización da rúa Martín Codax e Espedrigada ten unha partida importante de cartos. Vostedes que farían con iso? Para nós é unha prioridade, digan vostedes o que digan do Plan parroquias, na humanización de Lavadores ou de Cabral hai partidas específicas, vostedes que din concretamente sobre iso? A que dedicarían os cartos? Hai unha partida de 500.000 euros para o Casco Vello, que farían? Como vostedes non suman á partida de investimentos os 8,2 millóns de euros para o pazo de congresos, igual non están de acordo con isto. A que dedicarían vostedes eses recursos? Os que sexan os 18, os 30, calquera. Ninguén sabe a que os dedicarían.

O que a mi me parece é que isto a xente non o entende porque coido que están bastante cansos de palabras baleiras e que deamos voltas. Eu tento falar con vostedes en infinidade de oportunidades e nin sequera se me produce unha resposta. Eu coido que están cansos e a xente o que quere son realidades.

Á entrada do meu colexio, na Gandariña, había unha tea moi grande que nos asustaba moito ós alumnos cando entrabamos e poñía o lema do colexio: "Os teus feitos permanecen". O outro día levando ó meu fillo Javi ó cole vino de novo e pensei o fácil

que é definir o que eu penso, o que estamos seguros que a Sra. alcaldesa quere levar cara adiante. Pero para poder definir eses feitos eu quero explicar o marco no que nos movemos nestes anos, sen bágoas, non lle quero dar mágoa a ninguén, sinxelamente definir porque esa é a realidade das cousas.

Aquí tivemos responsabilidade de goberno se non lembro mal dende o 13 de decembro do ano 2003. Cando presentamos o orzamento do ano 2004 vostedes xa sabían que nós eramos uns vándalos e non sei que máis, que non podíamos facer ren e polo tanto non nos permitiron aprobar aquel orzamento, nin o quixeron discutir, daquela nin pensaban que íamos chegar ó ano 2007 e poder debater este orzamento.

Cando pasou o 2004 presentamos os resultados de liquidación dese orzamento e todos eses resultados foron mellores que os do 2003 sendo un orzamento prorrogado, todos e cada un. No ano 2005, logo dunhas negociacións bastante difíciles nas que se me chegaron formular proxectos de investimentos por importe de case 300 millóns de euros, tivemos o que se podería chamar o noso único orzamento.

Ese orzamento, nas partidas VI e VII que son as que hai sumar para investimentos, tiña 20 millóns e medio de euros exactamente pero á parte había unha nota que dicía que había que pagar 11. Polo tanto a capacidade real de investimento que tiñamos daquela era de 9 millóns de euros. No ano 2006 tamén nos vimos obrigados a prorrogar o orzamento de 2005.

Polo tanto en toda esta lexislatura este Pleno deunos 9 millóns de euros de investimento, se iso non se chama tentar afogar a un goberno que veña Deus e o vexa. Pero en troques de chorar e queixármonos, o que fixeron a señora alcaldesa e todos os meus compañeiros foi chamar a todas as portas para tentar acadar recursos para esta cidade. Porque iso foi así, porque os meus compañeiros pelexaron con todo o mundo, porque estamos convencidos do que facemos e temos o orgullo de representar o que representamos, é polo que me podo presentar eu hoxe aquí e pódolles dicir que nestes tres anos se xestionaron recursos para esta cidade por máis de 250 millóns de euros e eu si sei de sumas, están aquí, teño un documento de páxinas e páxinas que por suposto lles imos facer chegar ós cidadáns. Xestionáronse de recursos 250 millóns de euros e tiñamos 9 que nos deu este Pleno; multiplícase por 20 e ese é un dato irrefutable, está nos documentos.

Ademais para situar o marco no que realizamos a nosa xestión, Sr. Soto, a xestión de ingresos creceu en 10 puntos porcentuais e logo falarei un momento sobre esta xestión. Todas as liquidacións de orzamentos do ano 2004, 2005 e a que se prevé referente ó

ano 2006 presentan mellores índices, índices que non verbas, mellores que os do ano 2003 e ademais iso se fixo reducindo dalgún xeito a presión fiscal ós cidadáns aínda que en menos medida da que a min persoalmente me gustaría.

Pero como dixen anteriormente eses cartos que se traen a esta cidade faise nun contexto de redución da débeda, redúcese en 40 millóns de euros, redúcese nun 37% o que debe a cidade. Polo tanto temos 250 millóns de euros xestionados, mellores resultados de liquidación e, por certo, todos os orzamentos foron executados practicamente na súa totalidade e as diferencias que hai se deben a baixas practicamente en todos os casos, ademais isto se acaba como poden ver nun clima de consenso, de tranquilidade tanto dentro como fóra do Concello aínda que sobre todo dentro. Esta é a realidade das cousas e vostedes non o poden negar.

Agora vou ás argumentacións do ano 2006 e vou tentar facelo por sistema lóxico. Teño un dato: os señores do Bloque non van aprobar nada que lles presente o PP e iso está nas súas declaracións que eu teño, logo non podo contar con 7 votos. Sr. Soto, por moito aprecio que lle teña os dous votos de seu tampouco me permiten aprobar un orzamento. Falo e diríxome ó Partido Socialista pero este non debe lembrar as conversas persoais, pero sobre todo as declaracións públicas nas que dicían que non ían dar a oportunidade de aprobar ese orzamento.

Polo tanto eu que nese caso era o negociador, o responsable de representar ó goberno, saquei unha conclusión moi sinxela: estes señores o que queren é outro Pleno de derrota do goberno. O que facemos entón é utilizar unha ferramenta que é a única que temos dispoñible cando un orzamento se prorroga: a modificación de créditos con cargo a remanentes, nin máis nin menos.

Dáse a casualidade de que no ano 2006 si hai un orzamento, o orzamento que podíamos, o da modificación de crédito e é máis, señores do Bloque, foi o camiño que vostedes nos deron, pero é que por riba non foron coherentes porque cando presentamos as modificacións de créditos do Plan Parroquias se nos dixo que non tiñamos os cartos suficientes, que eramos demasiado ambiciosos e están por aquí uns señores que son testemuñas.

Por certo, o orzamento que eu lle presentaba ó Partido Socialista para facer a negociación no ano 2006 era basicamente o mesmo en gastos correntes que o do ano 2005. Pois o orzamento presentouse prorrogado en gastos correntes o que é un problema, pero o que se fixo foi modificacións de crédito e de feito a cantidade de

recursos xestionados este ano é de 236 millóns de euros con toda a incorporación de remanentes, polo tanto si había un orzamento.

Pero ademais de todo, vostedes falan das mocións pero, presentaron vostedes algunha moción ou algunha proposta á cidade de orzamento, do que farían vostedes xa que estaban tan preocupados? Eu presentáralles unha proposta e vostedes non quixeron discutir, sen máis. Nós temos 10 votos e non nos podemos esquecer diso, o único que fixemos foi xestionar eses cartos e están xestionados. Aquí teño un traballo excelente dos meus compañeiros e o 99% dos gastos que se aprobaron naquela modificación de crédito foron executados, o resto son baixas. Dicían por certo que non nos ía dar tempo. Polo tanto tivemos o orzamento que puidemos.

Logo comentarei algo do orzamento do ano 2005 do que vostedes falan continuamente. Eu que participei naquelas reunións estou un pouco, non canso pero me parece excesivo o argumento de que gracias ó Partido Socialista tivemos un orzamento. Cando nos puxemos a discutir vostedes me presentaron un proxecto de 300 millóns de euros, non me esquecerei na vida e ademais teño o documento porque algún día escribirei un libro sobre todo o que pasa aquí. Tiñamos dispoñibles como máximo 20 millóns de euros para investir e eu preguntábame como priorizar se era absolutamente imposible.

Daquela dinme de conta que sobre o orzamento realmente vostedes tiñan pouco interese; o que tiñan era interese político de amosar que era un partido que colaboraba co goberno, etc. Se iso era o que querían, e a min dende logo me parece moi razoable, xa dixen moitas veces que me parece moito máis interesante ca política do non polo non que teñen agora, xa o acadaron, iso xa o transmitiron á xente e por iso non nos estean vendendo acotío este tema.

Polo que respecta a por que está este orzamento neste momento. Eu a verdade é que coido que a memoria é bastante fraca. Lembren vostedes a serie histórica de orzamentos presentados dende o ano 2000; hai un só que se presentou antes, coido que foi o 17 de xaneiro e vostedes tiñan maioría. Lembren vostedes que houbo un debate a finais do mes de outubro que tiña que ver coas amortizacións de prazas e co orzamento; lembren tamén que o orzamento está pechado dende o mes de decembro e que mesmo en conversas persoais con algún de vostedes pedíronme, faláronme, dixéronme que tentamos poñer o orzamento a mediados do mes de xaneiro ou senón no Pleno ordinario.

Aquí non hai intencionalidade de nada, sinxelamente pasa que nós temos que presentar un orzamento cousa que fixemos. É verdade que a lei, así o pon o informe da

Intervención, di que hai que o presentar antes do 30 de outubro pero ningún de nós cumprimos esta norma, este é un dos que se presenta con máis antelación. De todos os xeitos non sei que medo teñen vostedes ó debate orzamentario se responderan, como eu lles pido, que é o que farían vostedes con estas partidas, con estes cartos.

Agora, concretando un pouco máis os temas que me presentaron os compañeiros de Corporación, xa lle contestei ó Sr. Soto por que trouxemos o do ano pasado a finais de febreiro e o tema dos ingresos.

Eu tiven a oportunidade de lle explicar que no departamento de ingresos hai dúas persoas máis dedicadas só a inspección, que van entrar coa oferta pública de emprego. Ademais a ese departamento se lle dotou con moitos medios e adiántolle xa que cara o ano 2007 hai un plan de inspección previsto para algún dos impostos que me permito non adiantar neste momento porque se non quitaría o efecto da inspección. A realidade é que creceron 10 puntos básicos. Algo ten que ver ademais de que teñamos remanentes, que se faga dun xeito conservador, sen inflar os ingresos no orzamento, coido que é unha práctica de bo goberno en calquera empresa ou organización.

Nós en ningún caso coñecemos onde está a bolsa de fraude e por suposto que un orzamento se pode facer moito máis grande, pódese inflar todo o que se queira pero logo nos levará a un problema grave na facenda municipal cando ese orzamento de ingresos non se poida executar e iso nós queremos evitaren. Por suposto que sabemos inflar un orzamento pero non o queremos facer, diso non se trata e algúns exemplos houbo neste Concello, cousa que tamén xa me preocupe do ver, como se poden inflar ingresos e logo máis tarde hai que pagar esas facturas.

Sr. Viéitez, fálolle do tema de persoal. Efectivamente creamos 34 prazas e amortizamos outras, coido que son 19. Eu pódolle dar unha por unha as razóns das amortizacións, son todas razóns absolutamente xustificadas, faladas e comentadas co Comité de Empresa, pero tamén lle digo que vostede ten a memoria moi fraca porque cando vostedes presentaron o orzamento do ano 2002, non puxeron amortizar 19 prazas, amortizaron 59 prazas e ninguén lles dixo o que vostede tentou dicir. Nós non estamos desmontando traballo público. Vostede nas súas contas non conta con que a oferta pública está aí á volta da esquina e que van entrar 170 novas persoas dentro desta organización. Polo tanto debería ser máis concreto e correcto cos datos.

Fala vostede do Capítulo I, di que este capítulo crece e eu díxenlles literalmente hai un rato que o Capítulo I decrece en 1,1 punto relativo e iso é exactamente así, é unha mera operación matemática.

Fálame do Capítulo II, dos gastos correntes. Estes gastos crecen exactamente o 11%. Lembren que tivemos un orzamento prorrogado e polo tanto temos que actualizar dous anos o IPC nestes dous anos; foron tres puntos e medio que multiplicado por dous son sete. Dos once, sete puntos débense ó IPC e o resto na súa práctica totalidade na partida de gastos correntes débese ó crecemento de contratos que estaban asinados con anterioridade e o único que se fai é desenvolver eses contratos na medida que están asinados os pregos.

Eses contratos non os asinou na súa maioría este goberno. Por exemplo, o contrato dos residuos sólidos que vostede menciona, crece en 4 millóns de euros sinxelamente porque o hai que actualizar e cumprir o que vai no prego. Entón no Capítulo II, o 60% é sinxelamente cuestión de IPC e o resto ten que ver coa actualización dos contratos.

Para o tema dos servizos permitinme facer un cadro para comparar dende o ano 2003 ata o 2007 e non quero seren especialmente pesado pero Educación crece 7,82%, Cultura 98,33%, Normalización Lingüística 69,70%, eses son uns datos. Vostede antes mencionaba outros e eu se quere os poderei cotexar pero non me vou poñer ler aquí todos estes datos. É claro que na meirande parte dos servizos e dende logo os que teñen que ver con Benestar Social creceuse moito.

En canto ós investimentos, está claro porque só é querer sumar. Vostedes non consideran un investimento o pazo de congresos porque non está no Capítulo VI. Como se pode dicir iso? O capítulo de investimentos é a suma do Capítulo VI, do VII e do VIII e iso suma 31 millóns e medio, é matematicamente así e polo tanto non podemos xogar coas cifras. Se vostede compara, fágalo con todo e polo tanto sume os Capítulos VI e VII dos orzamentos anteriores.

Con respecto á intervención do Partido Socialista quero mencionar o tema da deslealdade. Eu se son algo son unha persoa de palabra e como a vostede pódelle molestar o tema da agresividade a min moléstame a palabra deslealdade. Vostede fala de que nós fixemos unha modificación de crédito cos 11 millóns e que faltamos á súa palabra porque cando me sentei a negociar con vostede non llo comentei. Vostede está falando de remanentes, non está falando da capacidade orzamentaria.

A capacidade de investimento nun orzamento está claramente definida, dino os técnicos e para que se manteñan os equilibrios normalmente o que se fixo ata agora é practicamente investir o mesmo que se amortizaba; agora temos 13 millóns máis de euros. Vostede fálame da utilización de remanentes pero é que esta non se pode dar no orzamento, calcúlase posteriormente e dáse con modificacións de crédito, faise así,

tense que utilizar así. Eu non sei se o interventor nos permitiría un orzamento onde o considerado remanente o puxeramos como investimento. Coido que non podería porque os remanentes son para iso, para facer modificacións de crédito e por iso teñen outro momento.

Sobre o tema da oferta pública de emprego xa lles dixen que efectivamente é a máis importante da historia, é unha realidade, dígao coa ironía que o diga. Vostedes non fixeron oferta no ano 2003 e esta é a oferta máis importante e efectivamente ten un atraso, pero lembre que aquí discutimos elementos do Capítulo I e que vostedes me dixeron nun determinado momento (na valoración de postos de traballo) que había que buscar solucións que non mas deron, naquel Pleno nin sequera falaron. A única solución que había era manter uns certos cartos e a partir dese momento a oferta pública está funcionando a toda velocidade e saben que é así porque llo comentei persoalmente, polo tanto non tiren a pedra e agachen a man.

En canto á depuradora debe haber algún erro porque no orzamento consta una partida específica de 1.400.000 euros polo que puidera pasar, consta no orzamento e logo dígolles onde exactamente.

Agora falo do que denomina chafallada no Capítulo I. Como lles dixen antes o orzamento pechouse o 14 de decembro cando a Lei de orzamentos era só un borrador, non estaba aprobada definitivamente; aí constaba un 2% de crecemento. Como lle dixen, nunha reunión co comité de empresa propuxéronme esa posibilidade e o día 28, cando penso que entrou en vigor a lei de orzamentos, é cando se especifica aínda que había dúbidas, o tema do 3% en troques do 2%. Como había dúbidas, porque eu xa preguntara con anterioridade, o único que fixen foi pedir informes ó secretario do Pleno e ó asesor xurídico para que clarexaran este punto. Ese informe coido que chegou a semana pasada e é favorable a que se aplique o 3% e por iso non está no orzamento e por iso comecei dicindo que tería que facer unha emenda caso que se aprobase o orzamento, porque non sei que emenda vou facer se este orzamento non se aproba. En todo caso se queren presento a emenda aínda que non ten sentido.

O único que estaba clarexando é que xa hai unha partida onde xa estaban atopados os 365.000 euros que este cambio supoñía e que eu o presentaría como unha emenda. En todo caso todo isto informouse ó comité de empresa e en particular ó seu presidente para que miraran que non hai ningunha chafallada nin imprevisión, senón que se dan as circunstancias que se dan e os procesos non se poden parar.

Por último quero comentar e dar un dato porque vostedes falan do tema das parroquias. Se tanto lles preocupa o informe, por que non se sentan a falar connosco cun papel en branco e vemos que necesidades hai? Escribímolo e temos un orzamento porque nós o que queremos concretar é o plan parroquias, se como vostede di antes non se fixo agora o queremos concretar, pero vostedes, que propoñen en troques diso? Absolutamente ren.

Pero ademais diso, facendo os cálculos que fixemos para estes 250 millóns de euros, aparece claramente que hai máis, 250 son para o total da cidade, hai temas que son de cidade en xeral e aparecen case 80 millóns de euros acadados para parroquias. O problema é que vostede define as parroquias agora pero non define como as atopamos e en todo caso está claro que as parroquias necesitan moitos máis recursos e por iso queremos levar cara adiante o plan de investimento que consta neste orzamento. Non son coherentes porque vostede le iso e cando viñemos aquí para a modificación de crédito díxonos que o único que pasaba era que non iamos ter cartos, que non nos permitían facer máis, non podíamos ir ós 18 millóns porque nos cargaba a facenda municipal. Pois se agora temos cartos e temos o tempo para poder executar, cal é o problema? O problema é que nos acusan a nós de electoralistas, de que estamos presentando este orzamento para as eleccións e se non o presentáramos tamén nolo dirían. Por que non se poñen a traballar? por que imos perder o tempo, esperar ata logo das eleccións para completar un plan de investimentos no que todos practicamente estamos de acordo e que hai que dedicar nunha medida importante ás parroquias desta cidade? Coido que esa resposta a teñen que dar vostedes e non eu.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Guerra, vostede fixo un comentario polo camiño que reflicte o seu pensamento, o pensamento das persoas que só pensan en votos e nunca en razóns, dixo que os meus votos non lle chegaban para aprobar o orzamento. Non importa se o que dicimos é sensato ou non, se é ou non conveniente para a cidade, só lle importan os votos, os de fóra e os de aquí pero non as razóns nin as cousas que hai que facer.

Iso é parte na miña opinión dunha filosofía nefasta e dígollo contundentemente pero que non deixa de ter unha razón obxectiva de ser. Os cidadáns teñen que saber que non valen as razóns, que nesta Corporación non teñen validez nin cando se montou a liorta que se montou, nin agora, nin na anterior, nin na próxima, aquí hai capacidade de decisión para que non estean instalados nesta sen razón permanente que semella a

política viguesa onde todo o mundo quere dicir que esta cidade é fantástica e vai moi ben, malia o Concello vai todo moi ben e a vostedes non lle debe dar vergoña. A min si que ma dá sentirme incluído dentro dese colectivo do Concello.

Vostede fai unha especie de reto público como se realmente o documento que presenta como orzamento fose unha especie de verdade universal que todos tivésemos que adorar, case en plan relixioso, en plan místico ou polo outro tipo de comentarios, como se os demais non fósemos quen de facer un orzamento diferente.

Sr. Guerra, dígolle de novo que ós erros me remito. Vostede dime neste Pleno o mesmo que me dixó en Plenos anteriores con respecto ós ingresos: vaise mellorar, imos facer... Pero non se fixo e estoulle dicindo dende o primeiro intre da Corporación que o tería que ter feito xa e vostede escolleu outro tipo de camiño absolutamente contrario ó que por certo tamén predicaron na campaña electoral anterior, dixeron que ían rebaixar a fiscalidade ou non sei que.

Ó non atacar as bolsas de fraude, que as hai e moi importantes porque as segue habendo e denúncioo outra vez publicamente. Xa verán como o imos corrixir, seime xa esa lección porque xa a fixen, falando no seu idioma cotiá, e como a sei dígolle que é perfectamente posible e que sería o primeiro que habería que atacar para ter unha política impositiva medianamente xusta que, por certo, ó mellor permitiría rebaixar a fiscalidade dos demais ou non, pero polo menos habería xustiza e unha maior masa de ingresos que permitiría facer outras moitas máis cousas.

Vostede descualifícanos a todos, dicía antes que non temos nin idea. Pois si, Sr. Guerra, xa lle falei de ingresos e agora volve falar de gastos para lle dar unhas pinceladas rápidas pero para que entenda que temos políticas radicalmente diferentes en moitas cousas.

Nós poñeríamos o acento total no que vostedes non fixeron: nos servizos de barrios e parroquias. Vostedes, que claman tanto agora por este plan parroquias, era o plan parroquias que tiñan a oportunidade de votar pero votaron outra cousa porque pactaron outra cousa co Bloque. Non escolleron o que dixó a Federación de Asociación de Veciños que presentamos nós, escolleron outro pacto para facer cousas diferentes. Como ven dicir que cre tanto nisto agora? Se cre tanto nel, por que non o votou cando tivo a oportunidade de que se aprobara no Pleno? Cando menos perdoe que non o crea, considéoo unha artimaña política e nada máis.

Dicíalle que nós fariamos moito máis investimento, os nosos maiores terían máis centros de atención e máis asistencia domiciliaria, os nenos terían máis parques infantís

e dende logo moito máis coidados que os que hai e falo de historia, quen queira que volva a vista cara atrás, non só con nós tamén con algúns máis, por certo. Con respecto ó de agora dende logo é unha verdadeira dexeneración como está este tema. Os mozos terían máis lugares de estudo, habería máis bibliotecas. Os traballos a prol da normalización lingüística serían multiplicados a prol dunha normalización lingüística tranquila, persuasiva e non impositiva agás nalgúns cenáculos que coido que temos obrigas doutro tipo.

Pero tamén habería partidas de gastos para que o Concello fixera todas as visitas posibles a todos os concellos do norte de Portugal para traballar a prol do AVE. Tamén habería estudos previos para ver onde, como e de que xeito se podería establecer unha nova ponte sobre a ría. Tamén habería estudos para veren se é posible, como se nos está demandando socialmente dende tantos lugares, ampliar as zonas industriais da cidade. Ou un longo etcétera que non lle vou debuxar máis. Estoulle a debuxar conceptualmente bases de temáticas do que sería un orzamento diferente.

Noutra ocasión que aínda tiña ilusións fíxelle emendas para “xustificar” politicamente unha abstención do Partido Galeguista. Esta vez, non se decata de que nin iso fixemos? Voulle explicar polo que: porque eu non creo no que fan. Non quería parecer dende o Partido Galeguista, se me permite politicamente a expresión, contaminados coa súa política orzamentaria, que non pensaran os cidadáns que como me aceptan 3 ou 4 emendas por iso facemos unha transacción que sería lícita pero non conveniente porque sería abeirar un orzamento que non compartimos.

Por esa razón a nosa abstención esta vez “sáelle de gratis”, pero non é gratis para vostedes porque xa dixen que era un voto moralmente en contra, é gratis a favor do pobo de Vigo, naturalmente.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Voume remitir ós documentos. Informe económico-financeiro do orzamento de gastos do Exercicio 2007 asinado pola alcaldesa-presidenta. Capítulo VI, investimentos reais, fala de 18,11 millóns de euros. Vostede di que fago trampas e que hai que sumar os Capítulos VI, VII e VIII, pois os sumamos. Capítulo VII, transferencias de capital, a que van dedicados? A algo que vostedes nos dixeron que nos saía gratis pero que xa están feitas as obras e agora temos que pagar, algo que coido que vostedes lle chaman Vigo 2005-2007. Pois precisamente ese Capítulo VII, transferencias de capital, contempla basicamente deses 11 millóns, a inmensa maioría son transferencias ó programa Vigo 2005-2007 e ó pazo de congresos.

Fala vostede de obras e polo tanto fale tamén con propiedade nese sentido. O Capítulo VIII, activos financeiros, de 1,34 millóns para atender á participación no Consorcio de Servizos Sociais así como á participación no convenio de Bureau e o incremento sobre o previsto que tiñan. Polo tanto, se estamos falando de investimentos reais que nos permitan facer cousas novas, temos que falar do Capítulo VI e a suma do VII e non máis. En todo caso onde se amosan as claras intencionalidades, porque Vigo 2005-2007 e o pazo de congresos é un gasto comprometido no Capítulo VI e aí poden ver perfectamente a evolución dende o ano 2000 ata agora, os investimentos reais a través da liquidación dos orzamentos e vexa vostede en que termos estivemos e en que termos estamos. Non nos imos aburrir coas cifras pero aí están.

Por certo, non contestou nada da maior parte da nosa intervención, foise por outros camiños. Faleille do peso que teñen eses servizos no montante global do orzamento, cousa que vostedes non desmentiu senón que pola contra está afirmándoo.

A respecto do Capítulo I serei moi breve. Hai un dato incuestionable independentemente de calquera outra cousa. No mandato 99-2003 tiveron a oportunidade de ingresar 215 persoas neste Concello; no seu mandato, atrasado pero é igual porque llo hai que imputar a vostedes, 103 persoas, esa é a realidade e non hai outra. Non me fale vostede de que a oferta de emprego vai ser de 169 prazas porque non é certo xa que 66 son de promoción interna. Fáleme da quenda libre e non de promoción interna porque senón falamos das mesmas persoas que traballan pero que melloran a súa situación, falemos da oportunidade que ten a cidadanía de acceder ó emprego público que xera unha administración, neste caso o Concello de Vigo e os datos son irrefutables.

Por certo, da súa proposta vou falar única e exclusivamente da quenda libre porque hai que seren rigorosos, séxao vostede tamén; desas 103 prazas que vostedes ofertan de quenda libre 51 estaban recollidas na oferta de emprego creada no 2003 e vostedes non foron quen de executar e non se lle pode imputar precisamente a este grupo político; 51 prazas das 103 que vostedes sacan agora. Fale en todo caso con tremenda rigorosidade xa que o demanda dos demais.

Se os seus amigos viaxan moito pregunteltes como son quen de entrar no aeroporto de Vigo porque ó mellor lle din da súa xestión que fixeron a través coas outras administracións para mellorar. Ese é un exemplo pero lle podo poñer mil e un máis: a avenida de Madrid vella, a nova, etc.

Onde estaban as actuacións das parroquias no 2005? Se tanto empeño tiñan e teñen, onde estaban no borrador do orzamento do 2005 e no do 2006? En ningures. Foi o BNG quen o tivo que arranxar e ademais cunha proposta moi axustada á realidade como demostramos na práctica porque algúns dos proxectos estaban aínda en cueiros.

Sobre as alternativas do PP, poñen vostedes algunha alternativa nova? O único que están xestionando son as políticas do goberno do BNG e do PSOE. Vostedes están facendo humanizacións. Por certo, cal era a súa postura nos anos 99 e 2003 a respecto das humanizacións? Que logo se encargaron vostedes de inaugurar. Dámonos por contentos porque son obras dese goberno como xamais houbo, para o noso entender, nesta cidade.

Ou os comedores escolares, ou o segundo cinto, ou o billete de transferencia. É o que están facendo vostedes, política moi contestada dende ese grupo municipal, remítanse vostedes ás súas intervencións dende o ano 99 ó 2003. Nalgúns dos aspectos aínda lles queremos lembrar os cualificativos que utilizaron a respecto de determinada humanización moi próxima ás Travesas que se chama Praza da Independencia, cando nos acusaron de anti-demócratas e resulta que vostedes son os máis anti-demócratas porque non só non cumpriron o que propugnaban senón que o utilizaron de xeito partidario e agora precisamente están afondando na política que fixeron daquela o BNG e o PSOE naquel goberno bipartito.

O que están facendo vostedes é continuar o noso programa, a maior parte das obras que fixeron son as que nós deixamos ou proxectadas ou en marcha. Pero necesitamos máis e efectivamente ese máis mirarase cando corresponda que é precisamente na nova Corporación e con outro goberno alternativo, nin máis nin menos. O resto, os datos están aí para que todo o mundo contraste e corrobore.

Vostede fala de que só tiveron unha oportunidade; depende, o único goberno desta cidade con maioría absoluta foi o de seu e só foron quen de aprobar dous orzamentos. Quen llo impediu? Daquela coido que non foi a oposición, pregúntenlles ós seus compañeiros de bancada que posiblemente teñan tamén bastante memoria.

SRA. GRAÑA BARCIA: Unha pequena precisión en canto ó tema da depuradora. Cando antes faciamos mención a que non aparecía ningunha partida relativa á depuradora é porque o único que aparece é un capítulo cunha denominación xeral referida ó saneamento, coido lembrar que de 1.300.000 euros aproximadamente, que interpretamos que é unha partida de previsión para todos os problemas de saneamento

de Vigo, se esa cifra é insuficiente para ese obxectivo, maximamos que non incorporan tamén aí a nova depuradora, senón esa cantidade aínda sería moito máis insuficiente. Cando me fai a precisión respecto ó ano 2005 e á modificación contra remanentes de máis de 11 millóns de euros, efectivamente é unha demostración de como vostedes negocian. Non pode a estas alturas dicir que cando negociaron o orzamento do ano 2005 non nos falon de algo máis de 11 millóns de euros porque realmente tería que ser unha modificación posterior contra remanentes. Non, se un negocia e efectivamente é leal nesa negociación, debe dicir que existe outra posibilidade á parte dos orzamentos para poder achegar máis investimentos, co que efectivamente é unha demostración nas súas propias verbas desa deslealdade.

Dende a nosa opinión e respectando a súa postura, Sr. Guerra, porque maximo que “doutrinas haberá distintas”, nós interpretamos como investimentos o Capítulo VI e o que si lle podo dicir é que cada cifra que mencionamos sempre foi unha comparativa, tanto co ano 2005 como respecto ó 2006 pola modificación que se realizou, ou cando falamos de orzamentos doutros Concellos estamos a falar de Capítulo VI, en todos os casos, xamais lle fixemos unha comparativa onde nos referiamos ós 18 millóns do Capítulo VI deste proxecto de orzamento e cifras correspondentes a sumas de distintos capítulos noutros anos ou noutros concellos. Cando falamos de 18 millóns e de que no ano 2005 este Concello dispuxo dun investimento superior ó que neste momento se presenta, falamos exclusivamente de Capítulo VI.

O problema, Sr. Guerra, é que non é crible e lamento dicirlllo pero tampouco é coherente. Todas as súas verbas están moi ben pero o que non acabamos de entender é que isto se estea dicindo no 2007, catro meses antes dunhas eleccións municipais e non se dixera ren no ano 2006. Entre outras razóns, Sr. Guerra, porque vostedes puideron aprobar un orzamento no ano 2006 se o presentaran diante do Pleno, aínda no suposto de que efectivamente non tiveran a confianza deste Pleno e non o puideran aprobar nunha primeira instancia porque poderían ter utilizado vostedes o recurso legal da cuestión de confianza. Pero non, preséntano hoxe cando saben perfectamente que por prazo legal non poden recorrer a ese instrumento.

Lémbrolles o que coído que xa se dixo en distintas ocasións neste Pleno, as propostas de orzamento tenas que facer o goberno e non a oposición.

Aquí só hai un obxectivo, Sr. Guerra, o seu único obxectivo oportunista é buscar unha desculpa para durante estes catro meses, posiblemente por carta porque vemos que se confirma que o estilo epistolar é o que máis lles gusta, dicirllles ós cidadáns que

vostedes non poden facer ren porque non aprobaron un orzamento porque os mozos e mozas da oposición fomos moi malos. Pero hai unha diferenza fundamental con nós; nós non lles teremos que dicir ós cidadáns que durante estes anos vostedes non fixeron absolutamente ren porque os cidadáns xa o saben e esa é a grande diferenza.

Ademais as súas verbas lle traizoan. Coido lembrar que Juan e M^a Jesús pertencían a Novas Xeracións do Partido Popular, xa pasaron dos 30 e xa son afiliados ó Partido Popular, xa non están en Novas Xeracións. Pois por iso fan vostedes o orzamento, aí está a súa explicación, por iso utilizan precisamente ese exemplo onde as súas prioridades, como vostede mesmo dixo, son as luces do Nadal e a Cabalgata de Reis; esa é grande diferenza entre Juan, M^a Jesús, vostede, o seu goberno e a alcaldesa e os que estamos sentados neste banco. Moitas gracias.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Comezarei pola intervención da voceira do Partido Socialista que insiste no tema do orzamento do ano 2006.

Eu xa lle expliquei, Sra. Graña, que se lembra as súas declaracións, as súas conversas políticas primeiro privadas e as súas declaracións públicas, vostede non tiña ningún interese en aprobar ningún orzamento e por iso o que fixemos foi utilizar a figura da modificación de crédito para que esta cidade non quedara completamente paralizada e puidéramos utilizar os remanentes dos que dispoñíamos.

Neste caso, no orzamento do ano 2007, nin vostede nin ningún dos grupos me poden negar mirándome á cara que non tentara falar con vostede en infinidade de oportunidades, púxenme ó seu dispor de todas as formas posibles para tentar chegar a un acordo, vostede non me poderá negar a min que eu lle dixen que podíamos negociar dende a partida cero, que non había ningunha condición porque non é que nós non teñamos un plan político, Sra. Graña, o que nós non temos son votos para poder levar cara adiante o orzamento. Todo o que vostede me dixo ata agora non contesta nin unha soa das preguntas.

Supoñamos que nós somos un desastre, que non temos nin idea, que o orzamento é un desastre absoluto, que queren facer vostedes coas partidas da humanización de Travesas, coa humanización de Coia, coa de Lavadores, cos 12 millóns que van consignados do Plan Parroquias? que queren facer vostedes con eses cartos? Segue sen se decatarse ninguén, nin vostedes, nin o Bloque; o Sr. Soto deu unhas pinceladas do que faría. Vostedes seguen dicindo que este é un plan electoralista e non sei que máis pero non lle deron ningunha resposta.

Voulo poñer máis fácil. Saben perfectamente, os dous grupos e o Sr. Soto tamén obviamente, que calculándoo tecnicamente practicamente o 85% dos orzamentos son uns gastos ríxidos sobre os que hai poucas posibilidades de movemento, esa é a primeira premisa. A segunda é que onde non estaremos de acordo será no capítulo de investimento; igual para estes efectos xa me dá igual se é o Capítulo VI, VII, ou VIII. A terceira é que esta cidade precisa investimentos.

Cuarta, eu pñoñome en contacto con vostedes porque non teño os votos para chegaren a un acordo sobre o capítulo de investimentos e a quinta é que vostedes non contestan; os señores do Bloque contestan, propoña o que lles propoña, aínda que propoña o orzamento do ano 2003 tampouco o votarán porque o presenta o PP. Os señores do Bloque recoñecen que nalgunha rúa da cidade fai falla un investimento pero que vai ter que esperar ata logo das eleccións sinxelamente porque o presentan os do PP. Iso é o único que me contestaron, nada máis e xa lles digo que parto da premisa de que somos un desastre, de que todos os datos que vostedes dan son certos, de que o capítulo de investimentos é menos do que eu digo. Supoñendo todo iso que é moito supoñer, non existe ningunha alternativa para os cidadáns e diso si deben estar cansos porque eu estou expoñendo aquí un proxecto, non teño outra forma do aprobar porque non teño os votos suficientes.

Vostede debe estar moi afinada sobre a moción de confianza, fíxese que eu nin sequera sabía que había esa posibilidade dos tempos. Sinxelamente o que estamos a facer é presentar un orzamento en tempo e forma para que se poida executar.

Quero comentar o tema do capítulo de investimentos. Xa lles digo que lles concedo a vantaxe de que supoñan que este capítulo é só de 18 millóns e medio pero entón, non é investimento o auditorio? Ou o que vostede chama Vigo 2005-2007? Dille iso ós cidadáns? Lémbrolle que os investimentos son e así foi sempre a suma deses tres capítulos. O que acontecía era que en anteriores legislaturas eses capítulos eran moi pequenos, a penas tiñan importancia e polo tanto non se sumaban, pero esa é a realidade das cousas e vostedes non lles poden dicir ós cidadáns que un investimento como o de Vigo 2005 non é un investimento. Outra cousa é o xeito de financiamento pero iso é un investimento e así consta no orzamento.

Vostedes din que estamos seguindo a súa política. Lémbrolles que isto me semellaba unha película e que xa todo o mundo sabía en que ía rematar; paréceme, Sres do Bloque, que vostedes falan como se a película aínda estivera en branco e negro. Falan do ano 99, do 2003, pero coidan que lles podemos responder ós cidadáns falando deses

anos? O que queren é saber que imos facer hoxe en día, que estamos facendo, que é o que propoñemos. Non había nin un só proxecto por pechar cando vostedes deixaron o goberno e aquí hai un documento que non vou ler explicitamente pero onde se relacionan 250 millóns de euros.

Podería ir partida a partida: puntos de luz que se cambian en camiños, substitución de colector en camiño Caringosta, plantación e xardineiras en aparcadoiro de Samil, gastos de mantemento, asfaltados da Deputación de Pontevedra en infinidade de rúas, por exemplo esa partida ten 477,000 euros, e así sucesivamente. Coido excesivo ler iso porque son case 10 páxinas, pero si lles podo ler o que está separado por parroquias: Beade, 6 millóns de euros; Bembrive máis de 3 millóns de euros; Bouzas 666.000; Cabral 2 millóns; en total son 70 millóns de euros. Que vostedes digan que isto é a continuación da súa política semella cando menos un pouco broma polo dicir suavemente.

Ademais, Sr. Viéitez, o que vostede di non é en absoluto coherente. Vostedes nos daban a nós a solución ficticia no ano 2005 da modificación de crédito. Cando presentamos nas asociacións de veciños unha solución vostedes din que non vale, que era demasiado ambiciosa. Pois se era ambiciosa, premisa 1, e agora temos os cartos, premisa 2, vostedes votan negativamente. Todos os seus argumentos desmóntanse porque vostedes comezan dicindo que non aprobarán ren do PP e iso si que me semella unha posición bastante retrógrada e anticuada porque non aprobarán nada do que presente o PP, sexa como sexa. Por certo, vostede polo menos reconece que o Capítulo VIII é de investimentos: Vigo 2005-2007 e pazo de congresos.

Sobre as persoas que entran no Concello vostede fai a conta que lle parece e hai unha diferenza de 70 persoas. Eu non creo que ninguén pense que traer persoas a unha organización, a unha estrutura é bo en si mesmo; haberá que traer as persoas que sexan necesarias, que se adapten ós postos que haxa que cubrir e non as hai que traer por traer. En todo caso vostede fai as contas de 4 anos e eu fágollas de 3, pero ademais de todo me di a min que a responsabilidade da oferta pública de emprego do ano 2003 é nosa, cando nós comezamos a gobernar o 13 de decembro do ano 2003, como me pode dicir iso? Vostedes no 2003 non fixeron ningunha oferta, non a discutiron, non a negociaron e sabe vostede que a oferta vai vinculada co orzamento.

Tamén lle repito que non escoitei nin unha soa opinión sobre as partidas concretas que van neste orzamento que é o que os cidadáns queren saber, sinxelamente, xa temos claro que sexa cal sexa a partida a resposta é non.

Sr. Soto, sobre o tema dos ingresos repítolle novamente que teño toda a información sobre o que se está a facer no capítulo de ingresos, paréceme sinceramente que é un dos departamentos mellor xestionados deste Concello e xa lle indiquei que no cadro de inspección se vai introducir un inspector titulado superior e un inspector adxunto. Tamén lle comentei todo o tema da cartografía catastral e todo o que se está a facer no referente a recursos, tanto de *hardware* como de *software* para un mellor control da xestión.

Xa lle dixen tamén que estamos preparando un plan de investigación/inspección sobre un dos impostos pero sinceramente vostede que fala tan brillantemente, ás veces me parece que se lle escapa un pouco a forza das verbas. Sinceramente coido que non deberían dar pé a dicir que hai bolsas dentro da cidade sen controlar, paréceme de verdade completamente excesivo e tendo en conta os resultados de ingresos que se están acadando é excesivo.

SRA. GRAÑA BARCIA: Unha precisión. Eu coido que lle entendín que non sabía que se podía aprobar un orzamento cunha cuestión de confianza, non o rectifica, non?

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: O que quería dicir é que vostede está medindo os tempos nos que se lle presenta un orzamento por se hai unha moción de confianza e eu en ningún caso estou pensando niso, polo menos persoalmente e como concelleiro de Facenda. O que quero dicir con iso e para que quede especialmente claro é que non estou pensando nese tipo de motivacións políticas, estou pensando nun orzamento para a cidade, nin máis nin menos. Se no ano 2006 non se presentou o orzamento, xa lle expliquei varias veces por que, tamén lle expliquei porque se presenta no 2007.

SRA. GRAÑA BARCIA: Sr. Guerra, nós fomos goberno e presentamos unha proposta de actualización das taxas que é a primeira fase na elaboración dun orzamento como coido que ben sabe; presentamos unha moción de confianza para aprobar esas taxas e por iso vostedes hoxe son goberno, por iso poden presentar un orzamento. Paréceme de verdade, Sr. Guerra, moi grave a súa afirmación de que non sabía que podía utilizar este instrumento ou que nin sequera o tivo vostede en cont. Realmente é algo que asusta porque, que outras cousas elementais e fundamentais non ignorará vostede e aínda ó mellor non descubrimos? Quédanos tamén a dúbida de se a Sra. Alcaldesa efectivamente sabía ou non desta posibilidade.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Eu probablemente sexa moi burro e téño claro, non se preocupe que non son un descoñecedor disto, do único que falo é de intencións, nada máis. Non estiven falando doutra cousa máis que de intencións e se non se presentou un orzamento, repito novamente, é porque daquela utilizamos a única ferramenta da que dispoñiamos para levar cara adiante un orzamento, nin máis nin menos que iso. Polo tanto, se lle parece a vostede que son unha persoa que descoñece isto, o único que lle pregunto a vostede, non sei se ós cidadáns lles interesa especialmente iso ou lles interesa que vostedes lles conten que farían cos cartos para investir, que farían vostedes co orzamento porque aínda absolutamente ninguén o sabe en tres anos.

(Está ausentes a Sra. Bermúdez Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Toba Girón e Viéitez Alonso, dez votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dúas abstencións dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Rexeitar o orzamento xeral do Concello e dos seus organismos autónomos para o ano 2007.

4.- (6).- DACIÓN DE CONTA DE INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 45.268,48 € A FAVOR DA EMPRESA SETGA, S.A., POR TRABALLOS COMPLEMENTARIOS DAS OBRAS DE ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL E INSTALACIÓNS DO LAGARES-BALÁIDOS, CON CARGO Á PARTIDA 4324.611.00.00.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 26 de decembro de 2007, adoptou o seguinte acordo:

“11.- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 45.268,48 € A FAVOR DE SETGA S.L., POLOS TRABALLOS COMPLEMENTARIOS DAS OBRAS DE ALUMEADO DO CAMPO DE FÚTBOL E INSTALACIÓNS DO LAGARES-BALAÍDOS. EXPTE. 11771/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15.12.06, e de acordo co informe-proposta do coordinador de Área de Servizos Xerais, do 22.11.06, conformado polo concelleiro da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Recoñecer unha indemnización substitutoria por importe de 45.268,48 € a favor da empresa Setga S.L., polos traballos complementarios das obras de iluminación do campo de fútbol e instalacións do Lagares-Balaídos, con cargo á partida 4324.611.00.00.

2º.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice de conformidade co previsto nas bases de execución do orzamento.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 22 de xaneiro, quedou enterada do contido do anterior acordo.

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

Neste intre toda a Corporación Municipal e mailo lo público asistente no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas mulleres vítimas da violencia de xénero.

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: Unha cuestión de orde. Temos unha advertencia da Sra. Méndez no último Pleno que logo recollemos na Xunta de Voceiros, de seren o máis breves posibles nas mocións e facer unha quenda de intervencións axustada. Eu trasladolle á Corporación o que falamos nesa Xunta de Voceiros, polo tanto se seguimos a recomendación ben, senón nolo di ó remate do Pleno.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Non era unha advertencia, era un rogo.

SR. SOTO FERREIRO: O rogo que llo faga cada voceiro ó seu grupo e así rematamos antes, vostedes son moitos máis.

5.- (7).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG RELATIVA Ó ASENTAMENTO DAS PLANTAS INDUSTRIAIS DE PESCANOVA NO NOSO PAÍS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 24 de xaneiro de 2007, o voceiro do Grupo municipal do partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

“Que o Goberno Galego non sexa quen de se poñer de acordo cunha industria bandeira de Galicia onde as haxa como é Pescanova, parécenos un feito de extremada gravidade. Non comprendemos que non se fagan todos os esforzos precisos para que empresas dese calibre poidan estaren asentadas, e mesmo a gusto, no noso País.

No nome de quen se están a facer dende a Xunta de Galicia políticas que botan cara a fóra de Galicia a industrias tan importantes e ademais xenuinamente nosas? Xa é censurábel non atraer a novos investidores para que axuden crear emprego aquí, pero botar para fóra ós que temos parécenos un erro descomunal e inxustificábel. E a chulería da resposta de membros da Xunta dicindo máis ou menos: “Se se van estes xa virán outros” sona a irresponsabilidade supina por non saber negociar en ben do noso País.

Coidamos que a meirande parte dos galegos apostan por crear emprego, non por destruílo. E todos somos conscientes de que a creación de emprego sempre comporta algúns custos. E do mesmo xeito que non serían asumíbeis custos duros para o medio ambiente, tampouco nos parece asumíbel poñernos nunha actitude “tan purista” que signifique unha condena económica de Galicia ó non nos permitir ter industrias transformadoras, porque entón estaríamos condenados ó subdesenvolvemento. (Será tamén que non nos poñen o AVE para preservar o medio ambiente coa volta ás dilixencias?)

Moitas galegas e moitos galegos queremos ter industrias potentes e, a poder ser, estarmos en sectores de liderado mundial, cousa moi difícil. E mira por onde iso pásanos coa pesca e débenos pasar coa acuicultura. Podemos e debemos ser transcendentales a nivel mundial no eido dos cultivos acuícolas, pero a Xunta de Galicia está a frear este sector porque non ten sido capaz de poñer en marcha un Plan Sectorial de Acuicultura.

Que a industria viguesa Pescanova teña o seu asentamento principal aquí fainos felices. Que medre noutras partes de Galicia, tamén. E de non ser así, pola incompetencia do Goberno Galego: Menos mal que nos queda Portugal! E...Viva Pescanova!

Consonte co antedito propoñemos:

Pedirlle ó Goberno da Xunta de Galicia que faga todos os esforzos precisos para que Pescanova poida asentarse as súas plantas industriais no noso País.”

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do 22 de xaneiro, tomou coñecemento do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Algúns cidadáns estamos máis que preocupados escandalizados co tema de Pescanova. Que unha empresa tan senlleira, como digo na moción, bandeira onde as haxa en Galicia, teña que recorrer a marchar de Galicia para facer asentamentos industriais porque aquí non hai plans gobernamentais galegos que lle permitan un asentamento é arrepiante.

Galicia, sobre todo as dúas provincias do interior, está na cola das economías europeas e estando así, como nos podemos permitir un luxo de tal calibre? Ó mesmo tempo Galicia en pesca, tamén en acuicultura, é unha potencia no mundo e se a Xunta de Galicia no nome das galegas e dos galegos non establece políticas favorecedoras para o asentamento de empresas en temas acuícolas dende logo que deixaremos de seren bandeira.

Agora mesmo, co asentamento ou non de Pescanova, Galicia será ou deixará de seren a primeira produtora do mundo en cría de rodaballo con todo o que iso poida significar. Ese é un tema moi grave, nos temas en que podemos ter certa fortaleza os galegos realmente empezamos a poñer unha serie de atrancos e teñen que marchar a outro lado.

É incomprendible, é como cando os anteollos se poñen ó revés e se ve todo tan pequeno; como se fixo con Pescanova no tema de Cabo Touriñán para o citar moi claro, non nos parece de recibo, non pensamos que o goberno galego fixera todos os esforzos que debiera para non só permitir, senón que Pescanova se sinta a gusto na nosa terra.

O Partido Galeguista pídelles a vostedes, porque Pescanova é de toda Galicia, por suposto, pero estando en Chapela é máis nosa e por iso pedímoslles a todos vostedes que apoiem unha moción que sendo duramente crítica na súa exposición de motivos, é moi moderada no que pedimos porque é pedirlle ó goberno da Xunta de Galicia que faga todos os esforzos precisos para que Pescanova poida asentarse as súas plantas industriais no nos País.

Son consciente de que ás veces cando un fala dun goberno e cando hai un goberno como o de Galicia que é bipartito, na opinión do Partido Galeguista as culpas non se reparten ó 50%, semella publicamente que o Conselleiro de Industria camiñara nunha dirección e non semella que os asuntos pesqueiros concretamente e o Presidente da Xunta de Galicia camiñaran na mesma dirección, por lles deixar unha insinuación clara.

En primeiro lugar quixeramos ó goberno galego turrando dun mesmo carro chamado Galicia e facendo moitas políticas e boa parte delas en defensa do medio ambiente. Aplicando tamén políticas de sostibilidade pero os asentamentos de Pescanova non ían en contra de ningún parámetro da Comunidade Europea relativo ó medio ambiente. Polo tanto, cando antes facía o comentario de que é como quen colle os anteollos ó revés que se ve todo enormemente pequeno e afastado, esas son as lupas que colleron con Pescanova e alguén saberá por que.

De momento o resultado é unha instalación moi grande de Pescanova a Mira-Portugal. Non nos entristece que sexa en Portugal pero si que non sexa en Galicia e dende logo cando se fala doutras posibles plantas, falo das do norte de Lugo e falabamos antes de Lugo e Ourense na cola da cola da industrialización de España e de Europa, pero cando se fala de que se poden ir e escoito como lle escoitei a un moi alto responsable do goberno, conselleiro de Economía, dicir que “se se van estas virán outras”, paréceme unha declaración dunha irresponsabilidade que alguén lle ten que empezar a contestar dende algures que non son os donos de Galicia, que teñen que gobernar Galicia pero non poden falar con esa irresponsabilidade dunha das maiores industrias do País. Así de claro e de contundente.

Ogallá sexan quen de rectificar, é do que trata esta moción, pide que se fagan todos os esforzos razoablemente posibles dentro da lei, como non pode ser doutro xeito, en cumprimento da lexislación vixente si, pero que se axude e non que se lle poñan atrancos e cambadelas, senón que se axude para que Pescanova e calquera outra industria se poidan instalar. As de bandeira como pode ser Pescanova seguramente a mais, pero calquera delas que se poida instalar no noso País.

Non é esta unha moción superficial, pode afectar demasiado ó noso futuro, hai que lle dicir á Xunta de Galicia que non imos estar impasibles os galegos cando non se fan todos os esforzos posibles na dirección que se deben facer e por iso lles pido que voten a favor.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Malia a exposición de motivos, o Grupo municipal Socialista vai votar a favor do que se propón como acordo do Pleno desta Corporación. Facémolo porque coidamos que isto é o que está xusto a facer xa o goberno da Xunta de Galicia, todos os esforzos posibles e precisos para que Pescanova poida asentarse as súas plantas industriais no noso País.

Vostede clarexouno: todos os esforzos precisos, non incumprindo a legalidade. Somos moi conscientes de que en ocasións o punto xusto entre defensa dunha política medio ambiental correcta e a creación de postos de traballo e os investimentos industriais, é difícil e complexa, pero coidamos que non se pode seren ecoloxista só logo de ver o documental do case presidente dos EE UU, Al Gore, e esquecerse cando hai que tomar decisións desa formulación medio ambiental en defensa do medio ambiente.

Coido que o nivel de esixencia medio ambiental que está defendendo a Xunta de Galicia é o axeitado, estamos orgullosos de que se poña ese acento nese nivel porque de seguro que iso vai supoñer a curto, medio e longo prazo que o seguinte aspecto, a creación de plantas industriais, o maior crecemento, que haxa máis empresas e máis postos de traballo, vai estar intimamente ligado a que acertemos na esixencia dese nivel medio ambiental.

O grupo municipal socialista está moi orgulloso do nivel que ten nese punto a Xunta de Galicia e como tamén entendemos que é preciso facer o máximo de esforzos, é polo que non entendemos en absoluto contraditorio votar a favor da proposta deste acordo. Ímolo facer pero sabendo que iso é o que xa está a facer a Xunta de Galicia actualmente.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Calviño, con brevidade e rotundamente: se iso é o que está facendo a Xunta de Galicia están facendo francamente mal porque os resultados son os que son. Se esa é a intención, cousa que me alegraría poder crer, estano facendo moi mal. Ou vostede pensa que unha industria de semellante calibre decide cambiar de localización porque si? É unha decisión moi grave na vida dunha empresa, das máis graves que poida tomar unha empresa na súa vida. Estana empurrando a irse de Galicia porque tiña todos os documentos preparados, Sr. Calviño, para se poder asentarse, agás a licenza de actividades e hai moito tempo que a señora conselleira de Pesca dixo que non lla ía dar.

Hai unha animadversión dalgúns membros do goberno do Partido Socialista con esa empresa en concreto que se percibe moito dende fóra e hai que gobernar con maior dose de xenerosidade para de verdade atender os problemas do País e non con posicións de prepotencia insostibles que lle prexudiquen.

Díxennos antes que dende fóra, os que vemos algo de política, vemos as actitudes e eu non vexo esa actitude de prepotencia no señor conselleiro de Industria a quen lle afecta parte do tema, pero noutros si e teñen que ser quen nun tema tan grave de deixar a

prepotencia ó carón, que alguén busque un camiño e que os senten a tomar un té da paz. Déixense de regueifas políticas e de ver quen manda máis porque esas políticas, se prexudican tan gravemente a Galicia non se deben levar a piques.

En todo caso a proposición da moción é moi moderada porque quere ser moi respectuosa co Goberno Galego e por iso, porque queremos se é posible dar un toque de atención para que por favor fagan esforzos, esperemos que os esforzos dean resultados e non sei se a moi longo prazo. Pero endexamais o Partido Galeguista apoiaría unha política así no Parlamento Galego, entre outras cousas porque temos como número un de obxectivo que Galicia medre, enriqueza en empresa, en emprego, é o obxectivo número un. Porque estamos onde estamos e non ten que ser iso o obxectivo número un? E se se cumpren os requisitos que piden as políticas medio ambientais europeas, porqué alguén vai máis aló?

Esperemos de verdade, ogallá non teñamos que falar máis disto, se reconduza o tema e o resultado sexa positivo.

(Está ausente a Sra. Bermúdez Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, relativa ó asentamento das plantas industriais de Pescanova no noso país, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- (8).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTANDO A CONSTRUCCIÓN DUN ENLACE DIRECTO ENTRE A AUTOESTRADA DE BAIONA CO CAMPUS DA UNIVERSIDADE, PERMITINDO A COMUNICACIÓN CO SEGUNDO CINTO DE CIRCUNVALACIÓN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 24 de xaneiro de 2007, o voceiro do Grupo municipal do partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

“Que a Universidade do Sur de Galicia, a Universidade de Vigo, non teña unha unión axeitada por autovía co Segundo Cinto de Circunvalación e demais estradas da contorna é unha eiva tremenda.

E hai tempo que o mundo universitario, e os demais sectores sociais vigueses, están a traballar para conseguir que se corrixa ese erro moi grave. Pero aínda hoxe nin o Ministerio de Fomento foi quen de arranxar o seu erro, nin a Xunta de Galicia parece capaz de lle poñer fin a tamaño desatino. Só se reciben boas palabras...

Porque na nosa opinión a Xunta debe solucionar o problema: ou conseguindo que sexa Fomento quen constrúa o enlace (solución pola que avogamos en primeiro termo), ou asumindo a responsabilidade do facer por si mesma.

O certo é que moitos estudantes vigueses e moitos de fóra de Vigo que veñen estudar á nosa Universidade, teñen que dar unha chea de voltas para poderen chegar ó campus universitario, o que prexudica gravemente ó noso campus.

Xa vai sendo hora de que as caras amábeis se convertan en feitos e que a Xunta de Galicia sexa quen de facer algo positivo por Vigo, e neste caso concreto polos nosos estudantes e profesores e polos de fóra que veñen a estudar aquí.

Consonte co antedito propoñemos:

Que a Xunta de Galicia chegue a un acordo con Fomento para construír de xeito inmediato un enlace directo entre o campus da Universidade de Vigo e a autovía de Baiona, de xeito que permita unha comunicación digna co Segundo Cinto de Circunvalación e demais estradas e autoestradas da contorna.”

A comisión informativa de Servizos Sociais, en sesión do 22 de xaneiro, tomou coñecemento do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Sendo moi breve gustaríanos, e dicímolo no transcorrer da moción, que Fomento asumira a responsabilidade de construír ese enlace porque foi Fomento quen fixo ese cinto, pero en todo caso a Xunta de Galicia ten que ter unha sensibilidade diferente cara á nosa Universidade do que poida ter Fomento dende Madrid, a distancia neste caso adoita ser decisiva en moitos temas.

Para Galicia que unha das tres Universidades galegas estea ben comunicada debe ser un feito esencial, para Fomento non, dálle igual que a Universidade sexa de aquí, de Canarias ou de calquera lado. A sensibilidade de Fomento téñoa medida por anos e dálle igual o goberno que pase por ese Ministerio, para Vigo segue sendo a mesma en todos.

Polo tanto gustaríanos que Fomento fose quen de asumir esa obra que nun orzamento como o de seu é coma unha pinga no medio dun mar. Pero en todo caso se Fomento

non amosa vontade de resolver ese problema, débeo resolver a Xunta de Galicia cos seus orzamentos. Estámoslle a pedir polo tanto á Xunta de Galicia que teña dúas cousas, ou capacidade de xestión, que en todo caso douna por suposta, de convencemento, de suficientes argumentacións para que Fomento rectifique a súa posición neste tema, ou senón que asuman a responsabilidade do facer directamente e sen máis dilacións.

Este goberno de Galicia leva moitos anos como para que unha das tres universidades galegas non fose atendida nun tema tan capital como o das comunicacións porque senón é estar castigando a universitarios e docentes a ter un acceso pouco conveniente. Ós nosos por suposto, pero ós moitos que veñen de fóra moito máis.

SR. FIGUEROA VILA. Imos votar a favor da moción pero só lle dou un dato. Dende a Deputación hai un ano e medio fíxose un anteproxecto da conexión, non como a presenta o Sr. Soto do segundo cinto á Universidade, senón da A-52 á Universidade, pero é igual, esa é unha matización que non ten maior importancia. Supoño que o espírito da súa moción é que se faga a conexión dentro desa rede de comunicación coa Universidade ás autopistas e ó segundo cinto que é o que todos reclamamos.

Trasladámoslla ó Ministerio de Fomento no seu día e tentáronse facer negociacións cos técnicos pero non tivemos resposta nin axeitada, nin non axeitada porque non a houbo, pero que se saiba. Ademais, e así o dixo o propio presidente nun Pleno da Deputación, dende a Deputación estamos dispostos a colaborar mesmo no financiamento deste enlace, presentárase outro tamén en Vilaboa coa zona de Arcade que tamén coidamos que é importante. Damos este dato para que se saiba.

SR. ARIAS MOREIRA: Esta moción seméllanos excelente, felicitamos por ela ó Sr. Soto, vai na boa dirección, é construtiva e apoiámola decididamente. Ademais eu debo dicir que dou testemuña como usuario cotiá de que efectivamente o vial resolvería moitos problemas e ademais mesmo como usuario lla agradezo.

Feitas as consultas pertinentes acerca deste asunto, dísenos algo xa coñecido, que xa houbo unha promesa vaga do Sr. Cuíña como conselleiro de Política Territorial feita xa hai moito tempo; que ademais hai un proxecto que o presuposta en aproximadamente 5 millóns de euros; que a inclusión deste enlace estase estudando seriamente no Plan sectorial de Vigo e a súa área de influencia e coido que isto se ten que entregar na primavera do 2007, pero se nos advirte que puidera haber algún tipo de dificultade

técnica ou mesmo legal relacionada coas obrigadas distancias de seguridade entre os enlaces xa existentes. Probablemente isto pódese resolver pero que conste que hai algún tipo de dificultade nesa dirección.

Vaia por diante que en todo caso imos apoiar co noso voto a moción, pero lle pediría que aceptara un mínimo engadido que dixera algo así como: consonte co antedito propoñemos que a Xunta de Galicia chegue a un acordo con Fomento para construír de xeito inmediato..., engadir “de acordo cos requirimentos técnicos e legais”. Algo semellante. Isto pode parecer obvio porque ten que ser legal pero, posto que se nos advirte que pode haber este problema, se aceptase sentiríámonos moito máis cómodos votando afirmativamente.

En todo caso se nos di tamén que esta mesma semana vai haber unha primeira xuntanza entre a Consellería e o Concello a propósito do Plan sectorial de Vigo e a súa área de influencia, co que debo dicir que efectivamente esta moción, ademais de todo o que dixen como eloxio, tamén é oportuna porque trasladando o seu contido o goberno municipal ten a oportunidade de por fin cumprir unha moción aprobada no Concello.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Figueroa, vostede falaba da moción que presentei en primeira instancia, que era confusa, estaba mal redactada e como llo escoitei dicir ó Sr. Losada na Comisión, atendino naturalmente porque tiña razón e cambiei a redacción, era un tema de mala redacción. Agora di: Que a Xunta de Galicia chegue a un acordo con Fomento para que estude de xeito inmediato un enlace directo entre o campus da Universidade de Vigo e a autoestrada de Baiona de xeito que permita unha comunicación digna co segundo cinto de circunvalación e demais estradas da contorna”.

É máis, descoñezo o tema da Deputación. Segundo os asesores do Partido Galeguista o enlace debera estar na confluencia máis ou menos co vial de subida á Universidade, nese cruzamento é onde debería estar o suposto enlace, máis ou menos de aí á Universidade hai uns 500 metros. Insisto en que descoñezo o da Deputación, alégame saber en todo caso que a Deputación ten esa vocación de axudar a resolver o tema e mesmo participando, como non, pois que se poña de acordo coa Xunta de Galicia.

Sr. Arias, voulle dar unha explicación de por que non acepto a súa emenda. Se nós introducimos unha emenda como a que di vostede teríámola que meter en todas as proposicións do mundo, poñer “sempre de acordo coa lexislación vixente”; se só o facemos cunha establecemos unha desconfianza sobre a legalidade e non hai ningunha

porque eu, aínda que ás veces collo rabia, sei escoitar, iso quere dicir que cando non domino algo o estudo.

A normativa do Ministerio de Fomento de enlaces en autoestradas fala de que os enlaces normalmente deben estar establecidos cada 6 quilómetros agás xustificación motivada. A min paréceme que un enlace dunha universidade non é a casa dun paisano, dito coloquialmente, debe ser unha xustificación moi motivada. Segundo, entre Vigo e O Porriño hai uns 15 quilómetros, hai nove enlaces, estou convencido que moitos deles con moita menos xustificación que o enlace da Universidade. Polo tanto estou dando razóns de por que non deberamos introducir algún elemento que puidera prexudicar o resultado dunha moción que, estou convencido, todos queremos que se materialice.

(Están ausentes a Sra. Bermúdez Pérez e o Sr. Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, instando a construción dun enlace directo entre a autoestrada de Baiona co campus da Universidade, permitindo a comunicación co segundo cinto de circunvalación, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

7.- (9).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á EXECUCIÓN DO PASEO DE A GUÍA E REFORMA DO PROXECTO DO PASEO DE ALCABRE.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de xaneiro de 2007, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, presenta ó Pleno da Corporación a seguinte moción:

“Unha das prioridades do Goberno Municipal presidido polo BNG foi a recuperación do litoral para o goce cidadán. Con ese obxectivo presentáronse diante das autoridades correspondentes os proxectos de tratamento do litoral de Alcabre e de Teis, proxectos que quedaron aprobados e con dotación orzamentaria. A día de hoxe ningunha desas obras está feita e tampouco existe previsión de cando se poderán iniciar, aínda que o

noso grupo municipal ten presentado varias propostas ao respecto, que contaron co apoio do Pleno da corporación.

Ao noso grupo municipal preocúpalle seriamente o desinterese amosado polo seu Goberno ante dous proxectos que permitirían aos cidadáns de Vigo dispoñer de novos espazos de lecer no litoral. Cremos que existe o perigo de que o continuo adiamento desas actuacións poida supoñer a perda definitiva das dotacións orzamentarias ou que as administracións que estaban comprometidas con eses proxectos decidan finalmente desentenderse.

O certo é que segundo confirma o Goberno central a preguntas da deputada do BNG Olaia Fernández Davila, o paseo do Monte de A Guía non se pode executar ata que o Concello de Vigo corte o tráfico de vehículos no corta lumes sobre o que se vai facer a obra e poña a disposición os terreos para a súa execución. A este respecto, hai unha sentenza que ditamina que ese non é un vial e polo tanto non debe ser utilizado polo tráfico. Polo que respecta ao paseo de Alcabre é preciso que o Concello de Vigo reforme o proxecto para que vaia por fóra do dominio público marítimo-terrestre e contemple tamén a súa prolongación ata o Museo do Mar.

Polo exposto, o Grupo Municipal do BNG, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- 1.- O Pleno da Corporación insta ao Goberno Municipal e a alcaldesa a proceder, de xeito urxente, á posta a disposición dos terreos necesarios para a execución do Paseo de A Guía por parte do Ministerio de Medio Ambiente.
- 2.- Reformar, sen mais dilación, o proxecto do Paseo de Alcabre para que se axuste ás directrices da Dirección Xeral de Costas e contemple a súa prolongación ata o Museo de A Mar.”

A Comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 22 de xaneiro, tomou coñecemento do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Eu lamento que o Sr. Guerra non estea presente porque cando comezou a súa intervención neste Pleno falou do ben que o fai o goberno do PP, do moito que fai e rápido, o extraordinario que é facendo todo; ten unha eficiencia e unha eficacia total. Esta moción ven amosar todo o contrario.

No ano 2003 expúxose ó público para que se opinase un proxecto para A Guía, pódolle asegurar que é unha das miñas satisfaccións persoais porque foi gabado e apoiado. Vostede, Sra. Alcaldesa, ten competencias plenas en materia de Tráfico e dixémoslle por activa e por pasiva, no Pleno, na Xerencia, etc., que podía tomar a decisión cando vostedes quixera. Pero malia todo e responsablemente o noso candidato das próximas eleccións, Sr. Domínguez Olveira, e quen lles fala visitamos unha zona da Lagoa onde hai unhas empresas que xeran postos de traballo, nunha situación dramática e

dixéronnos que eles están dispostos pero en algures teñen que fabricar. Por iso lles fixemos a proposta de negociar a súa recolocación, ata lles facilitamos algunha zona industrial que coído que o Concello segue posuíndo.

Non abondou con iso. Fixémoslle unha nova moción lembrándolle que era necesario que o paseo que leva todos os orzamentos dende o ano 2003 existindo no Estado, porque sempre ás preguntas da nosa deputada lle responden que “hai orzamento cando dispoñamos dos terreos e teñan pechado o tráfico polo corta lumes”. Direilles máis, algúns dos presentes saben que un dos empresarios de alí levounos ós tribunais e perdeu, volveu perder, recorreu e volveu perder.

Non hai ningún argumento que non sexa a ineficacia que demostraron como goberno neste tema para dicir que no ano 2007 uns orzamentos do Estado non se poden aplicar en Vigo dende Medio Ambiente porque vostedes non ceden o uso dun terreo que durante o goberno anterior tivemos que facer algo moi importante para poder dicir que había os terreos: negociar case 14.000 m² na ladeira da Guía cuns propietarios que eran lexítimos pero eran os que podían dicir que ou tiñamos os terreos ou non se podía facer, iso tamén llo deixamos feito. Tamén lles deixamos feita a negociación do acceso ó aeroporto, o primeiro cinto e falo da titularidade, iso que se está vendo hoxe e que os cidadáns están percibindo coma obras do PP pero que non son de seu, recoñézano honestamente, a administración é lenta pero se se empeza se fai.

Por iso é vergoñento que a estas alturas unha moción por terceira vez insista no mesmo: poñan os terreos da faldra da Guía ó dispor de Medio Ambiente do Estado para que faga un paseo que ten proxecto e orzamentos. Iso é así de sinxelo.

Sr. Guerra, se vostedes seguen crendo que son eficientes e eficaces léanse esta moción e se quere doulles o resto.

Levan case catro anos para poñer a disposición uns terreos que son de propiedade municipal para que outra Administración invista nesta cidade. Vostede non pode ir aló a dicir que invistan noutra cousa porque lle dirán o mesmo que a min cando fun pedir o segundo cinto: “mentres non rematen as obras anteriores (chámese Travesía, acceso ó aeroporto que estaba sen rematar, primeiro cinto, lembran?), como me piden 100 millóns de euros para investir na cidade?” Se non investimos nada non somos quen de investir 100 millóns de euros.

Se vostedes non invisten isto que é unha cantidade pequena, non conten con Medio Ambiente para que lles faga algo porque non llo fai. Saben vostedes que non investiron máis que en minucias como pequenos accesos á praia do Vao, ren. Teñan un pouco de

vergoña, recoñezan que a eficiencia e a eficacia neste caso que é unha mostra clara, é lamentable.

Imos votar que “O Pleno da Corporación insta ó goberno municipal e á alcaldesa a proceder de xeito urxente á posta a disposición dos terreos necesarios para execución do paseo da Guía por parte do Ministerio de Medio Ambiente. Dous, reformar sen máis dilación o proxecto do paseo de Alcabre para que se axuste ás directrices da Dirección Xeral de Costas e contempla a súa prolongación ata o Museo do Mar”. Xa non lle quixen poñer máis porque se segue o da Xunqueira sen rematar, que queren que lles diga? Isto é así e pódennlle dar as voltas que queiran pero os temas son moi teimudos. Non se fai porque dende a Presidencia non se quere, nada máis.

SR. RUIZ CENICEROS: En todo caso este é un tema recorrente que, como dicía o Sr. Fernández, xa miramos na Xerencia varias veces e neste mesmo Pleno. Este caso é especialmente sangrante porque efectivamente como se afirmou, non é só que sexan dous proxectos que proveñan do mandato anterior, senón que mesmo nos orzamentos ademais foron reiteradamente anunciados como grandes actuacións que a alcaldesa se comprometía a facer na parroquia de Alcabre e en Teis. Por riba os fallos ou problemas que teñen agora estes orzamentos están localizados hai tempo e foron reiteradamente denunciados.

O proxecto de Alcabre está mal redactado porque non utiliza a servidume de tránsito que ademais é unha servidume fixada e que neste caso afecta a fincas particulares e como denuncia Costas, para non prexudicar ditas fincas, pretendeuse desviar o paseo polo dominio público marítimo terrestre co que, como xa advertira o Servizo de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo, o proxecto ten que ser modificado e percorrer a servidume de tránsito que neste caso prexudicará a determinados miradoiros que teñen fincas privadas.

O problema que ten a día de hoxe o proxecto do paso da Guía é exactamente o mesmo, a intención do goberno municipal de non prexudicar uns intereses privados que dende hai un determinado tempo decidiron utilizar unha pista forestal como acceso rodado. Como xa ratificou o Sr. Fernández, ese acceso rodado aínda non acadou o soporte xudicial porque as sentenzas ditadas ata o de agora confirman que iso é dominio público municipal, que se pode recortar o tráfico e que ese corte ten maior razón dende que está previsto que iso sexa un paseo peonil, o problema do devandito paseo é que o goberno municipal négase dun xeito tallante a cortar o tráfico rodado.

Como é lóxico Costas non pode empezar unhas obras de peonalización se o Goberno municipal non impide o tráfico rodado por ese vial, é como se sería imposible iniciar as obras da praza de Compostela se non se procedese a cortar o tráfico. Sinxelamente é unha cuestión de orde pública.

Se agora mesmo, hoxe que é un día de análise deste mandato, se fan unha análise daquilo que fora o proxecto do bordo litoral, aquelas grandes actuacións de humanización e de paseo que se ían realizar no bordo litoral, as dúas únicas actuacións que hoxe poderían levar a cabo ó noso xuízo son estas. De todas as actuacións que se presentaran son os dous únicos proxectos que se concretan nunha zona e que poderían terse iniciado as obras porque teñen dotación orzamentaria e o proxecto aprobado. Non dependen de máis administracións, non se realizaron exclusivamente por dar prioridade a intereses particulares.

Por iso apoiaremos a moción, porque está presentada nos seus xustos termos e ademais lembramos que isto merece unha serie censura para o Goberno Municipal e máis para a alcaldesa, por suposto.

SR. FIGUEROA VILA: Como dicía o meu compañeiro Sr. Guerra, os feitos permanecen. Dende o 30 de maio de 2005 o Ministerio de Medio Ambiente ten a disposición por acordo da Xunta de Goberno os terreos, non dun, senón que de tres paseos: Alcabre, A Guía e Lagares, que non o lembraron. Voulles ler o acordo plenario a ver se é un acordo conformado ou de Xunta de Goberno.

1.- *Aprobar o proxecto de "Rehabilitación do Borde Marítimo do Monte da Guía. T.M. Vigo (Pontevedra)", redactado polo Ministerio de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Costas, Servizo de Costas de Pontevedra, (trabúcanse vostedes, se algo hai que corrixir, faralo o Ministerio de Medio Ambiente, non se estudan nin os expedientes, Sr. Ruiz, o que pasa é que como a obsesión lévalle perseguir a alguén, ese é o problema que lle pode acontecer a un político o a un grupo, porque erran e se trabucan) condicionado á inclusión das propostas realizadas polos técnicos municipais e a Delegación de Cultura da Xunta de Galicia. Todo isto sen prexuízo das esixencias ou autorizacións doutras administracións.*

2.- *Solicitar do Ministerio de Medio Ambiente a remisión do documento final que recolla as propostas dos técnicos e as autorizacións sectoriais esixibles a efectos de verificar o cumprimento do apartado anterior*

3.- *Poñer a disposición do Ministerio de Medio Ambiente os terreos necesarios para a actuación de acondicionamento do borde litoral da Guía que segundo informe do xefe de Cartografía e Delineación son propiedade Municipal.*

4.- *Considerar segundo o artigo 111.11 e 111.1.3 da Lei de Costas o devandito proxecto como obra de interese xeral de competencia do estado polo que sería de aplicación o art. 111.3" As obras públicas de interese xeral citadas no apartado 1 de este artigo non están sometidas a licenza ou calquera outro acto de control por parte das administracións locais..."* Polo tanto están mentindo todos, está posto a disposición dende o 30 de maio de 2005.

En canto ó paseo de Alcabre repito o acordo da Xunta de Goberno de 30 de maio de 2005 porque é o mesmo e feito na mesma data.

É un proxecto do Ministerio de Medio Ambiente, se hai alguén que teña que corrixir algo supoño que será ese Ministerio se é que non está de acordo co seu propio proxecto. O problema, Sr. Fernández, é que vostedes deixaron un proxecto, cambiou o goberno e hai un Goberno do Partido Socialista que quere perseguir a un empresario desta cidade que é o Sr. Fernández, nas súas empresas a nivel privado e a todos os niveis. Dígoo así de claro para que se decaten os cidadáns porque non é un só caso, son dous.

Se queren cambiar o proxecto que vostedes deixaron e que nós remitimos e aprobamos, digan onde. O proxecto é do Ministerio que non do Concello de Vigo.

O proxecto da Xunqueira do Lagares é dun pouco máis tarde, do 7 de novembro de 2005, cos mesmos acordos.

Nós fixemos o que tiñamos que facer, eu mesmo reuníme en Madrid co Director Xeral de Medio Ambiente do Ministerio e aínda a día de hoxe estou a esperar que me conteste do que falamos na xuntanza que tivemos con un técnico que é unha persoa cualificada desta casa, o Sr. Núñez Torrón, quen llo pode confirmar. Chamamos non sei se vinte ou trinta veces, debe ter unha chea de recados nosos durante todo este tempo e estamos a esperar a súa resposta que dixo que a faría á semana seguinte.

Se vostede repasa os orzamentos verán que non hai nin unha soa partida específica para estes tres paseos nin no 2005, nin no 2006, nin no 2007 e senón tráíame aquí a partida. Non a atopo e pedinlla a todos os parlamentarios cos que teño relación. Polo tanto Sr. Fernández, aquí figura que xa está posto a disposición, a remisión ó ministerio, etc.

Con ese empresario do que vostede fala xa está feita a negociación pero a cidade ten aínda outro problema que resolvería todas estas cuestións e que se chama Plan Xeral. Ó

final sempre rematamos no mesmo, non é por capricho duns cantos, nin da alcaldesa, nin do Goberno, nin dos partidos que apoiaron ó Plan Xeral, esta cidade necesita imperiosamente un Plan Xeral por moitas cuestións e unha é esta. Vostedes saben que co plan se resolve o realoxamento desa industria noutra zona porque está pactado e o empresario está de acordo. Faise unha entrada por outra zona de Teis e resólvense absolutamente todos os problemas.

Queren estrangular ós empresarios desta cidade? Que o fagan en Galicia me parece ben; este Goberno non o vai facer, non queremos estrangular ás persoas que crean emprego nesta cidade, queremos darlles alternativas pero non as temos.

Unha cuestión tan puntual coma esta depende dun documento que se chama Plan Xeral. Estamos calados con ese informe da Consellería de Política Territorial, sendo demasiado prudentes pero que tomben tamén ó polígono industrial de Valladares... Que queremos facer coa cidade? Atacar ós empresarios? Perseguilos? Non dar os mecanismos legais para poder desenvolver a cidade?

Sr. Fernández, vostede ten razón no fondo do seu traballo que eu seguín e gustaríanos facer estes paseos pero esta é a situación real. Os terreos están a disposición, véxano nas Xuntas de Goberno e saberán que non minto. E para tramitar supoño que se poñen a disposición, se saca a licitación deses terreos, o concurso da obra e cando se faga a adxudicación, faise un acta de replanteo e entréganse os terreos. Ese é o formato que se fai sempre nesta cidade e que se fixo con todas as obras públicas. A vostedes cando fixeron o segundo cinto, dixéronlles que pecharan todos os camiños mentres non chegaran alí? Non, iso é unha incoherencia, non queren facelo, hai membros do goberno que están perseguindo a empresas desta cidade pero non só en Santiago senón que tamén en Madrid e logo todo isto trae estas consecuencias.

O goberno anterior deixou o paseo por onde o deixou e vostede sábeo mellor ca min porque foi quen negociou; eu asumín ese paseo tal e como estaba reflectido, había unha consignación e resulta que o proxecto que fai o propio Ministerio, agora non lles serve. Por que? Porque están perseguindo a unha persoa? Porque queren expropiar meter o paseo pola súa finca? De que estamos falando, se estamos falando de 20 ou 30 metros?

Ademais é unha incoherencia técnica facer un paseo por un muro con todos os ventos e mareas que o poden levar, cada 15 días ese paseo iríase a pique. Ou queren atacar ó Sr. Fernández? Esa é a pregunta, estano perseguindo na súa empresa e a nivel persoal? A

conclusión é moi clara: o Plan Xeral resolvería absolutamente todos estes problemas, o da Guía sen ningún tipo de conflitos.

Polo tanto, Sr. Fernández, estamos de acordo no espírito pero eu, como responsable deste departamento, téñolle que dar estas explicacións e estou ó seu dispor. Ademais ten ós técnicos, vostede ten unha magnífica relación co técnico de Medio Ambiente coma min, cónstame ademais porque é un magnífico profesional e estou convencido que lle dará a mesma información que me dá a min. Está desesperado, frustrado con este tema porque el tamén traballou nel no seu día.

Se o Ministerio de Medio Ambiente quere cambiar ese paseo que o faga, que nos mande o proxecto cara aquí, pero dende o 30 de maio de 2005 aínda non tivemos resposta. Posteriormente houbo unha entrevista en Madrid na que o Sr. Núñez Torrón e máis eu participamos e a día de hoxe non hai resposta.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Aquí estamos mesturando "*churras con merinas*" e iso non está nada ben. Eu negocieei efectivamente os dous proxectos e tamén o remate do terceiro da Xunqueira pero non os quixen mesturar. Os terreos que hai que poñer ó dispor é tema do Concello, non teñen que expropiar eles e por iso lle falei que na Guía o tema peor eran segundo os propietarios 17.000 m² que cando o topógrafo municipal mediu quedaron en 14.000, ou sexa que a cousa non era pequena pero se negociou e deixouse.

En Alcabre aínda era peor, dependía dun convenio que había que facer; 18.000 m² que lle permitiron ó compañeiro que daquela levaba praias e a min mesmo ter unha das maiores satisfaccións políticas que se poden ter cando un vai e derruba un muro que impide o acceso á praia. A praia de Alcabre recuperouse e agora toda a praia de Alcabre está totalmente abandonada, nela fanse agora festas e festexos, é lamentable o que se fai a carón dun hotel de 5 estrelas e dende que nós deixamos o goberno non se fai nada, aínda que o pedín por activa e por pasiva. É lamentable que a carón do único hotel de 5 estrelas que temos haxa coches de choque e tómbolas, iso é o que hai. Ningún día ó ano se poden facer nun terreo público ese tipo de actividades, é lamentable e téño que dicir porque é a verdade e vostede sábeo. Síntoo porque a algúns nos custou moito dotar a esta cidade de 18.000 m² fronte a unha praia coma é a de Alcabre porque os demais non o fixeron.

Facer o da Guía tamén nos custou moito, non foi fácil e facer corredor no Ministerio de Medio Ambiente en Madrid tamén e pódolle dicir que en Madrid non tiña ningún

gobierno amigo, vostedes si. O que pasa é que técnicos que teñen a sensatez de escoitar ós políticos pero o que non se pode facer é mandar só ós técnicos a negociar, o político ten que ir detrás. O meu alcalde ía detrás do concelleiro responsable, xamais ía diante, pero cando estaba o camiño achaiado ía ós subdirectores xerais e logo ós directores xerais. Pódolle afirmar que contra esta cidade eu no meu mandato de goberno non atopei a ninguén en contra, todo era a favor.

O que querían era que fomos responsables, que cando chamaran se lles contestara, que cando pediran se lles mandara, era o único que nos pedían e iso si que llo podo dicir e por iso estamos gozando da titularidade do primeiro cinto e do acceso ó aeroporto. Titularidade municipal e vostedes votaron con nós, outros abstivéronse. Pero alguén que ten visión de futuro agora alégrase moito de que unha cidade teña viarios urbanos que non dependan doutras administracións que o único que facían era entorpecer a marcha da cidade.

Pero o que non ten ningunha xustificación é que levemos catro anos para solucionar isto porque vostedes tamén tiveron parte do seu mandato e con goberno amigo, o Goberno do Estado non cambiou onte e vostedes tiveron un ano de goberno amigo; en tres meses podíase adxudicar a obra, non fai falla máis que publicar e adxudicala, pero tampouco porque había outras cosas que facer: as inauguracións que lles deixamos nós en marcha e polo tanto non hai tempo de iren aló porque hai que dar moita conferencia de prensa.

O que pide esta cidade é xestión pero de verdade e non coa boca pequena; pide xestión, proxectos con concursos e adxudicacións de obra e iso está demostrado porque a moción que presentou o Bloque está permitindo que todas as parroquias sen excepción teñan unha parte proporcional de beirarrúas, non sei se o mediron pero isto significa que estaba meditado.

Eu o que lles digo é que fagan o que teñan que facer porque para iso son o goberno, nada máis. Pero non lle poderán pedir ren a Medio Ambiente mentres non fagan estas e iso téño claro porque foi o mesmo que me dixeron a min como responsable político cando fun á Coruña: "Fagan o que teñan que facer e logo pidan máis". Pero se hai obras que non se fan non hai posibilidade humana e ademais sería de malos administradores aceptar outras. Como van aceptar outras se no se fan as que xa son posibles?

Laméntoo pero isto non é nin eficacia, nin eficiencia Sr. Guerra, dicíalle que cando vaia ó aeroporto poderá ver que ten as mesmas subidas que tiñamos antes, sen ningunha

mellora porque alguén fixo o Plan Director e está pendente de que se desenvolva. Esíxano como goberno.

SR. RUIZ CENICEROS: Se non lembramos mal e ademais constan en acta declaracións que o concelleiro de Urbanismo fixo neste Pleno, o proxecto de Alcabre foi un dos motivos polos que nun momento dado se cesou a un xefe de Patrimonio porque teoricamente o parara porque o estaba informando desfavorablemente xa que o seu percorrido era incorrecto. O goberno municipal expresamente decidiu que se informase favorablemente porque estaba de acordo co percorrido, percorrido que estaba mal e que non discorre pola servidume de tránsito que está prevista legalmente para este tipo de actuacións, servidume que neste caso efectivamente está ocupada por unha finca privada.

Independentemente de quen sexa o seu titular, é como vostede dixo un muro privado, un miradoiro privado que dende tempo inmemorial ocupa a servidume á que agora mesmo teñen dereito a gozar todos os cidadáns e non se lle pode aplicar a esa servidume uns nomes e apelidos porque nese mesmo caso están outras fincas que efectivamente tiveron que ceder o seu terreo. Esa non é unha cuestión de nomes e apelidos, é unha cuestión legal se efectivamente vostedes queren executar o paseo peonil a continuación do de Bouzas ata aquel que anunciaran vostedes que chegaría ata Nigrán. Se efectivamente queren realizar ese paseo peonil, cada vez que se atopen cunha finca que ocupe a servidume privada a terán que aceptar e se non se fai así ese paseo peonil non se executará xamais na vida.

En canto ós terreos da Guía e a súa suposta posta a disposición non dubidamos en que vostedes mandaran o documento formal dicíndolle a Costas que poñen ó seu dispor os terreos. Agora ben, quen vai cortar o tráfico dese camiño? Cando o pensan cortar e poñer ó dispor os terreos?

Aínda que só fose para non ter a correspondente escusa, se Costas lles require para que corten o tránsito e iniciar as obras, por que non cortan? Se xa o solicitaron por escrito, en público, saíu nos medios de comunicación e están requirindo que corten o tráfico dese vial, por que non proceden a impedir o tráfico rodado e en todo caso se efectivamente Costas malia iso non fai as obras, xa terían vostedes o argumento suficientemente consolidado para lles achacar a culpa.

Ademais se é unha esixencia física que o camiño estea cortado para poder iniciar as obras, a día de hoxe a única responsabilidade é do goberno municipal que ten as

competencias para realizar esa actuación como xa lles repetimos e díxollo dúas veces o Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Vigo.

En todo caso, Sr. Figueroa, a efectos de empresas, de problemas de empresas e outros problemas, nós esperamos que, igual que supoñemos que fan outras administracións, o goberno municipal coas empresas, incluídas as que se sitúen na Lagoa que é máis dunha as que están afectadas, aplicarán o criterio de aplicación da lei e de igualdade. Non creo e espero que se vostedes non tiran unhas naves ilegais non sexa por non prexudicar a uns empresarios, esperemos que ese non sexa o seu argumento.

Ese “ás veces”, Sr. Figueroa, como vostede sabe moi ben é moi perigoso porque nesta cuestión a lei non admite “ás veces”, só admite no seu caso aplicar rigorosamente para todos o que a día de hoxe é unha obriga preceptiva que é cumprir a normativa medio ambiental e cumprir a normativa de construír o que se poida e onde se poida construír, cousa que segundo semella polo que vostede acaba de manifestar e coa actitude que segue manifestando, no caso do seu goberno municipal non sucede así, adóptanse decisións discrecionais dependendo de a quen afecten e de cales sexan ó seu xuízo as consecuencias persoais de aplicar neste caso a normativa. Isto dende alguén que ocupa unha responsabilidade de goberno é francamente alarmante e perigoso, e dende logo denunciabile.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Molares, dúas cousas, lémbrolle o que pediu a Sra. Méndez a todos, non lle están facendo ningún caso por iso eu xa dicía que cada grupo se encargue dos seus.

Segundo, se vostedes pedían que se poñan ó dispor os terreos e están dispostos, sinceramente a moción non ten razón de ser ou eu non a entendo. Insisto en que podemos discutir cen horas máis pero como cuestión de orde, se a queren transformar nunha emenda poden pedir que se acelere ou non sei que, pero iso é outra cousa.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Ceniceros, xa lle dixen o outro día na Xerencia que eu son político e estou representando aquí a todos os cidadáns e creo que é posible todo. É posible facer o paseo, manter o porto deportivo que nós defendemos e voulle dicir con rotundidade e claro que nós defendemos ese porto deportivo porque é bo para Vigo, para Galicia e é bo que se segan creando postos de traballo e mesmo coido que é bo para Teis porque ó final cos portos deportivos se está xerando riqueza.

Defendemos os postos de traballo dunha empresa que hai alí pero tamén sabe perfectamente, Sr. Fernández, porque sei que fala co empresario igual ca nós, que o empresario quere alternativas e nós xa llas demos. Pero todo iso pasa pola non aprobación dun Plan Xeral.

A zona de Teis quedaría perfectamente conformada con ese paseo, quitaríase a empresa de alí, tería un porto deportivo e acceso por outro lado. Non estamos enganando absolutamente a ninguén, pode haber xente a favor e veciños que estean en contra pero todo iso está reflectido no Plan Xeral.

O Plan Xeral compatibiliza todos os usos e todas as actividades. Sacar a empresa de alí é posible porque a recolocaríamos noutro lado e hai unha fórmula falada co empresario; o porto deportivo podería seguir realizando a súa actividade; os veciños terían o paseo e habería un acceso por outra parte. Iso é o que quere un goberno, o que quere un representante dos cidadáns: tentar buscar o equilibrio entre todas as reivindicacións e demandas cun obxectivo único de defender o interese de todos e non o duns cantos, nin atacar e perseguir a uns cantos. Ogallá que esta cidade tivera moitos empresarios exemplares, como é este o caso, que crea emprego, fai investimentos, etc.

Todo iso con respecto ó de Teis aínda que teríamos que falar de moitas máis cuestións pero iso o falaremos noutra moción que hai da ETEA porque tamén é outro tema vergoñento, pero o deixaremos para logo.

Con respecto ó paseo de Alcabre, Sr. Fernández, utilizar o discurso que semella que hai tómbolas e romarías todos os días, non é certo. Gustaríame que vostede escoitara ós veciños porque teñen unha festa que celebran dous días ó ano e utilizan esa zona mentres o paseo non se leve a cabo. Coido que non é incompatible porque se falou co hotel e está de acordo.

O Sr. Ruiz Ceniceros di que se corrixa ese paseo, pero o fixo o Ministerio de Medio Ambiente que é quen ten que lle dar o visto e praxe e vostede sábeo porque o deixou enriba da mesa e eu remateino, dinlle pinceladas cos técnicos, é un proxecto de D. César Portela. Polo tanto, se o Ministerio de Medio Ambiente fixo o proxecto do paseo e nolo remitiu a este Concello, que lle imos dicir nós a Costas? Supoño que os técnicos de Costas serán os mesmos que daquela pero aquí se demostra claramente que houbo un cambio de directriz política, houbo un goberno que cambiou en xuño de 2004, que nós tivemos catro meses, que deu unhas directrices concretas: persigamos a este señor. Non se dan conta de que ó final se delatan vostedes mesmos?

Se o proxecto o fixo Medio Ambiente, estaba consensuado con vostedes, un partido do BNG gobernando en Madrid, non me estraña que atoparan receptividade en Madrid, demóstrase que o goberno do Partido Popular en Madrid tamén tivo un trato correcto con esta administración. Os técnicos fixeron un proxecto e o goberno ratificouno, un goberno de distinta cor política como foi o de seu deulle o visto e prace; chega un goberno do Partido Popular e segue con ese proxecto porque coidamos que era importante para esta cidade; cambia o goberno en Madrid e os técnicos, cambian de criterio? Aí empezou a persecución, seguiu na Guía, segue coas empresas que este home está instalando en Galicia.

Sr. Soto, doulle a razón, eu non quixen intervir na primeira moción porque sabía que ía saír este tema. Isto é unha persecución política e persoal, non é unha cuestión empresarial. Non me estraña que algún conselleiro diga que se se vai este señor virán outros. Pero non só é isto, os das flores de Tomiño tamén se teñen que marchar a Portugal, etc. Seguramente isto terá consecuencias e se a esta cidade a queren estrangular que a estrangulen.

Nós dende logo imos seguir. Non imos rectificar este proxecto, Sr. Fernández, porque pensamos que o proxecto que vostedes deixaron era correcto, que o rectifique o Ministerio. Se o Ministerio coida que este proxecto para o que nós lle puxemos ó dispor os terreos non é o correcto que diga por onde ten que ir e que nolo manden ó Concello. Os técnicos que fixeron ese proxecto seguen estando en Madrid e algúns seguen en Pontevedra. Por riba covardes, están tentando atacar unha cuestión concreta e din que o faga o Concello.

Con respecto á disposición dos terreos, Sr. Fernández, vostede sabe disto bastante, seino e cónstame o seu traballo senón non o diría, poño o exemplo do segundo cinto cando se puxo en marcha porque, alguén do Ministerio díxolle que puxera ó dispor todos os terreos e que pechase todos os camiños dende o percorrido 0 ata o 15 ou 16, que son os quilómetros? Non, dixéronlle que puxera a disposición os terreos e que segundo se fixera a obra se iría pechando e buscando solucións.

Iso é o que nós dicimos, os terreos téñenos ó dispor, que liciten, que saquen o concurso e cando adxudiquen as obras, como se fai en todas as obras e así o di a lei, que se faga unha acta de replanteo. Ese é o momento de poñer todos os medios necesarios, mesmo cando hai veciños que non queren, colabora o Concello coas forzas da orde pública para tentar que se poidan levar a cabo esas obras.

Estamos esperando que se licite, que se empece a obra e pensabamos que paralelamente a todo isto teríamos un Plan Xeral. Se o Plan Xeral se aprobara teríamos todas as opcións enriba da mesa e resposta a todas as demandas que se nos presentan. Xa ve como unha cuestión aínda que tan pequena, dentro dunha cidade como Vigo, ó final remata no Plan Xeral. Cando nós damos argumentos de que é necesario e imprescindible non só falamos de grandes infraestruturas, como algúns din para solo residencial en funcionamento, senón para moitas cuestións pequenas coma esta; centros de saúde que non se poden facer porque non temos ese documento aprobado. Isto molesta e pídolle desculpas porque seguramente vostede o fai coa mellor intención política pero hai outros grupos que detrás disto non teñen esa boa intención.

Digo claramente e reafírmome en que hai unha persecución a unha empresa e a un empresario desta cidade que é exemplar.

Volveríámoslle a moción, Sr. Fernández, se non nos fai cambiar o proxecto de Alcabre; se é para cambiar ese proxecto que o faga o Ministerio. Se está de acordo con iso lle votamos a moción. Se nos deixa engadir “sempre e cando a proposta sexa do Ministerio que é o redactor do proxecto” votámoslle a moción pero que o reformen eles.

Nós temos os terreos ó dispor, o que lle dicimos ó Ministerio é en primeiro lugar que executen e se queren cambiar que fagan a proposta e decidirá a Corporación se queren cambiar ou non. Queremos saber cales son os cambios. Senón votamos en contra e rematou.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Eu non propoño ningún cambio, o que digo é o que nos piden. Daquela vostede sabe perfectamente que o Museo do Mar estaba en obras, sabe que non había terreos e que non poidamos facer nada, aínda que si contemplamos toda unha serie de actuacións e esta cidade fixo máis paseos porque a señora presidenta inaugurou un no Vao. Aquel tamén formaba parte desta negociación e o meu compañeiro fixo outro tamén. Dentro do conxunto da negociación que se fixo non se contemplou chegar ó Museo do Mar porque daquela era imposible, non o podíamos acordar.

O acordo é claro. O segundo é: “Reformar sen máis dilación o proxecto do paseo de Alcabre para que se axuste ás directrices da Dirección Xeral de Costas”. Son eles os que o fixeron e son eles os que o teñen que reformar, “...e se contemple a súa prolongación ata o Museo do Mar”. É así de claro.

SR. FIGUEROA VILA: Imos votar en contra para que non haxa malas interpretacións. Os terreos xa están ó dispor, o proxecto está aí e que o saquen a concurso. Se queren algunha reforma que a envíen e a Corporación estudaraa.

SR. SOTO FERREIRO: Quería intervir, a ver se logo de falar tanto tempo somos quen de dicir tan pouco porque ó final non nos entendemos.

Primeiro, queríalles pedir un esforzo a todos. Se queren facer unha petición a unha institución de fóra do Concello deberamos facer un esforzo para a consensuar se é posible porque se o que queren é mandar cara fóra que andamos a regueifas, bo servizo para Vigo.

O aspecto do segundo parágrafo seméllame perfectamente conciliable coas cousas que están a dicir. Falo do segundo punto que non ten nada que ver co primeiro que é instar á Alcaldesa a facer algo que xa está feito. Non sei por que imos votar algo así, eu o primeiro retiraríao, así de claro. Se hai a demostración palpable de que os terreos están postos a dispor, como imos pedir que se poñan? Non entendo nada e eu non voto iso porque ou somos serios ou non. Demóstranme que están postos ó dispor os terreos e eu non votarei que se poñan. En todo caso xa lle dixen antes que pode ser unha propia emenda de seu dicindo que “Se acelere...” pero pedir o que xa está feito non ten nin pés, nin cabeza.

O segundo tema está desligado do primeiro e cada quen o pode entender como queira pero se di “Reformar sen máis dilacións o proxecto de Alcabre para que se axuste ás directrices da Dirección Xeral de Costas...” Son esas directrices as que teñen que instar a reforma e nós aceptalas se chega o caso, a ver se imos dar aquí un voto en branco para aceptar todo o que nos poñan. Co meu voto non conten, eu quero analizar o que me mandan e se me parece positivo votar encantado a favor, se non, non.

Por iso lles digo que clarexen un pouco o que imos votar porque isto é unha chafallada e se son quen de se poñer de acordo, mellor.

A PRESIDENCIA: Sr. Fernández, fai cambios na súa moción?

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: A nosa deputada dixo claramente que non está pechado ó tráfico que é do que se trata. Acábo de dicir o Sr. Figueroa, un acta de replanteo faise cando está unha obra adxudicada, pero eles poñen como condición *sine qua non*, sábeno, que estea o tráfico pechado e non o está.

Logo de todo o que pasou durante estes últimos anos, como comprenderán non se poden fiar e por iso eu manteño a moción e quen queira votar a favor ou en contra que o faga, cada quen é responsable dos seus votos, téñoos claro.

(Está ausente a Sra. Bermúdez Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras., Arias Moreira, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Álvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Toba Girón e Viéitez Alonso, dúas abstencións dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, e dez votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia.

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, relativa á execución dos paseos da Guía e Alcabre, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

8.-(10).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO O SERVIZO DE TRANSPORTE PÚBLICO Ó PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xaneiro de 2007, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, presenta ó Pleno da Corporación a seguinte moción:

“Produto da expansión e como consecuencia das novas actuacións urbanísticas que atenden ás necesidades das actividades económicas e empresariais naceu o Parque Tecnolóxico e Loxístico en Beade e Valladares, dando saída ás demandas de solo industrial que a nosa cidade padece.

Dende a instalación da primeira empresa, ala polo ano 2002, moitas máis foron as que se instalaron e, aínda que está sen rematar unha parte, son xa 77 empresas as alí situadas. Na actualidade traballan no Parque Tecnolóxico máis de 3.500 persoas, o que xera unha grande cantidade de desprazamentos para as distintas quendas de traballo. Sen embargo, a pesares de ser inaugurado oficialmente a finais do 2004, aínda hoxe non ten unha soa conexión de transporte público, co engadido de que diversas liñas de autobús pasan por diante ou moi próximas ao PTL.

Nin que dicir ten que, xunto aos desprazamentos das persoas que traballan no PTL, xéranse outros desprazamentos como son entrevistas de traballo, entregas de currículos, etc. O certo é que hai unha cantidade apreciable de desprazamentos e a distintas horas do día. O noso grupo considera que é unha cuestión que hai que ter en conta e buscar solucións que redunden de xeito positivo, tanto nos beneficios do transporte público ás persoas sen medios propios de desprazamento, como a extensión e incremento do servizo público, contribuíndo así tamén á mellora do medio ambiente.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG, propón as seguintes resolucións:

- 1.- Que se proceda a habilitar de xeito inmediato unha parada de autobús á altura da entrada principal do Parque Tecnolóxico e Loxístico pola redonda de Prado, a xeito de poder utilizar xa as lanzadeiras que acceden á Universidade de Vigo.
- 2.- Promocionar unha liña de autobús específica dende a contorna de Balaídos/Pereiró ata o PTL nas primeiras horas do día, coincidindo co horario de entrada ao traballo das distintas empresas, por ser un servizo que non cubrirían as lanzadeiras.
- 3.- Habilitar paradas de autobús para dar servizo a distintos núcleos de poboación que están situados ao longo do vial Clara Campoamor (vía de acceso á Universidade), especialmente á altura da redonda Pousa-Nogueira; á altura da confluencia con Ramiro Pascual para dar tamén servizo ao centro de saúde e as empresas alí situadas; á altura do camiño do Canizo, tendo a previsión para o futuro novo hospital; á altura da nova redonda de Foxo, que realizarán as obras do PTL, e a altura da redonda da Sobreira.
- 4.- Estudar a modificación da liña CUVI 1, que vai dende Balaídos á Universidade, a xeito de ser complementaria da que se desenvolve ao longo da vía Clara Campoamor (vía de acceso a Universidade).
- 5.- Dar traslado das decisións adoptadas e por distintos medios tanto á Zona Franca como a todas aquelas entidades interesadas na dotación deste servizo, así como a publicidade necesaria para que redunde dun xeito positivo na potenciación do transporte público.”

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do 22 de xaneiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. VIÉITEZ ALONSO: Basicamente do que se trata é que xa temos os instrumentos e hai que optimizalos. Pasando liñas de transporte público por diante mesmo do Parque Tecnolóxico Loxístico que non haxa servizo de transporte público a ese parque. Segundo datos de Zona Franca estamos a falar de 3500 persoas que traballan alí e 77 empresas.

Pero non só única e exclusivamente das persoas que traballan alí con quendas que cobren as vintecatro horas do día, senón aquelas outras persoas que teñen que facer

algún uso do Parque; por poñer un caso ir botar un curriculum ou ir solicitar algún tipo de información e non teñen transporte público.

Decatámonos que esta demanda se viña facendo dende hai tempo; trasladóusenos recentemente e o obxectivo fundamental é o enunciado da moción, non ten absolutamente ningún custo, propoñemos unha serie de medidas, algunhas de urxencia que ademais redundarían de xeito positivo mesmo nas propias contas de explotación do Concello, xa non digo da empresa, porque falamos dun mercado potencial cando menos dun xeito directo de 3.500 persoas pero repito que á parte hai outras persoas que se desprazan alí e que son bastantes.

Como xa temos eses medios que pasan mesmo pegados ó Parque Tecnolóxico que se faga iso e a maiores o que queremos é que se faga un esforzo que non vai ser baldío nin vai redundar só no Parque Tecnolóxico, senón nos núcleos de poboación que decorren ó longo de toda a vía de acceso á Universidade, hoxe chamada Clara Campoamor.

Falamos de que temos un centro de saúde nas Carneiras, un colexio de primaria, a medio prazo falamos do novo hospital que se proxecta por parte da Xunta de Galicia e do pequeno núcleo industrial que existe nas Carneiras máis os núcleos de asentamento poboacional que existen ó longo desa vía.

Cunha mínima reforma, que mesmo algunha xa nin a necesita, só necesitaría que paren, teriamos un efecto multiplicador cando menos impensable hoxe en día. Nese sentido evitaríamos o incremento paulatino que se está a dar, invítolles a que o verifiquen nesa vía Clara Campoamor, cada vez hai maior tráfico privado e xa que temos as lanzadeiras cada dez minutos, que se poidan utilizar para outros servizos, coido que se mesturen estudantes e obreiros é bastante positivo.

Ben dende a praza de España, ben dende as Travesas, cos percorridos que teñen as lanzadeiras cara á Universidade, dámoslles a oportunidade a todas aquelas persoas que traballan ou teñen que se desprazar por algún motivo ó Parque Tecnolóxico. Estamos a facer unha previsión de futuro que é a moi curto prazo.

O que tamén propoñemos é que para facilitar este uso se lle dea a máxima publicidade, de acordo coa Zona Franca e cos usuarios do parque Tecnolóxico e Loxístico, e que se habilite de xeito inmediato o transporte para as primeiras horas da mañá que é cando non existen lanzadeiras pero si demanda.

SR. SOTO FERREIRO: Un aspecto formal. En xeral o fondo paréceme perfectamente razoable pero cando se propoñen lugares e liñas tan concretas, eu deixaría aberta unha

porta para que se faga previos os informes técnicos pertinentes porque este é un tema que temos que negociar como Concello coa empresa VITRASA e ten que haber eses informes que xustificuen o que vostede di.

Seguramente ten razón, aínda que teño que dicir que non o sei ó cen por cen, confeso que non coñezo en profundidade os temas que vostedes propón pero coñecendo como traballa seguramente está vostede documentado. Agora ben, deixar ese paréntese de que se fagan os informes técnicos previos pertinentes, aseguraríanos a todos que a cousa vai polo camiño que ten que ir.

SR. COELLO BUFILL: Estamos de acordo, Sr. Viéitez. Inmediatamente se darán as ordes oportunas para que se faga a parada que vostede solicita no primeiro punto da moción. Pero tamén lle lembro que as lanzadeiras teñen un obxectivo que é o campus; dentro dese obxectivo podemos compaxinar esa parada perfectamente asumible.

En canto ós puntos 2, 3, 4 e 5 non teño ningún problema pero habería que os ver. Neste intre temos conversas cos responsables do Parque Tecnolóxico que agora mesmo aínda non está ó cen por cento da súa capacidade, neste momento ten preto de mil e pico de traballadores, vai chegar á cifra que vostede di. Podemos facer un estudo a través dos técnicos e facer as reformas necesarias das liñas que nos digan e sobre todo a procedencia dos traballadores que van alí, do que xa están a facer un estudo os responsables do Parque. Este tema xa o veñen analizando dende hai tempo e seríanos de gran utilidade como por exemplo xa se fixo coas liñas que se achegan a Citroën en determinadas quendas. Esa é a nosa intención.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Os obxectivos que se marca esta moción non son taxativos, coido que se di na propia moción que, de paso que facemos ese esforzo para reformar as liñas, teñamos unha previsión para un futuro de dous ou tres anos, dalgún servizo que se vai implantar dentro dese tempo, pero ter en conta outro que xa está.

Non estou a dicir que se faga unha parada nun sitio determinado, senón que se teña en conta o núcleo á altura do Parque. Reformar unha liña sabemos que custa e polo tanto non o imos facer alegremente, iso enténdoo, pero insisto en que teñamos esa previsión de futuro, que se atenda ós núcleos de poboación que se citan.

Hai unha queixa grande dos usuarios do centro de saúde de Matamá que se pode implementar con esta reforma nese sentido, tendo billete de transferencia que é a

ferramenta fundamental de flexibilidade en canto ó transporte público e tamén hai un pequeno núcleo industrial á altura das Carneiras.

Compaxinar todo iso pero pensando no futuro. O Parque Tecnolóxico vai ter basicamente dúas entradas; neste intre só ten unha pero agardemos que a outra a teña o antes posible, a entrada norte que xa vai por moi bo camiño, pero tamén pensemos no novo hospital que non hai que poñer a parada agora pero teñamos a previsión de que cando o novo hospital empece construírse, que non a utilizarse, xa se poida utilizar o transporte público.

A petición que se da no punto 1 é sinxelamente dar unha orde porque mesmo hai sitio para parar.

(Están ausentes os Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Figueroa Vila, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido e Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, instando a ampliación do servizo de transporte público ó Parque Tecnolóxico e Loxístico, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

9.- (11).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO DIRIXIRSE Á ZONA FRANCA DE VIGO PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DA CIDADANÍA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DA ETEA.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello do 18 de xaneiro de 2007, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Cotobade Tombo, presenta ó Pleno da Corporación a seguinte moción:

“Non resulta sinxelo topar en Vigo e en calquera cidade, unha tan alta concentración de instalacións deportivas como a que hai na ETEA.

Efectivamente, nese espazo de 100.000 m² aproximadamente, a presenza dunha piscina, dun campo de fútbol, de pista polideportiva cuberta, de canchas de tenis e pista de baloncesto representa un caso excepcional de dotacións deportivas.

E acontece tal, nunha zona da cidade, o barrio de Teis, que precisa de todas as dotacións que alí hai e de máis para atender ás necesidades da cidadanía.

Lamentablemente, ditas instalacións non poden ser utilizadas. Permanecen pechadas. Aínda peor, estamos asistindo dende hai xa anos ao seu abandono, ao seu consentido deterioro, nunha actuación de irresponsabilidade política e social que resulta dificilmente cualificábel, pero que cualifica aos responsábeis.

Porque dende o noso punto de vista, tal abandono, tal actitude é un continuado insulto a toda a cidade de Vigo, a toda a cidadanía que demanda, e con razón, que ditas instalacións, ao cabo en mans da administración, rendan o mínimo servizo e non se boten a perder por falla de mantemento e mesmo de uso, é a hora de que a Corporación Municipal, en vista da aparente indulxencia cunha actitude mesmo anticívica, adoite un acordo que dispoña un posicionamento definitivo.

Porque as explicacións que se dan, á vista das informacións periódicas por parte do Delegado do Estado para a Zona Franca, e que son indulxentemente recibidas pola Alcaldesa, case soan a un intento de coacción sobre a Corporación e a cidadanía. "Ofrecer" o uso de ditas instalacións contra a obtención de contraprestacións urbanísticas que compensen o custo dunha adquisición da que só é responsábel o propio Consorcio da Zona Franca, parécenos insoportábel.

Por outra banda, non se oculta que sobre os terreos da ETEA pende a pretensión da Administración Autonómica, coa colaboración dalgún ministerio, de propoñer a posta en marcha da denominada Cidade do Mar, da que esta Corporación ten comprometido o envío da memoria e do proxecto polo Presidente da Xunta de Galiza. Pero en todo caso, sexa Cidade do Mar, sexa o Euromar que propuxo no seu día o noso grupo, coa conformidade inicial do resto da Corporación, en calquera caso e en calquera dos dous proxectos, ditas instalacións deportivas púñanse ao servizo da cidadanía.

Polo anterior, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar á Alcaldesa-Presidenta a dirixirse, na súa calidade de Presidenta do Pleno do Consorcio da Zona Franca, ao Delegado do Estado e a dito Pleno propoñendo na súa próxima sesión a posta a disposición da cidadanía de Vigo, e particularmente dos habitantes do barrio de Teis, das instalacións deportivas da ETEA baixo a fórmula cooperativa que se conveña, previas as obras de reposición precisas, e independentemente do futuro uso que se dea ao conxunto dos terreos."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de xaneiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COTOBADÉ TOMBO: Con esta moción do Bloque Nacionalista Galego o que pretendemos é a posta inmediata ó servizo dos cidadáns das instalacións deportivas que están nos terreos da ETEA.

Xa en setembro do ano 2004 don Santiago Domínguez, no nome do Grupo municipal do BNG, presentou unha moción neste sentido indicando que se estaban deteriorando a pasos axigantados estas instalacións e que convida que a alcaldesa negociara co delegado do Estado e co Pleno do Consorcio da Zona Franca para que estas instalacións reverteran no goce dos vigueses e viguesas e sobre todo do barrio de Teis.

No Pleno do 28 novembro de 2005 o noso voceiro, don Xabier Toba, alertou novamente neste Pleno que as instalacións deportivas da ETEA estaban cada vez máis deterioradas. Fixo esta exposición ante todos nós e seguiu transcorrendo o tempo. Pasaran catorce meses dende que o Sr. Domínguez presentara a súa moción neste Pleno e fora aprobada por unanimidade ata que o Sr. Toba volta alertar ó Pleno dicindo cal é a situación destas instalacións.

Agora, catorce meses máis tarde, correspóndeme a min como responsable dentro do meu grupo dos temas deportivos, facer de novo esta intervención: as instalacións deportivas da antiga Escola da Armada están en mala situación, coido que todos e todas coñecen o seu actual estado de abandono e cómpre canto antes que a alcaldesa interveña en representación da Corporación, para o que pido o voto unánime de todos os grupos municipais, deixármolos de polémicas de quen foi o culpable e poñer canto antes estas instalacións ó servizo de toda a cidadanía.

Dende o BNG coidamos que isto é posible, que debe ser así e ademais instamos a todos os grupos municipais a que se sumen a esta proposta para que a alcaldesa no nome da Corporación negocie co delegado do Estado na Zona Franca e senón que no primeiro Pleno do Consorcio da Zona Franca presente esta petición para que esa cesión sexa posible.

En determinados momentos falouse doutros proxectos, Euromar, A Cidade do Mar, etc., pero en todos eles se contemplaba que as instalacións deportivas ían ser para goce da cidadanía. Pois vaíamos por aí, polo menos que esas infraestruturas deportivas estean xa ó servizo de todos os cidadáns. O que pase co resto da parcela xa o miraremos máis adiante e cando sexa o momento.

Eu o que quero é sumar o esforzo de todos para que isto sexa posible. Estou seguro que se a alcaldesa vai co apoio dos catro grupos municipais ó responsable da Zona Franca, ela que ademais é a presidenta do Consorcio, non lles quedará máis remedio que poñer estas infraestruturas ó servizo da cidade.

SR. LOSADA ÁLVAREZ: Quero manifestar xa que dende o Grupo municipal Socialista imos apoiar esta moción do Grupo do BNG. Ó mellor por deformación profesional penso que a historia importa. Certamente o Ministerio de Defensa no ano 2002 vendeu as instalacións da Escola de Transmisións e Electrónica da Armada ó Consorcio da Zona Franca por trinta millóns de euros. Naquel intre o Sr. Trillo estaba facendo caixa porque a obsesión do déficit cero do asalariado do Sr. Murdock, naquel momento presidente do Goberno de España, levaba á necesidade de ingresar nas arcas públicas cartos de todos os puntos posibles.

Quero lembrar quen gobernaba naquel intre no Ministerio de Defensa e no Consorcio da Zona Franca de Vigo. Supoño que no momento da venda probablemente tivera sido o momento máis fácil para que esas instalacións pasasen ás mans dos cidadáns e xa que logo do Concello de Vigo para uso da cidade. Parece que naquel momento o tema aparcouse.

A partir de aí presentáronse distintos proxectos para a utilización da ETEA. Un deles falaba de aproximadamente 54.000 metros cadrados edificables, dos que 33.000 era edificación residencial e outros 42.000 hoteleiros e comerciais. É só a partir da chegada do novo Goberno á Xunta de Galicia cando se reformula o obxectivo da utilización dos terreos e instalacións da Zona Franca.

Efectivamente fálase dun polo de investigación e desenvolvemento que sitúe a Vigo no que sería o mapa das grandes instalacións científicas e tecnolóxicas, non só de España senón de Europa no ámbito dos estudos mariños e oceanográficos e si é verdade que tanto os proxectos que contemplaban edificación residencial, como o proxecto da chamada "Cidade do mar", contemplan a cesión á cidade de Vigo das instalacións deportivas existentes na ETEA, tendo en conta ademais o déficit estrutural que existe na zona de Teis nesta cuestión.

Polo tanto e indubidablemente calquera medida de apoio á cesión o máis rapidamente posible destas instalacións vai ser apoiada polo Grupo municipal Socialista.

En todo caso o que si lle pediríamos á alcaldesa é que estas negociacións non se fixeran por vía epistolar, unha vía á que nos ten moi acostumados, e que en caso do facer así que a carta non chegara antes á prensa que ó propio organismo interesado, neste caso o Consorcio da Zona Franca, como hai pouco ocorreu no caso da Consellería de Sanidade. Coido que é unha cuestión de cortesía e tamén de eficacia que as cartas cheguen antes ós seus destinatarios que ós medios de comunicación.

Só unha cuestión fundamental que afecta moito a este debate tamén ó dunha moción anterior. A diferenza entre a esquerda e a dereita é que non se trata de discriminar ó dono de ningunha grande empresa; trátase sinxelamente do tratar exactamente igual que ó último dos seus asalariados e iso, Sr. Figueroa, non é discriminar, iso afortunadamente é ideoloxía e cada un de nós temos a nosa.

SR. FIGUEROA VILA: Só dicirlle que o asalariado do Sr. Murdock é asalariado cando non está en política activa, pero o intermediario do Sr. Cisneros foino cando era presidente do Goberno.

Seguramente estamos a perder unha oportunidade e eu non a vou desaproveitar para falar da ETEA. O problema que ten o Partido Socialista é que ten un problema interno que se traslada sempre á toma de decisións nesta cidade.

É certo que a ETEA mercouse no ano 2002 pero tamén é certo que no Pleno da ETEA había representantes do Partido Socialista, persoas que a día de hoxe seguen nomeadas dentro do Consello do Comité Executivo da Zona Franca e votaron todos por unanimidade a favor, polo tanto foi co consenso de todos os grupos políticos alí representados porque se consideraba que era unha magnífica opción para a propia cidade. O que pasa é que cando se toman decisións hai que as tomar consecuentemente.

Naquel momento había un Goberno Partido Socialista-BNG que chegaron a un acordo co anterior delegado do Estado na Zona Franca para a través do Plan Xeral facer un desenvolvemento da ETEA como un marco referencial para a zona de Teis. Sería o momento que a través do Plan Xeral se puidesen marcar as directrices para facer na ETEA unha zona de lecer, residencial, comercial, é dicir, darlle vida a Teis, aproveitar a oportunidade que nos daba a negociación entre a Zona Franca e o Ministerio de Defensa para levar a cabo un proxecto estrela.

Así se enmarcou dentro da negociación do Plan Xeral polos grupos políticos que estabamos representados nesta Corporación e tamén por unanimidade porque o Partido Popular tamén estaba de acordo porque nos parecía unha magnífica proposta.

Fíxose un concurso de ideas que non se chegou rematar e houbo un cambio de Goberno en Madrid e tamén na Zona Franca. O primeiro que fixo a proposta de encargo a don César Portela foi o Sr. López Peña que é quen leva as negociacións da proposta inicial que todos vostedes coñecen para a ETEA e que saibamos o Sr. López Peña é un membro destacado do Partido Socialista, ó mellor non na liña dalgúns dese partido, pero si un

alto cargo do Ministerio de Economía e coidamos que unha persoa representativa dentro do Partido Socialista.

A partir daí se empeza a traballar na idea que propón o Sr. López Peña co consenso de todos os grupos políticos, todos os membros da Corporación, do Pleno da Zona Franca e tamén do seu Comité Executivo. Nese Comité só cambiaron dúas persoas: o Sr. López Peña e o Sr. Paz Andrade, o resto seguiron os mesmos. O Sr. Bobillo votou a favor, o delegado de Facenda, don Manuel Rodríguez, o Sr. Toba seguía pero non estaba, e eu que si estaba, todos votamos a favor. Polo tanto todos os que agora critican esa xestión estaban representados no Comité Executivo da Zona Franca, exactamente os mesmos e polo tanto esa é unha proposta que nace da Zona Franca.

A partir de aí téntase negociar cos grupos políticos pero chega a esta cidade a revolución do Partido Socialista do non a todo, empezan a poñer paus na roda e non se chega a ningún acordo. Chega o novo Goberno da Xunta de Galicia e propón unha Cidade do Mar.

Nós tivemos unha Xunta de voceiros co presidente da Xunta de Galicia e dixo que en cuestión de dous ou tres meses, e xa pasou ano e pico, nos remitiría ó Concello unha proposta do que sería a Cidade do Mar e que os voceiros seriamos os primeiros en nos decatar de cal ía ser a súa proposta. Esa proposta está nos medios de comunicación dende hai cinco ou seis meses, unha idea que ó final non sabemos no que consiste, e esa Cidade do Mar coido que pode ser un dos atrasos máis importantes para o desenvolvemento da ETEA tal como a teñen vostedes configurada.

Cousa distinta é que aí se poida implantar unha sede institucional ou unha serie de servizos pero vostedes van facer da ETEA un recinto totalmente pechado ós vigueses e viguesas, única e exclusivamente para a investigación, os cidadáns de Teis van ter un recinto de 120.000 metros cadrados que vai estar pechado menos para 30 ou 50 persoas e senón ó tempo porque o proxecto que presentou o BNG de Euromar nin existe, nin se lle ve, nin o contemplan porque como socios de Goberno da Xunta de Galicia polo menos poderían facelo. Que non lle fagan caso ó Partido Popular aínda é normal, pero que non llo fagan ó seu socio de Goberno, o Bloque Nacionalista Galego, empeza a preocupármonos.

O delegado da Zona Franca non se quere desprender destas instalacións e dígolle o porqué. Non se fía do Goberno da Xunta de Galicia do seu propio partido, porque a única arma que ten para negociar son as instalacións deportivas que sabe que poden

pasar a mans do Concello, a mans públicas, sería unha mala negociación para el e logo non tería posibilidades de defender os seus argumentos ante o seu propio Goberno.

Todo isto sabémolo na cidade, Sr. Losada, sabemos que o Sr. López Peña non está de acordo coa proposta da Cidade do Mar da Xunta de Galicia. Non só iso, é que en círculos privados se lle poñen prazos á cabeza do Sr. López Peña por parte do partido Socialista. polo menos sabémolo os que estamos nos recunchos da política local.

O Sr. López Peña é unha persoa que demostrou a súa implicación con esta cidade, o que moitas veces lle valeu unha reprimenda do seu propio partido en proxectos importantes para esta cidade e a día de hoxe o que está tentando é non se mover para ver se non lle voa a cabeza. É a realidade, o seu propio partido está dividido na proposta da ETEA e o Sr. López Peña non quere soltar esas instalacións porque é a única arma que ten de negociación coa Xunta de Galicia nun proxecto no que el non cre.

O que nos preocupa a nós e que está detrás de todo isto é que estamos totalmente convencidos de que o Partido Socialista en Madrid está buscando todos os argumentos para que a Zona Franca desapareza o antes posible. Os investimentos na Zona Franca nestes últimos dous ou tres anos, non porque el non queira, senón por esas políticas que se están facendo dende Madrid, empezan a ser cero; ceden terreos de Salvaterra-As Neves ó Porto de Vigo o que consideramos que é un grave erro porque a partir de agora neles só se producirá a instalación de empresas a través de concesión de servizos; cedeu o centro comercial da Laxe, fixeron un intercambio entre eles para tentar recuperar unha serie de investimentos que se fixeron e que consideramos que non foron rendibles; o polígono industrial de Cangas desapareceu dos planeamentos e das propostas da Zona Franca; da Cidade do Frío non quere saber absolutamente nada pero aí temos a XESTUR que xa deu o visto e prace para levar a cabo o desenvolvemento dese solo industrial.

Sr. Losada, coido que o Partido Socialista o que ten que facer é poñerse de acordo no que quere para a ETEA porque hai un sector que quere facer a Cidade do Mar en detrimento do que nós pensamos que podería ser un magnífico proxecto para os vigueses e viguesas. Dicimos claramente que os veciños de Teis van perder a oportunidade de ter un recinto aberto, de utilización pública, onde poidan pasear, ter o seu lecer, ter unhas instalacións que lle dean resposta ás demandas que presentan, tanto residenciais, comerciais, etc., e vanse atopar alí un recinto totalmente pechado, cunha Cidade do Mar para corenta ou cincuenta persoas.

Seguramente a Cidade do Mar teña sentido pero coido que en Vigo as situacións de todos os centros non teñen ningún tipo de problemática, excepto un ou dous que habería que lle buscar algunha solución pero os demais teñen resoltas as súas demandas.

Iso é o que pensamos dende o Goberno da cidade e por suposto dende o noso partido por tanto lle imos votar a favor a moción, Sr. Cotobad, porque é un tema moi importante para esta cidade. A ETEA non é un recinto calquera, significa o desenvolvemento dunha zona importante da cidade como é Teis e todo o seu contorno e por iso nos preocupa.

Non só nos preocupan estas instalacións senón que ademais os veciños de Teis saben que hai un compromiso da alcaldesa e da concelleira de Deportes de facer un campo de herba sintética, cousa que fariamos inmediatamente pero estabamos esperando que a Zona Franca nos cedera eses terreos para construír un novo campo para os equipos de Teis e da Guía.

Por suposto que sabemos que as instalacións están totalmente deterioradas. Están pechadas dende hai anos, non se lles da ningún tipo de uso, unha piscina de 25m por 12,5m que era magnífica e podería dar unha resposta ás demandas que presentan os veciños de Teis.

Repito que é a única arma que ten o delegado do Estado na Zona Franca para poder negociar co seu propio partido, no momento que solte esas tres instalacións está perdido porque sabe que é único que lle pode dar ese posicionamento forte para unha negociación con Santiago.

SR. SOTO FERREIRO: Eu non estaba na Zona Franca representando ó Partido Galeguista, pero no Pleno da Corporación, cando se levou adiante un acordo relativo á merca da ETEA, hai unha moción posta por min no sentido de que era unha verdadeira barbaridade e un dilapido de caudais públicos vigueses o feito de mercar as instalacións da ETEA pola Zona Franca por 4.000 millóns de pesetas de entón, falo en números redondos.

Non me metan nesa liorta de que todos estaban a favor; vostedes si, eu non.

En segundo lugar empézame a preocupar o silencio do Goberno da Xunta de Galicia con respecto ó que quere facer na ETEA. Cando chegou o Sr. presidente da Xunta e tivo unha xuntanza cos voceiros municipais, á parte do seu propio partido que lle prestou

apoio á posible iniciativa dun centro de investigación mariña que ía ser unha referencia mundial no mundo da investigación, o único que lle apoiou foi o Partido Galeguista.

O que dixo vostede Sr. Figueroa é certo: o presidente dixo que en prazo curto de tempo ía ter un proxecto que remitiría ó Concello de Vigo e ós seus voceiros. Pasou demasiado tempo e, ou non había ideas e xogouse cun sobreentendido de xa veremos o que facemos, ou si había ideas que non nos queren ensinar. Calquera das dúas cousas sería moi preocupante.

Pero este apoio do Partido Galeguista naturalmente non era un cheque en branco, queremos ver que proxecto, con que contidos, con que alcances, que pasa co conxunto das instalacións da ETEA, etc.

SR. COTOBADE TOMBO: Sr. Figueroa, é así como pretende seguir aquelas indicacións da Sra. Méndez? De verdade que eu non estou de acordo con iso e sen embargo respéctoo porque creo nun principio clásico que ademais me aplico: un é dono dos seus silencios e escravo das súas palabras. Vostedes aquí estanse a tirar á xugular uns dos outros sen ter en conta para nada o contido da moción que eu presentei no nome do meu Grupo e vostedes enléanse nunha discusión, falan de nomes de persoas cunha liberdade increíble, xa saben o que vai pasar no futuro, o que se vai facer e o que se vai deixar de facer.

Sinceramente eu non pretendía iso. O noso grupo o único que quería era que vendo que esas instalacións están nesa situación e sendo todos conscientes diso, por que non facemos algo para tratar de que iso reverta no goce dos cidadáns de Vigo. Iso única e exclusivamente.

Coñezo perfectamente cando marchou a Escola da Armada no 2001 que se desmantelou e foise para Ferrol e para Cádiz; coñezo perfectamente que en outubro de 2002, cando merca a Zona Franca, Pablo Egerique é o delegado, Goberna o Partido Popular en Madrid, o Sr. Trillo é o Ministro de Defensa e chéganse ós acordos que se chegan.

Tamén sei que logo é o Sr. López Peña do partido Socialista quen encarga o concurso de ideas; tamén sei de don Alfonso Paz Andrade e non acabo de entender que se estean mesturando todas cousas co que se pretende na moción.

Fun absolutamente aséptico á hora da presentar; fixen un breve relato do que acontecía e de cal é a demanda dos nosos cidadáns, dos vigueses e viguesas que non entenden

que logo de cinco anos esas instalacións sigan estando na situación na que están. Iso é o que non entende a cidadanía viguesa.

Logo sigan vostedes a tirarse os trastes á cabeza uns os outros porque estamos en época electoral. Non conten con nós para iso, de seguir nesta situación teremos que facer como fixeron os compañeiros na Xerencia, acabar abandonando o Pleno porque discuten doutras cousas en vez do que ven na orde do día.

En todo caso, se alguén se pasa do tempo ou está a dicir cousas que non teñen que ver coa orde do día ou coas mocións presentadas, existe unha Presidenta desta Corporación que é quen ten a potestade para regular os debates e mesmo puntualmente, nalgúns momentos, en determinadas mocións ou determinados temas pode ser que se limiten os tempos pero puntualmente e como un caso esporádico porque eu, como representante dos vigueses, non quero que me amordacen, quero falar cando teño que falar e paréceme que ata o de agora, nestes catorce ou quince meses que levo na Corporación, din boa mostra de que son quen do facer con responsabilidade, falar cando me corresponde e non meterme con ninguén. Pediría que vostedes fixeran o mesmo.

Pídolle ó partido Popular que reconsidere a súa postura e que se vaia á Zona Franca coa unanimidade de todos os grupos que é bo porque hai que sumar. Deixen de restar, non van quitar ningunha rendibilidade, non vai haber máis votos por iso. Só pido que se vote a moción nos seus termos.

SR. LOSADA ÁLVAREZ: Espero ser breve e non citar ningún nome concreto. Só unha cuestión que vostede sabe, Sr. Figueroa, é absolutamente falso que vaia ser un recinto pechado. Entendo que ó mellor vostede sabe pouco de centros de investigación pero en todo caso os centros e os campus de investigación son sempre centros abertos.

Hai o compromiso de abrir o acceso á praia e tamén hai o compromiso de substituír 40.000 metros cadrados de vivendas por un centro de referencia de investigación e desenvolvemento.

Falar dende o descoñecemento é pura e sinxelamente ou erro ou unha cuestión mal intencionada, como dicir como dixo a alcaldesa nalgún momento que os barcos oceanográficos podían estar na zona portuaria central cando todo o mundo sabe en temas de organización de investigación oceanográfica que é fundamental que os barcos estean a carón dos centros de investigación.

Eu recomendo sobre todo seriedade en certas formulacións e coido que efectivamente, cando se fala da dotación deportiva da ETEA, que é polo que empecei e manifestei o apoio indubidable do Grupo municipal Socialista á moción, forma parte dunha problemática complexa do que é a posible inseguridade dos cidadáns de Teis sobre o que vai ser o destino e a utilización dese terreo.

Vai ser unha utilización aberta e vostede pode seguir mentindo e pode seguir dicindo que vai ser pechada pero sabe perfectamente que non é así.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Paréceme moi ben o que dixo o compañeiro Sr. Cotobade con toda a razón do mundo, trátase dun tema puramente deportivo e abriu a caixa de Pandora o Sr. Losada que por certo, é moi bonito chamar a atención ó de babor e ó de estribor calar.

Pídolle que retire o que dixo dun tal Murdock do que era asalariado o presidente de España. Sexa quen sexa o presidente da miña nación, que son español e moi orgulloso do ser, coido que non é asalariado de ninguén. Non sei quen era nese momento o presidente de España pero lle pido que o retire.

Vostede non falou de deportes para nada, falou do que quixo e máis, abríndolle a este señor a caixa de Pandora. Pois remítase ó que dixo o Sr. Cotobad, diga se quere que se arranxen os campos ou non e punto. De barcos non fale porque diso podo falar eu e moito; os barcos non teñen porqué estar alí nin moito menos, vostedes están a defender o que lles interesa que é o protagonismo.

SR. FIGUEROA VILA: Imos votar a favor da moción. Sr. Cotobade, enténdoo pero a intervención do Partido Socialista foi moi clara porque a desvirtuou. Non nos calamos nunca nin o imos facer a partir de agora, que o saiba o Sr. Losada porque vai ter resposta a todas aquelas insinuacións ou cuestións que vaia presentar porque nós tamén temos a nosa dignidade e os nosos posicionamentos políticos que imos tentar defender en calquera momento.

Entendo que ó Sr. Losada lle amole; seguramente ten moito máis coñecemento de investigación, de cuestións universitarias, etc., pero eu teño unha experiencia da cidade e teño un olfacto político do que algún compañeiro sempre fala e repítole que estamos convencidos que se está perdendo unha oportunidade importante para que a ETEA sexa un referente dentro da vida da cidade de Vigo e por suposto de Teis.

Consideramos que o que se está a facer, con esa idea que está aí, esas instalacións vanse pechar e vai ser unha mágoa que o futuro de Teis quede estrangulado unha vez máis por unha decisión que se toma fóra desta cidade.

Se hai que discutir que en vez de 40.000 sexan 20.000 ou os metros que sexan de residencial, estamos dispostos a facelo pero si temos claro que as conexións da cidade con Teis, o túnel, a posibilidade de que Teis se poida humanizar no contorno de Sanjurjo Badía e nesa zona, pasa por ter unha zona de lecer na ETEA aberta a todos os cidadáns. Tamén digo claramente que me sorprende negativamente que os colectivos de Teis non reivindiquen ese posicionamento porque sempre o fixeron, sorpréndeme que se queden en cuestións menores, que algunha asociación, algún presidente, algún líder veciñal non diga nada a esta cuestión. Pero se ningún líder veciñal o di porque pode estar condicionado, eu si que o teño que dicir para que a maioría dos cidadáns de Teis o saiban.

Digo que co proxecto que teñen para a ETEA están estrangulando Teis e a posibilidade do crecemento desa zona. Sinto que algúns movementos veciñais non compartan esta idea ou non a reivindiquen pero eu si a digo para que os que nos escoiten a través dos medios de comunicación o saiban.

Non se está a defender Teis dende o aspecto veciñal e social, estase cometendo un erro que seguramente pagaremos no futuro.

SR. COTOBADA TOMBO: Só para lle dicir ó Sr. Alonso que eu falei de enfrontamento entre dous grupos, polo tanto a babor e a estribor, non me quedei no medio, normalmente non son deses.

Agradezo que teña olfacto político o Sr. Figueroa e decidiran cambiar o seu voto.

SR. FIGUEROA VILA: Non, nós dixemos que iamos votar a favor dende o principio.

(Está ausente a Sra. Bermúdez Pérez)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Cotobad Tombo, relativa á posta a disposición da cidadanía das instalacións deportivas da ETEA, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

10.- (12).- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSDEG-PSOE
RELATIVA A MEDIDAS DE ACCESIBILIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 22 de xaneiro, as concelleiras Sras. Méndez Piñeiro e Sío Lourido, pertencentes ós grupos municipal do BNG e do PSdeG-PSOE, respectivamente, formulan a seguinte moción:

“Acadar a Accesibilidade Integral é un reto para todas as Administracións e máis no caso da Administración Local que afecta de cheo á cidadanía.

Este reto consiste en abordar unha arquitectura accesible, un transporte público para todos e unha comunicación que tamén chegue ás persoas con deficiencia sensorial, aplicando todo tipo de medidas, medidas que nunca son suficientes se non van acompañadas dunha política de sensibilización á cidadanía e especialmente ás persoas implicadas na elaboración das propias medidas e na toma de decisións que as afectan.

No anterior mandato, neste Concello traballouse a prol da accesibilidade pero aínda quedaba moito por facer. Ultimamente asistimos a unha situación de regresión respecto ao acadado en diferentes ámbitos. Un exemplo disto témolo na eliminación das prazas de aparcadoiro en superficie no contorno da Alameda e do Centro Cultural Caixanova. As obras na zona xa remataron e as prazas que existían previamente non foron habilitadas de novo, a pesares de que en varias ocasións os colectivos de persoas con discapacidades existentes da nosa cidade veñen reclamando a súa recuperación.

Por todo o anterior presentamos ante o Pleno da Corporación a seguinte proposta:

1.- Que se habiliten urxentemente as prazas de aparcadoiro para as persoas con discapacidades que sexan necesarias no contorno da Alameda e do Centro Cultural Caixanova.

2.- Que se realice unha campaña de sensibilización á cidadanía e ás persoas implicadas na posta en práctica de medidas que afectan á accesibilidade, convocando tamén de forma urxente ó Consello Municipal de Accesibilidade.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de xaneiro, tomou coñecemento do contido da moción.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Antes de empezar coa moción gustaríame facerlles unha pregunta. Vai entrar o Plan Xeral, o AVE e a ETEA e todos os problemas pendentes desta cidade e tamén cando discutamos da accesibilidade? Porque está claro que efectivamente estamos en tempo de eleccións e calquera desculpa é boa para que se

enfrenten abertamente os señores do PP e máis do PSOE e mentres os problemas dos cidadáns están por resolver. Iso é o que pensamos moitos e moitas cidadáns.

Respecto á moción é moi sinxela e quero ser coherente co que pido. Só dicir que como todos e todas sabemos é obriga das diferentes administracións poñer en marcha medidas para facer unha arquitectura, un transporte accesible e evidentemente unha comunicación que chegue ás persoas con deficiencia sensorial, aplicando todo o tipo de medidas que haxa que aplicar nestes casos.

Hai que recoñecer que este Concello dende hai xa tempo puxo en marcha moitas destas medidas; sobre todo no anterior Goberno pero neste tamén hai que recoñecer que se fixeron cousas pola accesibilidade e a min as cousas que se fan ben gústame dicilas, as faga quen as faga. Pintáronse moitas prazas en superficie, fixéronse outras cousas pero faltan aínda moitas por facer e púidose facer moito máis.

Pero ultimamente asistimos a unha regresión do tema e o exemplo témolo nas prazas de aparcadoiro en superficie da zona da Alameda, centro cultural, etc. Como ben saben todos con Vigo 2005 se humaniza toda a zona da Alameda e do centro e se eliminan nada máis e nada menos que, segundo se nos explicou por xente da accesibilidade e o Gabinete de Tráfico, 18 prazas de aparcadoiro en superficie, refírome a prazas para persoas con discapacidade. Cando rematan as obras, si se deixa aparcar aa persoas que van por un momento ou para carga e descarga pero non se pintan como sería preceptivo as prazas para persoas con discapacidade.

Estes colectivos agora se atopan con que chegan á zona centro, se queren ir ó centro cultural ou a calquera edificio público ou privado da zona e non hai nin unha soa praza dende Príncipe ata o edificio da Xunta; nin na rúa Carral, nin Velázquez Moreno... a Sra. Sío e máis eu percorremos toda esa zona e atopámonos con que estes colectivos que veñen demandando que se pinten as prazas que había anteriormente teñen toda a razón.

Cremos que iso non pode ser, hai que tomar cartas no asunto e que se pinten coa maior brevidade.

SRA. SÍO LOURIDO: Como di a moción, á parte das prazas para discapacitados, falabamos dunha política de sensibilización á cidadanía, especialmente os técnicos e as técnicas que traballan no tema da accesibilidade. Por iso o segundo punto da moción di que se realice unha campaña de sensibilización á cidadanía e ás persoas implicadas da posta en práctica das medidas que afectan á accesibilidade, convocando de forma

urxente ó Consello Municipal de Accesibilidade como xeito de facer patente a participación, a corresponsabilización e a sensibilización o que sería un paso máis. Acaban de me facer chegar este plano da cidade, non sei se con isto queren dicir que estas prazas xa están no sitio que marcan. O outro día estivemos por alí non estaban. Referiámonos máis ben a carón da rúa Colón cara a zona vella, porque é esta zona da cidade, ó redor do centro Caixanova a que non ten prazas suficientes. Seguimos a manter a moción como estaba nun principio.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Tamén me acaba de chegar agora este plano porque o pedimos bastantes veces no departamento de Tráfico e só nos dixeron que había 340 prazas en todo Vigo e que nesa zona se eliminaran 18. Foi o único dato que acadamos pero si que percorremos a Sra. Sío e máis eu esta zona e falamos concretamente do contorno da Alameda e do centro cultural, o cadrado que se humanizou para Vigo 2005, non da outra beira de Colón.

Nese cadrado si fallan prazas, non hai ningunha e o mesmo que se poñen prazas para carga e descarga, que se pinten as prazas para persoas con discapacidade.

Había unha emenda *“in voce”* que nós queríamos facer sobre a proposta. O 2º punto quedaría igual e o 1º sería *“Que se habiliten no contorno da Alameda as mesmas prazas de aparcadoiro para persoas con discapacidade que se eliminen cando se rematen as obras”*. Dicímolo non só para esa zona senón para todo o resto da cidade; conforme se vaian humanizando as zonas, cando se remate unha rúa que se pinte a praza correspondente e non esperar como ata agora. Que se pinten as mesmas que se eliminaron no momento de iniciar as obras.

SR. SOTO FERREIRO: Tamén lle quero propoñer unha emenda. Paréceme ben o punto segundo; o primeiro punto tal e como está paréceme moi limitado e se nos dan agora estes planos non imos improvisar sobre a marcha. Paréceme que hai que obxectivar este tema porque non é só un problema da zona que vostedes din senón que é máis amplo.

Propoño unha emenda de substitución no punto primeiro que diría *“Que se faga un estudo en toda a cidade para poder realizar prazas de aparcadoiro para persoas discapacitadas de xeito que se poidan obxectivar as oportunas prelacións nas decisións en función da demanda”*.

Paréceme que hai que facer un estudo e non só na Praza de Compostela, hai que o facer da cidade, hai que ver que posible demanda potencial hai e en función diso actuar cun pouco de ciencia, se mo permiten. O que vostedes propoñen está ben pero me parece insuficiente; se poñemos as mesmas prazas que había antes ó mellor son poucas, honestamente non o sei por iso teríamos que tentar obxectivo a través dun estudo e esa é a menda que lles propoño.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Precisamente a emenda que queríamos facer *in voce* vai nese sentido. Nós falamos cos colectivos de discapacitados e concretamente nesa zona precísanas xa. Non estou en contra do que di vostede a respecto do segundo punto.

SRA. SÍO LOURIDO: En todo caso e pola urxencia que teñen esas prazas xa que están no centro da cidade e xa había 18, que seguramente poidan ser máis pero non menos e son os colectivos que as demandan quen saben mellor as súas necesidades, a emenda sería engadir outro punto con ese contido.

Non obstante coido que o estudo tal e como vai de tempo este Goberno xa debería estar feito e o que nos dan agora xa tiñan que nolo ter dado con anterioridade.

SR. COELLO BUFILL: En principio había dez prazas de uso exclusivo para discapacitados ou persoas con mobilidade reducida na Praza de Compostela. Iso é o que di a memoria e o que pasaron os técnicos. Agora, se vostedes o miran no plano, no contorno se crearon 19 prazas.

Probablemente estou de acordo con dixo co Sr. Soto, conviría facer un estudo en profundidade sobre este problema e a máis pódolles dicir que probablemente non comprobaron as prazas pero en Dr. Cadaval, moi preto do “Sireno”, hai tres prazas máis. Eu onte estiven visitando a zona e hai outras dous de execución inmediata que se van poñer en Policarpo Sanz, a uns cen metros do Centro Caixanova.

Tamén nalgunha conversa falamos de que poderíamos ir a través dos aparcadoiros públicos e concretamente falamos co aparcadoiro de Velázquez Moreno e Delegado do Estado na Zona Franca, para poder habilitar durante hora e media a franquía desa praza, co que estaríamos dando a posibilidade de que as persoas con mobilidade reducida puideran aparcar baixo superficie en réxime de franquía ou ben con bonificación. Esa é a nosa intención con dous aparcadoiros máis ó sur como son o

aparcadoiro robotizado e o da praza da Estrela, e coa parte superior en Velázquez Moreno teríamos esa posibilidade.

O que si lles podo dicir é que cando chegamos en xaneiro do ano 2004 tiñamos 86 prazas e agora temos case tres veces máis, concretamente se crearon 260 novas prazas en tres anos, tal como me certifica o departamento correspondente. É dicir temos 345 prazas neste intre e ese é un dato moi importante.

Quero cinguirme exclusivamente á moción e estamos a facer un esforzo importante para que xusto nese contorno, como ven vostedes no plano sinalizado en azul, sacáronse moi poucas prazas, en total seis.

Nesa zona quitáronse os vehículos para todo o mundo agás os servizos públicos, entón trasladamos esas prazas en liña recta e non en pendente o que é complicado para persoas con mobilidade reducida. Puxémolas nos arredores, máis as dúas que lles acabo de dicir en Dr. Cadaval e dúas novas en Policarpo Sanz nunha zona morta na que os técnicos deron a conformidade.

Coido que é moi importante porque é un elemento novo que poidamos levar ó Consello Sectorial ese acordo no que poñamos a disposición durante a primeira hora e media, neste caso concreto nos aparcadoiros robotizado e da praza da Estrela, máis o aparcadoiro privado de Velázquez Moreno, coincidindo co horario de 9 a 14 e de 16 a 20 horas, de luns a venres, para que as persoas que queiran acceder durante ese tempo de hora e media tería a praza en réxime de franquía ou bonificado polo Concello de Vigo.

Coido que é moi importante porque lles daría mobilidade. Estamos facendo un estudo rigoroso para que esa proposta se poida aplicar a todos os aparcadoiros da cidade. Coido que é un esforzo que estes colectivos merecen e que nós debemos apostar por ese tipo de accesibilidade co que coido que resolveríamos un problema moi grave que nestes intres teñen.

É de xustiza que poidamos dar esa posibilidade e coido que estaríamos de acordo co resto dos grupos se o levamos á mesa de accesibilidade. Coido oportuno presentalo aquí porque sería un logro de todos os grupos políticos e non só deste grupo.

SR. SOTO FERREIRO: Sras. Méndez e Sío, non nego que na zona da que vostedes falan hai unha demanda de acceso a temas socio-culturais importante que poida ser obxecto de especial atención, pero eu, logo de escoitar ó Sr. Coello, reafírmome máis en que hai que facer un estudo técnico-científico que nos permita obxectivar, en primeiro lugar

coñecendo a demanda sectorial por barrios, tendo coñecemento do que é orixe-destino dos usuarios, é dicir, fundamentalmente de onde saen e a onde queren ir e en base a iso obxectivo.

En todo caso e se lles parece eu propoño para facer rigoroso o tema que se poña un primeiro punto que diga: “Que se faga un estudo en toda a cidade para poder realizar prazas de aparcadoiro para persoas discapacitadas de xeito que se poidan obxectivar as oportunas prelacións nas decisións en función da demanda”.

Iso sería o primeiro punto; o segundo punto non me importa que dixera mesmo o que xa teñen vostedes: “Sen prexuízo do anterior e dadas as urxentes necesidades de...” e deixar o que xa teñen como primeiro punto. Pero se non meten por diante que no conxunto da cidade hai que facer un estudo obxectivo para realmente sabermos que prazas se teñen que habilitar, realmente me poñerían moi difícil votarlles a favor porque non habería un rigor para o facer.

O Sr. Coello di que fixeron un esforzo e que hai 200 prazas máis; está ben pero non se sabe, estase a facer a ollo, non o digo en ningún sentido para os molestar pero me parece que hai que facer isto rigoroso con algún estudo obxectivo.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Sr. Coello, vostede agora nos conta todas estas cousas e a min dáme moita mágoa que precisamente hai catro meses que os colectivos falan con vostede, que a Permanente do Gabinete de Accesibilidade se reuniu, que sistematicamente lle veñen pedindo que faga todo isto, que tiveran que facer unha manifestación o 9 de decembro e que logo de catro ou cinco meses que leva reivindicando o colectivo e que tiveron a paciencia de esperar ata xullo a que remataran as obras, vostedes agora nos veñan neste Pleno dicir que van facer todo isto, que vai ser unha marabilla, etc.

Que fixeron nestes catro meses? Porque o colectivo si que estivo con vostedes, a Permanente do Gabinete de Accesibilidade tamén e non só iso, senón que o 9 de decembro fixeron unha manifestación. Que agora me veña dicir todo isto non o entendo moi ben, habería que se preguntar que é o que fixeron ate o de agora.

Por outra banda e mirando o plano vexo que seguimos co mesmo. Efectivamente se lles oferta hora e media de aparcamento nun aparcadoiro privado na zona de Velázquez moreno, pero por exemplo desapareceron as dúas prazas que había a carón do Centro Cultural Caixanova e se, por exemplo, vostede vai a unha actuación ás dez da noite, non sei se lembra que o aparcadoiro de Velázquez Moreno pecha ás once da noite.

Alí farían falla dúas prazas e pasa o mesmo con Marqués de Valladares, etc. En toda esa zona fan falla prazas en superficie e iso é o que piden estes colectivos que falaron expresamente connosco e dixéronnos exactamente que é o que demanda. A moción Sr. Soto, vai nun sentido concreto e específico a respecto dese colectivo e dende o Gabinete de Accesibilidade teoricamente eles xa demandaron o que vostede quere engadir porque xa está falado co Sr. Coello.

Diso se falaba tamén naquela moción do estudo de accesibilidade que se pon en marcha. Isto é algo máis concreto e necesario porque están desesperados. Agora ben, non temos nada en contra de engadir como terceiro punto o que vostede ven de expoñer para que se reafirme o que xa vimos pedindo dende hai tempo. Non estamos en contra en queda como unha emenda de engadido.

SR. COELLO BUFILL: Na rúa Policarpo Sanz núm. 7 vanse crear dúas prazas que están a 50 metros do Centro Caixanova e ademais lémbrolles porque parece que dende aquí non se fixo nada nestes tres anos, que cando chegamos á concellería había e está certificado 83 prazas e nestes momentos hai 343 prazas na cidade. Houbo máis dun 300% de aumento.

Coido que hai que dicir as cousas con certo rigor porque no contorno da Praza de Compostela había dez prazas e agora hai 19. Onde vostede di é unha zona peonil e non podemos levar de novo os coches á zona onde estaban esas prazas. En consecuencia, ou a deixamos peonil ou creamos esas prazas pero nese contorno hai 19 prazas máis. Suprimíronse no centro da praza de Compostela pero creáronse nos arredores e loxicamente as persoas con discapacidade tamén se desprazan e ímoslles dar esa alternativa.

Eu persoalmente falei co delegado do Estado na Zona Franca para que nos aparcadoiros que están nese contorno e que teñen accesibilidade poidamos dispoñer desas prazas con carácter inmediato.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Paréceme ridículo que veña dicir iso aquí. Desapareceron as prazas do contorno da Alameda, concretamente referímonos a ese contorno. As persoas con discapacidade queren prazas nese contorno, é o que nos transmitiron.

A respecto se estamos nós de acordo ou non, iso terá que o preguntar no Gabinete de Accesibilidade e que as persoas con discapacidade lle digan onde queren as prazas

exactamente, non presentalo ós grupos políticos nin a min que non son técnica, senón que á xente con discapacidade.

SRA. SÍO LOURIDO: Sr. Coello, ninguén discutiu que hai máis de trescentas prazas de aparcadoiro porque a Sra. Méndez recoñeceuno na súa primeira intervención. Ese é o dato que nos deron dende o departamento de Tráfico e en ningún momento se puxo en dúbida nin se cuestionou ese feito.

A segunda cuestión, como xa dixo a miña compañeira, é que non nos pregunte a nós onde queremos poñer as prazas. Asesórese cos colectivos que saben moito máis ca nós das súas necesidades e onde queren aparcar.

Emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, durante o curso do debate:

Engadir un primeiro punto que diga o seguinte: “Facer un estudo en toda a cidade para poder realizar prazas de aparcadoiro para persoas discapacitadas de xeito que se poidan obxectivar as oportunas prelacións nas decisións en función da demanda”.

Vótase a emenda transcrita do Sr. Soto Ferreiro xuntamente co texto da parte dispositiva da moción.

(Están ausentes a Sra. Bermúdez Pérez e o Sr. Soto Ferreiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Facer un estudo en toda a cidade para poder realizar prazas de aparcadoiro para persoas discapacitadas de xeito que se poidan obxectivar as oportunas prelacións nas decisións en función da demanda.

Segundo.- Sen prexuízo do anterior, que se habiliten urxentemente as prazas de aparcadoiro para as persoas con discapacidades que sexan necesarias no contorno da Alameda e do Centro Cultural Caixanova.

Terceiro.- Que se realice unha campaña de sensibilización á cidadanía e ás persoas implicadas na posta en práctica de medidas que afectan á accesibilidade, convocando tamén de forma urxente ó Consello Municipal de Accesibilidade.

URXENTES:

A.- MOCIÓN DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ, INSTANDO BUSCAR SOLUCIÓNS ÁS INUNDACIÓNS DA CIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 29 de xaneiro, o voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Calviño Rodríguez, formula a seguinte moción:

“O pasado 7 de decembro o Grupo municipal Socialista solicitou á Alcaldesa a convocatoria dun Pleno extraordinario da Corporación Municipal á maior brevidade para tratar de buscar solucións ás graves inundacións que aqueles días estaba a padecer a cidade alterando gravemente as condicións de vida en zonas como Areal, Praza de Compostela, Balaídos, San Andrés de Comesaña, etc.

En repetidas xuntas de Voceiros foise atrasando a inclusión deste tema xa endémico na cidade na orde do día do Pleno, polo que se propón hoxe o seu tratamento pola vía de moción urxente.

Non é necesario esperar ó xa moi atrasado “Avance do plan director de saneamento de Vigo”, prometido para o mes de xullo do pasado ano, pois moitas das obras necesarias para arranxar o problema nalgunhas zonas da cidade teñen xa o proxecto redactado e as demais requiren solucións urxentes ante as choivas que sen dúbida quedan por chegar.

Como exemplo do primeiro caso están as modificacións da rede de saneamento das concas vertentes afectadas pola prolongación do túnel do Areal que resolverían os problemas da parte baixa central da cidade. Realizado o colector de Colón e superadas as diferencias coa Autoridade Portuaria para a súa prolongación e vertido á ría, do que non hai noticia ningunha é do colector a baixar por Isabel II e rúa Pontevedra, cuxo proxecto está redactado e presupostado e sen o que non teriamos resolto o problema.

É por iso que o Grupo municipal Socialista propón ó Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Instar á Alcaldía-presidencia a dar prioridade a realización dos proxectos necesarios para resolver as graves inundacións que padecen numerosas zonas da cidade cando se producen choivas intensas e a urxente realización das obras xa proxectadas.”

INTERVENCIÓN DO SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: O día 7 de decembro dende o Grupo municipal Socialista solicitamos un Pleno extraordinario para que, a ser posible, non se volvera repetir a situación das graves inundacións que hai nunha serie de rúas e zonas de cidade cando chove por riba do normal; Areal, Praza de Compostela, Balaídos e San Andrés de Comesaña entre outras.

Dende entón, en repetidas Xuntas de voceiros foise retardando o tema e polo tanto coido que a urxencia está perfectamente xustificada polo atraso en tratar o tema, porque as choivas poden volver chegar e ademais porque é unha resolución da Xunta de Voceiros de que se presentara como moción urxente no Pleno de hoxe.

(No momento da votación da urxencia están ausentes a Sra. Bermúdez Pérez e o Sr. Caballero Míguez)

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: A verdade é que case me alegro de que sucedera o atraso no tratamento deste grave problema que temos na cidade porque así aproveitarei para responder un pouco á inquietude do Sr. Guerra que defendeu o orzamento esta mañá, respecto do que faría o Grupo municipal Socialista en relación cos orzamentos. Coido que sería unha cousa que teríamos moi clara dar prioridade a todo o realizable en saneamento e abastecemento que queda moito por realizar nesta cidade, ó contrario do que a Sra. Alcaldesa moi recentemente expuxo en rolda de prensa.

Téño que dicir porque coido que quedan moitas cousas pendentes, foi unha mágoa que no seu momento o Goberno, cando se debateu o famoso plan de Barrios e Parroquias onde o abastecemento e saneamento coido que era a principal preocupación de todos eses barrios e parroquias, onde houbo unha oferta de adicar dez millóns de euros a saneamento e abastecemento atendendo ós barrios e parroquias sen contar para nada con temas xerais como as estacións de tratamento, o Lagares, etc. Ademais había o adianto da Consellería de Medio Ambiente que estaría disposta a acordar co Concello de Vigo un investimento semellante para facer eses traballos, cousa da que non temos noticia que se seguira tratando ou se tentara tratar coa dita consellería.

Polo tanto non me estraña que non haxa gran preocupación respecto a este tema en concreto e non me resisto a dicir dous ou tres cousas brevemente, como o compromiso que había de ter entregado en xullo do ano pasado o avance do Plan director de saneamento de Vigo que esperamos coñecer brevemente, ou como empezar a tomar medidas serias respecto a cousas que están perfectamente detectadas como os case 70 quilómetros de canalizacións de fibrocemento de máis de trinta anos de antigüidade, etc., que necesitan unha renovación inmediata porque non sei se lembran pero aquí tamén falamos por exemplo das perdas das augas que veñen de Eiras de ata un 30/32% que non é un pequeno problema.

Non me estraña que isto non se considere un tema prioritario cando na proposta do Sr. Guerra hoxe no orzamento, en efecto van propostas de case 1.400.000 €, que era un investimento xeral en saneamento e abastecemento, que me asombra porque xa no seu momento cando debatemos o plan de barrios e parroquias por parte dos técnicos e da concellería naquel intre de Vías e Obras, había investimentos, moitos deles urxentes, previstos, sen financiamento e que sen dúbida era necesario realizar na cidade, por un importe, como xa salientei naquel intre hai máis dun ano, de máis de 25 millóns de euros.

Obras pendentes importantes a realizar na cidade, obviamente o financiamento de moitas delas tería que vir doutras administracións por convenios, etc., parte tamén por suposto da concesionaria pero non me estraña que non houbera preocupación ningunha logo de que naqueles Plenos famosos o Sr. Figueroa nos expuxera unha xoia moi importante da actividade política municipal como foi a pretensión do Grupo municipal Socialista de que as obras se enterraran porque así o electorado non as vía.

Unha vez dito isto que me parecía imprescindible para salientar a importancia que damos ós temas de abastecemento e saneamento, entro no contido xa máis concreto da moción.

O concreto é este espectáculo que temos todos os anos, hai anos que varias veces, das inundacións neses barrios e o grave do asunto é que moitas das obras que poden axudar a resolver ese problema están proxectadas, mesmo con orzamento, pero non se sabe cando se pensan realizar. No caso de que non existan os proxectos pertinentes cremos que outra prioridade é redactar eses proxectos para que logo se poidan asumir presupostariamente ou por convenios con outras administracións, como é obvio que neste campo é moi factible facer.

Quizais o máis salientable é que entendemos que unha das zonas que causa bastante caos no centro da cidade pode ser solucionado con bastante rapidez porque o exemplo que poño no texto da moción urxente é do colector imprescindible que baixaría por Isabel II e rúa Pontevedra, o proxecto xa está redactado e con previsión dun orzamento de preto de dous millóns de euros, que coido que complementaríase e faría imprescindible para solucionar ese problema ó colector xa realizado da rúa Colón, felizmente superadas as diferencias coa Autoridade Portuaria e xa se está facendo a necesaria prolongación para o seu vertido á rúa.

Cremos que esta é unha das obras absolutamente imprescindibles que habería que potenciar e por iso propoñemos ó Pleno da Corporación un acordo moi concreto: “Instar á Alcaldía-presidencia a dar prioridade á realización dos proxectos necesarios para resolver as graves inundacións que padecen numerosas zonas da cidade cando se producen chuvias intensas e a urxente realización das obras xa proxectadas”.

Non quero entrar en concreto na realización dos proxectos necesarios. É obvio que tamén hai avances nestes temas respecto a Balaídos, San Andrés de Comesaña e coido que sería moi importante facer ambas cousas, poñer en marcha os proxectos xa realizados e iniciar canto antes o que sexa necesario para que esta situación de caos coas chuvias intensas non se volva repetir se é posible.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que a vostede lle informan mal porque na Xunta de Voceiros só se tratou unha vez este tema e por petición do seu propio grupo quedouse nun compromiso de deixar pendente esta petición de Pleno extraordinario e tratala no mes de xaneiro. Unha soa vez, polo tanto non houbo ningún tipo de atraso. Cando se tratou este tema o último xoves eu dixen que esperaran uns días porque nos ían presentar o plan director de saneamento e, en base á proposta que nos fixera a empresa e ó mesmo tempo logo do coñecemento polos grupos políticos, sería bo facer un debate. O xoves vostede foi testemuña porque baixamos xuntos no ascensor, presentáronnos o plan director de abastecemento ata o ano 2035.

Eu non sei se a súa impaciencia é persoal, política ou de grupo, colectiva ou individual ou como é, pero lle leva a cometer erros e eu teño que os detectar. Sr. Calviño, hoxe está a demostrar unha vez máis unha imprudencia política tremenda porque lle vou ter que responder. Fala en base ó descoñecemento e seguramente esa precipitación política, por non ter a tranquilidade de esperar como eu lle dixen porque non o estaba a

enganar, hoxe lévao a volver cometer erros como fai continuamente por escenificar ou representar non sei que.

Había un plan director e agora se detectan grandes erros que na historia desta cidade nunca ninguén puxo enriba da mesa. O primeiro erro que non se fixo no seu día e que detectan os técnicos é que non se fixo a rede separativa de residuais e pluviais.

Pero hai un tema moito máis grave. O marcado en azul neste plano son todos os ríos que ten Vigo e todos estes ríos ían ó mar. Resulta que alguén tomou a decisión de facer un plan de saneamento no ano 87 que non contemplou esta cuestión. Entón dende o nó de Isaac Peral ata a rúa Coruña todos estes ríos desembocan nos colectores, saberao o Sr. Fernández, ningún río desemboca no mar. Pois vaia barbaridade e chafallada que se fixo. Cando o xoves me explicaron isto dixen que era imposible que nesta cidade alguén cometera ese erro.

Non hai cartos posibles para resolver as inundacións se non se corrixe este erro porque todos os ríos da zona central van ós colectores sen control de ningún tipo. Tantos técnicos, políticos, concesionarias, profesionais de primeira magnitude e ninguén detectou isto. Isto é un tema grave para a cidade de Vigo porque hai unha cantidade importante de ríos.

Todos os proxectos que se puideran facer ata agora, hai que os cambiar. Isaac Peral inúndase porque alí chega un río e hai que conectar ese río ó mar; na rúa Pontevedra, na Gran Vía, Urzáiz, etc., hai ríos que van ós colectores. Os técnicos dicíannos que un dos grandes problemas que ten esta cidade é a grande cantidade de auga que hai no subsolo; é lóxico, se os ríos chegan ós colectores cun caudal maior do que poden absorber hai inundacións.

Nos anos 50-60 había pozos subterráneos que non se eliminaron, seguen a se manter dentro das propias redes. Hai outro mapa e eu quedei realmente sorprendido da cantidade de pozos subterráneos que hai. Eses pozos seguen na actual rede de saneamento da nosa cidade.

Foi unha mágoa que vostede non fora prudente porque dentro de quince días estaríamos a debater sobre datos reais, sobre un estudo técnico. O criterio claro que nos propón este plan director é que hai que facer urxentemente unha rede de augas separativas e fannos un proxecto ata o ano 2035 de todo o saneamento, os problemas que temos, as dificultades, etc.

En Vigo temos aproximadamente uns 900 quilómetros de redes de saneamento; por lle dar algún dato dunha cidade similar, Coruña ten 400 quilómetros, a metade da rede da

cidade de Vigo. Exactamente 521 km con 270.000 habitantes e Vigo 1.027 con 300.000 habitantes; 2,1 metro/lineal habitante en Coruña e en Vigo 3,42. Esa é unha mostra do esforzo de investimento que se fixo por todos os gobernos.

Vostede non pode facer unha crítica porque, se colle os datos dende o ano 1992 ó 2006, foi o goberno que máis investiu por ano sen ningunha dúbida. Falamos de 36 millóns de euros, máis tres que aínda temos pendentes dunha liquidación de EMAVISA, ó remataren este mandato imos facer un investimento en torno ós 40 millóns de euros só en saneamento. Falamos case de 8.000 millóns das antigas pesetas.

Voulle facer unha afirmación: hoxe se pode dicir que a cidade de Vigo, excepto algunha casa moi puntual nalgún núcleo que quede moi afastado, todas as vivendas de Vigo teñen conexión de saneamento ou posibilidade do facer á rede. Tamén é certo que hai zonas ou vivendas que non se conectan porque eles non queren e estase a facer unha inspección.

Pódolle dicir que nós conectamos á rede dende o ano 2004 ó 2006, 1.500 vivendas. Si que podemos facer con rotundidade a afirmación que fixo a alcaldesa, todo Vigo dentro do plan que tiña, excepto algunha vivenda nalgún núcleo rural, vai ter saneamento antes do verán porque temos investido 32 millóns de euros e agora mesmo xa temos aprobados e adxudicados catro millóns de euros en obras como: construción de colectores e saneamento en San Xoán Poulo, saneamento polígono empresarial Rebullón e zona industrial do Meixoeiro, parroquia de Candeán, Coruxo, unha parte que falla de Valladares, Matamá, Bembrive, Gandarón, López Mora-Tomás Alonso, Sampaio. Estes catro millóns de euros xa están en tramitación e cando rematemos este mandato poderemos dicir que, ó mellor excepto dúas casas en Coruxo, algunha en Bembrive, algunha en Cabral que están distanciadas dos núcleos, todas as vivendas de Vigo van ter a posibilidade de estar conectadas á rede de saneamento.

Con respecto ás inundacións, agora si que xa teñen o diagnóstico os técnicos feito e imos ter que facer un esforzo nos próximos anos para as separativas porque a rede de separativas é moi importante porque un dos problemas graves que ten esta cidade coa depuración é que se as augas pluviais se mesturan coas residuais é totalmente imposible, non habería nin depuradora, nin instalación que tivese capacidade para todo ese caudal.

Por todo isto coido que se precipitou, se esperásemos a ter este plan director que agora xa temos, que faremos público e darémosllo ós grupos políticos nos próximos días, só falta o remate dalgún plano e algunha cuestión máis, poderemos analizar cal é o futuro

en canto a abastecemento e saneamento. Sabe vostede tamén que se encargou un estudo para analizar a situación do abastecemento da cidade.

Tiña que lle dar estes datos, lamentar que non me fixeran caso e esperar para debater esta moción a ter o plan director, o avance xa o temos e agora entre os grupos políticos teremos que o analizar, cada quen dar as súas suxestións e traelo a un Pleno para o aprobar e que quede constancia de cales son as directrices que imos marcar en canto a abastecemento e saneamento na cidade de Vigo.

En calquera caso, os temas graves están perfectamente detectados, hai temas puntuais como é o río que chega ó Areal, o colector que agora mesmo xa está en marcha e esperemos telo nos próximos meses logo das diferencias que tivemos coa Autoridade Portuaria e tamén outro punto importante que é a zona de Balaídos que xa está adxudicada e na rúa Olímpicos tan pronto como se vexa a solución técnica que lle deron a este problema esperemos que se poida resolver.

O fondo do tema está neste mapa que reflicte perfectamente cal é a situación. Todos os ríos no centro da cidade están conectados ós colectores e se tivéssemos separativas non teríamos maior problema pero ó non as haber mestúrase e cando os caudais baixan coas chuvias fortes, é totalmente imposible.

Logo de escoitar ós técnicos creo con absoluta sinceridade que o traballo que se fixo para ter esta dificultade é magnífico. Se Vigo non tivese este problema coido que a rede que ten sobraría, pero é un problema engadido que non sei como non se estudou antes para buscar unha solución técnica.

Coido que a moción está perfectamente respondida e dicirille que este Goberno si que se preocupou polo saneamento e dende que vostede fixo aquela proposta dos 8/10 millóns de euros, nós xa temos catro en proceso de tramitación e outros tres pendentes porque tamén temos planificación. Como vostede comprenderá un goberno non actúa porque si, dá prioridade a unhas cuestións ou outras e sabemos que estamos a facer un esforzo importante.

Por suposto que hai que seguir facendo moitas cousas pero en base a unhas directrices que nos marquen, non se pode resolver algo dun xeito individual, hai que o facer dentro dun contexto xeral, dentro dunha planificación e nós tamén imos deixar rematada a planificación do futuro ata o ano 2035 e esperemos que antes que remate este mandato poder contar cunha aprobación plenaria onde todos os grupos se poidan pronunciar. Isto non é unha cuestión política, hai que ter enriba da mesa un traballo técnico para que se poidan dar solucións e facer proxectos a curto, medio e longo prazo.

Coido que durante estes anos demostrouse ese esforzo de investimento deste Goberno e se quere llo podo contar por parroquias: Zamáns era unha parroquia que todo o mundo dicía que estaba abandonada en canto ó saneamento. Cando chegamos nós, Sr. Calviño, estivemos a punto de perder de fondos europeos aproximadamente uns seis ou sete millóns de euros porque ó último día tocou a campá e alguén tivo que se desprazar a Bruxelas para resolver un tema de financiamento porque ninguén se preocupara de que estaba concedida unha subvención. Gracias a iso hoxe Zamáns, Beade e Bembrive teñen a rede de saneamento case que na súa totalidade. Os feitos están aquí.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Polo que parece logo de varios mandatos temos un saneamento bastante avanzado porque saberá que empezou no 93. É máis, parece que aquí a xente ten pouco tempo para ler porque nas alegacións que fixo este grupo municipal ó Plan Xeral unha das propostas eran as augas separativas e non só do Areal senón de Vigo.

Os regatos empezaron a metelos nas cabeceiras do saneamento, non vaia pensar que o fixeron só aquí. Cando se fixo o colector de Isaac Peral este político é o responsable; pero cando se fixo o colector xeral que interceptou todas estas baixadas de táxeas, o responsable político da Xunta chamábase Sr. Cuíña. Non veñamos agora aquí dicir que non o sabiamos, dígoo porque houbo un colector que cortou esas táxeas aí e nós o único que fixemos foi un novo proxecto para meter o saneamento por dentro e fíxose un túnel por onde tiña que ir.

O Plan Xeral de Vigo que está en trámite xa contempla, porque para iso se aprobou a nosa alegación, que hai que facer esas separativas xa dende arriba porque hai moito regato que hai que lle devolver a auga que se lle quitou.

Non son horas de se poñer a debater pero era bo facer este debate máis amplo. Os catrocentos millóns de pesetas que quedaron dos fondos europeos, efectivamente houbo un cambio de Goberno que foi moi negativo porque algúns non quixeron nin escoitar as propostas que lles quixemos facer, digo algúns e non digo un grupo. A min non me preguntaron pero eu si sabía, iso formaba parte doutro investimento que se fixo en Tebas, con aquel 38% de rebaixa, lembra? Puidemos gastar 800 máis porque cando uns proxectos veñen inflados e se vai ó mellor ofertante, conseguíuse facer máis saneamento e ademais 900 millóns de pesetas que estaban sen pagar das conexións anteriores, lembra?

Cando o outro día mirei na propaganda que fixeron de saneamento o depósito do Cepudo quedeime abraiado porque iso me tocou a min, vostedes rematárono. O depósito do Cepudo fíxose baixo o mandato do Goberno do BNG para lle dar auga a Barrocas e ata direille que mo pediu o presidente dunha asociación de veciños, quedou a única zona con hidrante na Garrida e por iso a partir de aí fixemos aquela moción de hidrantes de todos os depósitos.

Poden pensar o contrario pero na rede perimetral hai moitas obras que se empezan cando se empezan e logo as inauguran outros. O tema é que esta cidade, gracias á coraxe que tivemos algúns, non perdeu 3.500 millóns de fondos europeos e fixéronse todos os tanques de tormenta do río Lagares, lembran? Iso si que foi proba de coraxe porque houbo que expropiar e houbo que facer unha corrección de erros que de media páxina nun periódico converteuse en cinco a dobre cara con xente afectada. Gastáronse eses cartos que estaban perdidos cun goberno de maioría absoluta do PP. Aproveitouse para facer un paseo que había que telo feito ata arriba, ata o muíño do Ruso pero pasou o que pasou e que lle imos facer, pagou quen non tiña culpa ningunha, o que tiña era ganas de solucionar problemas a esta cidade.

Non vou entrar máis porque son temas persoais e é desagradable. De todos os xeitos gustaríame que a pesar desta moción si se fixera un debate porque cando se escribe e non se di parece que non existe e iso é malo. As alegacións que este grupo municipal presentou ó Plan Xeral xa contemplaban isto porque algúns si sabiamos que os ríos estaban aí, non é por outra cousa senón porque escoitamos á xente que sabe.

Esta cidade ten moitos ríos soterrados pero ese concretamente ven dun lavadoiro na rúa Aragón que a xente é como é e vaino tapando. No mes de agosto de 99 tocoume facer un tubo na Travesía de Vigo e logo ata houbo que cambiar o proxecto porque era “pedra de mar” como din por aquí que non hai quen lle entre.

A cada quen lle toca nun momento determinado apandar co que lle ven e o único que hai que facer é sumar, esta cidade non a fixemos neste goberno; foron gobernos anteriores e todos temos que aportar. O tema de saneamento non pode ser baza política, ten que ser baza de sumar.

Teña presente que hai moita xente que aínda non pagou saneamento en Vigo e teno conectado.

SR. SOTO FERREIRO: Seguramente alguén esqueceuse do que estamos a debater incluído o propio propoñente. Na proposta de acordo di: “Instar á Alcaldía-Presidencia a

dar prioridade á realización dos proxectos necesarios para resolver as graves inundacións que padecen numerosas zonas da cidade cando se producen chuvias intensas e á urxente realización das obras xa proxectadas". Isto é por culpa do saneamento, etc. Fagan o favor, se queren votamos a moción e se queren votamos en contra.

Sr. Figueroa, vostede pídelle prudencia ó Sr. Calviño pero non estaría de máis que a tivera vostede con respecto a ese documento, que saca dun xeito vantaxoso porque os demais membros da Corporación non o coñecemos e que ó mellor agora mesmo con este debate tan precipitado está estragando. Se é tan importante resérveo para unha conversa delicada, sostida, construtiva dos grupos políticos e non o quite como unha bomba arreboladiza contra todos os demais porque fraco favor estalle a facer ó que teoricamente di defender.

Non lle vou lembrar, xa llo direi cando toque, que un día había un plan de saneamento integral que dicía que había que facer os sistemas separativos e non se fixo, logo xa veremos o por que.

Por favor, rematemos co da moción, se lles parece votámola.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Que conste que tiña previsto cinguirme completamente ó texto da moción sobre o problema concreto das inundacións, resolver un tema que leva pendente moito tempo como son as modificacións da rede de saneamento das concas vertentes afectadas pola prolongación do túnel do Areal, que o Sr. Figueroa sabe moi ben que leva moito tempo neste Concello e iso supoñía facer unha serie de traballos que non se fixeron.

Fíxose o colector de Colón pero non outras cousas que estaban aí e son a base fundamental para resolver o problema das inundacións. Foi o debate dos orzamentos o que me permitiu facer unha referencia ó que daríamos prioridade o Grupo municipal Socialista.

Recoñecendo o grande traballo realizado en moitos anos neste Concello e recoñecendo o traballo tamén nestes tres anos, dicir que neste tema menos mal que solicitamos o Pleno extraordinario e que propuxemos que se debatera esta moción porque polo menos axilizamos a redacción dese avance do plan director no que parece que se descubran grandes cousas.

Falando de ignorancia dende logo hai unha cousa que me asombra. O Sr. Figueroa que leva tantos anos traballando aquí, acábase de decatar pouco menos que a semana

pasada que as augas, mesmo as dos ríos, verten nos colectores e que é necesaria esa rede separativa de pluviais. Iso é algo que nesta cidade sabe moita xente.

Voulle dicir que por suposto que o importante do debate terémolo en base ó estudo dese avance do plan director e lamentable e posiblemente se fixeron moitas cousas mal, como por exemplo ter ocupado pola rede de telefonía e moitas outras cousas ó mellor no futuro atopámonos o problema de que esa rede separativa vai ter dificultades de encaixe polo ancho das rúas etc.

Pero a intención exclusiva era falar do tema das inundacións, apurar eses proxectos e que se convertera nunha prioridade para este Goberno. Xa vimos que prioridade non era polo atraso no tema do avance, pola escasa presenza nos orzamentos dos temas de saneamento e abastecemento; e sobre o tema concreto de entrar en barrios e parroquias, de onde realmente está resolto o tema e onde queda pendente, teño cantidade de datos que cando debatamos o avance xa veremos polo miúdo.

Ó día seguinte de que interviñese a Sra. Alcaldesa xa houbo algunha resposta dunha asociación que eu non tiña nin idea que fose un dos sitios que tivese problemas na rede de saneamento, saíu na prensa claramente unha resposta da que eu non sabía porque mesmo crin que o tema de Navia non era grave.

Polo tanto felicítámonos de que se teña traballado no tema do avance e deixamos o debate máis de fondo para ese momento. Coido que a intención da moción que eu presentei aquí era moi clara e coido que estes temas non van ser cambiados polo avance do plan de saneamento que imos estudar e polo tanto propoño que se vote o acordo que en efecto ten un alcance limitado e deixar o asunto de fondo para o estudo do avance do plan de saneamento que se nos propón.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Soto, coido que na Xunta de Voceiros dixen claramente que deixaran pendente este tema porque o plan director nolo ían entregar en cuestión de horas, polo tanto non me diga vostede que eu fun un imprudente, obrigáronme vostedes a aceptar esta moción e así o fixen.

O Goberno non pode calar ante unhas acusacións de que non fixo o seu traballo nin asumiu a súa responsabilidade. Parece que lle molesta. Eu non sei o que a xente sabía ou non, os técnicos e os políticos; o único que digo é que no informe que está presentado ninguén sabía a nivel técnico, nin sequera a concesionaria, que houbera tantos ríos que vertesen ós colectores e polo tanto digo que se cometeu un erro. Se alguén sabía isto, se algún técnico sabíao, é grave porque a solución que se adoptou

non foi a correcta. Por moita rede de saneamento que se contemple no centro da cidade, se aí chega máis auga do normal sempre se van producir inundacións, poderanse minorar ou suavizar pero sempre se van producir.

Cando nos presentaron este plan director eu preguntei ó equipo se tiñan coñecemento de todas estas cuestións e dixeron que dun xeito orientativo podería ser pero tal como está feito no traballo non porque agora si que está reflectido punto a punto, río a río, colector a colector e iso non o fixo ninguén e senón que mo demostren. Aquí todo o mundo di que sabe pero non hai nada en papeis e é a primeira vez que eu miro un mapa destas características.

Sr. Soto, moléstame que vostede diga que non se pode sacar isto; coido que un Goberno non pode permitir unha acusación así cando sobre todo eu díxenlles persoalmente que esperasen corenta e oito horas, que me deixaran recibir o plan director para saber o que iamos facer. O que está claro é que dende o ano 87 se viu traballando doutro xeito; é certo que vostede presentou un plan de saneamento nese ano pero a partir de aí e con respecto a estes temas non se fixo nada.

Estabamos cometendo un erro de cálculo porque se estamos contemplado a rede de saneamento para a normalidade, resulta que en Vigo hai unha “anormalidade” e calquera técnico que faga a rede de saneamento de calquera rúa desta cidade estase trabucando porque se non se lle di que hai un caudal que chega a maiores das augas dos ríos, se lle fallan eses datos evidentemente a súa resposta non pode ser correcta.

Ademais isto vai ser público en cuestión de días porque é un documento moi importante para esta cidade que teremos que debater, buscar un consenso e en base a el facer unha programación. Aquí nos propoñen unha programación cun plan de investimentos aproximadamente de 140 millóns de euros ata o ano 2035.

Claro que se ten que producir a renovación das redes de abastecemento e mellora, pero agora xa temos un diagnóstico claro de por que acontecen algúns temas puntuais nesta cidade; tampouco ocorre sempre, só cando saímos da normalidade e cando hai unhas chuvias torrenciais e dependendo das concas se producen ou non inundacións nunha zona ou noutra.

Esta é unha das claves deste estudo para buscar as solucións. Por suposto nós imos votar en contra mentres non estudemos este documento. Hai un avance dun plan director e imos cinguirnos única e exclusivamente á súa folla de ruta. Este plan non terá que ser aprobado, teremos que o discutir entre todos os grupos e ver se hai que mellorar algo ou cuestións que hai que estudar máis en profundidade.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Figueroa, a proposta que fai o Grupo municipal Socialista e que expuxo o Sr. Calviño di e vouno ler a modo por se non o entenderon: “Instar á Alcaldía-presidencia a dar prioridade á realización dos proxectos necesarios para resolver as graves inundacións que padecen numerosas zonas da cidade cando se producen chuvias intensas e a urxente realización das obras xa proxectadas”.

Para facer bandeira política de que todo o que diga o PSOE é necesariamente malo, vostede saca no Pleno da Corporación un documento que pretende que sexa de consenso para nos dar con el na cabeza a todos, sen que os demais o coñezamos e polo tanto utilizándoo dun xeito prepotente.

Os vigueses non lle pagan para que teña documentos en exclusiva, nin a vostede nin a min. Páganos a todos para gobernar conxuntamente esta cidade, cada quen coas súas opinións e as súas ideas. Cando vostede trae ese documento a este Pleno da Corporación sen o coñecer os demais fai trampa. O que é máis grave, ó mellor está a poñer en risco a posibilidade de consenso nun tema que a min si me parece importante. Por iso estoulles a recriminar que utilicen ese documento dun xeito partidista, dun xeito absolutamente partidista. Mandeille un aviso para reconducir e votar a moción, pois non reconduciu nada e segue coa mesma teima. Pois xa miraremos con lupa ese documento que parece de seu, parece do PP, a ver se é un plan do PP e non de Vigo.

Prométolle que así o fará o Partido Galeguista con ese plan que vostede dun xeito partidista empeza utilizar. Eu dende logo que si vou votar a favor dunha moción que di que se remate co problema das inundacións, cun plan ou con mil plans, o demais son historia. Votemos xa dunha vez, por favor.

SR. TOBA GIRÓN: Sinceramente nós non miramos o problema en votar a moción e máis á vista da súa redacción que é bastante aceptable baixo calquera punto de vista. O que non ten sentido é que ante unha iniciativa que pretende poñer enriba da mesa a resolución dun problema que afecta a moitos cidadáns, o Pleno da Corporación de reflexe nun voto negativo arredor dun avance dun plan director.

Sr. Figueroa, polo que lle escoitei porque eu non vin ese documento, entendo que estamos ante un avance do plan director o que quere dicir que logo imos ter que redactar o plan director. Poñéndonos de acordo sobre ese avance, logo haberá que encargarse a redacción do propio plan director. Non se executan obras sobre un avance senón xa sobre un plan director que defina proxectos concretos. Mentres tanto, remite

vostede ata as calendas a actuación en cuestións que si están afectando directamente á vida das persoas, dos cidadáns de Vigo?

Non parece razoable. Dende logo nós xa anunciamos que por suposto imos votar a favor e entendemos que debe ser un acordo por unanimidade, coido que os cidadáns esperan iso. Independentemente de que polo menos dende a perspectiva do noso grupo, entendo que tamén da perspectiva do Sr. Soto e comparto a súa indignación en certa medida, o que están esperando de nós é que votamos a moción e que nos poñamos estudar ese avance de plan director cando vostedes queiran.

Dende logo o noso grupo está na mellor disposición para poñer as bases diso que ten que ser unha nova actuación de saneamento para os próximos moitos anos de Vigo, plan de saneamento que por certo nós xa pediramos nunha moción en xuño do ano 2004 ou sexa que, non sei se con atraso ou con adianto, benvido sexa porque Vigo o necesita.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Soto, paréceme moi ben que se moleste, nós seguimos a manter o noso criterio. Cal era o motivo desta moción, chegar aquí e amolar ó Goberno? Darlle un repaso dialéctico e político ó Goberno para dicir que non fixo o seu traballo, non fixo investimentos, son uns inútiles, uns ineficaces, uns ineptos?

Este Goberno ten que se defender, fixo o seu traballo, encargou un plan director, eu díxenlle persoalmente a vostedes que esperasen unha semana que lle entregaría ese plan director e seguramente pensaron que ía de "farol". Pois non, o Goberno fixo o seu traballo e da unha resposta a unha pregunta que nos parece ben que teñan vostedes o máximo respecto político a que a poidan presentar.

Díxenlles que ía votar a moción pero o que non podemos é non nos defender ante unha proposta que vostedes fan. Non sei por que lles ten que molestar, se eu non dixera nada e ocultara este documento poderían dicir que lles enganara pero non o fixen. Dixen que ían entregar o documento e non fixeron caso; entregárono e o fin de semana tivemos que traballar nel e agora damos resposta ó que vostedes propoñen.

O único que dicimos é que non imos votar unha moción que dea prioridade a un tema tendo este documento. Se vostedes queren unha emenda de dar prioridade ás obras polo menos logo de analizar nunha primeira xuntanza este documento con quen elaborou o traballo, estaríamos dispostos a aceptalo, pero non nos poden pedir que deamos prioridade a unhas obras cando temos un documento que nos di unha serie de cuestións moi puntuais e detecta unha serie de insuficiencias.

Teñamos unha xuntanza e nela vexamos a prioridade das cuestións urxentes, iso si que estamos dispostos aceptalo. Coido que é algo sensato, se non votaremos en contra e darán as prioridades vostedes, en base a que? Porque seguramente das deficiencias que ata o de agora se ían detectando xa nos di algo este documento e quen fixo o traballo poderán dicirnos o xeito de dar prioridades.

É o único que pedimos, coido que esta vez é un tema absolutamente normal e coherente pero parece que se lles respondemos malo e se non somos uns ineptos e ineficaces. Non, nós tamén temos o noso traballo político que hai que defender e hai unha cidadanía detrás que quere respostas de cada un de nós.

Se me tiveran feito caso agora xa teríamos rematado e estaríamos falando de que esta semana farase unha presentación do plan director e a partir de aí analizaríamos e coido que vai haber un debate importante nesta Corporación.

Se aceptan a emenda de que deamos prioridades logo de escoitar ó equipo redactor deste documento, estamos dispostos a votar a favor. Senón teremos que votar en contra.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Acepto a emenda pero lembren que isto xurdiu o 7 de decembro e que houbo varias reunións da Xunta de Voceiros onde propuxemos tratar este tema.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Calviño non lle podo permitir iso porque está mentindo. As únicas Xuntas de Voceiros nas que se tratou este tema foron a do mes de decembro na que a súa voceira, Sra. Graña, dixo que estaban dispostos a deixalo pendente cun compromiso do Goberno do tratar no mes de xaneiro, e a última Xunta de Voceiros do xoves pasado onde se preguntou por que non estaba na orde do día e eu díxenlles que estabamos a piques de que nos entregaran o avance do plan director en cuestión de horas.

O problema foi que non me creron, pensaron que me ían coller no Pleno para me machucar e eu estaba moi tranquilo porque sabía o que estaba a dicir.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Cando estivemos xuntos no ascensor foi unha mágoa que non me informara diso porque ó mellor aproveitaba a fin de semana para estudalo tamén.

En todo caso, aceptamos a súa proposta e podemos votalo todos por unanimidade.

A PRESIDENCIA: Votamos todos xuntos un tema tan importante para a cidade coma este.

Emenda formulada polo voceiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, durante o curso do debate:

Incluír na parte dispositiva da moción "...que, previo estudo do Avance do plan director do saneamento, se dea prioridade..."

Votase a moción do Sr. Calviño Rodríguez xuntamente coa emenda proposta polo Sr. Figueroa Vila.

(Está ausente a Sra. Bermúdez Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Instar á Alcaldía-presidencia a que, previo estudo do Avance do plan director do saneamento, se dea prioridade á realización dos proxectos necesarios para resolver as graves inundacións que padecen numerosas zonas da cidade cando se producen choivas intensas e a urxente realización das obras xa proxectadas.

11.- (13).- ROGOS E PREGUNTAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 25 de xaneiro, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula as seguintes preguntas:

"En nome e representación do Grupo Municipal do BNG, o concelleiro Amador Fernández Fernández ten asumido como propios os acordos que en distintos Plenos se teñen tomado por unanimidade e por iso anúnciolle que en cada Pleno Ordinario fareille cando menos o recordatorio e moito me temo de non ter suficientes Plenos na presente lexislatura para lle lembrar que só con anuncios e roldas de prensa non se arranxa a nosa cidade. A súa ineficacia para cumprir os acordos plenarios, o seu pasar o tempo sen concretar e reparar o que di vai facer pero non fai, o seu apropiarse do traballo dos demais de xeito descarado, anunciar obras que o BNG xa deixou rematadas na lexislatura anterior (depósitos do monte Cepudo) e por iso formulo e presento por escrito as seguintes preguntas para que sexan respondidas no próximo Pleno Ordinario do mes de xaneiro.

- 1.- Cando van ter subministro de auga da traída os veciños de Zamáns?
- 2.- Ten vostede intención de mandar xa reparar as rúas Palencia, Sagunto, Valladolid, Lugo e resto?
- 3.- Ten vostede coñecemento do lamentable estado das beirarrúas da rúa Areal, xardíns e zonas do contorno? Visíteos, quédanlle cerca.
- 4.- Ten vostede coñecemento ou lembra que o Concello cedese a titularidade dos terreos do Hospital do Meixoeiro á Tesourería da S. Social?
- 5.- Temos xa algunha posibilidade de coñecer os prazos para ter o proxecto do acceso ó Hospital do Meixoeiro que quedou en trámite no ano 2003?
- 6.- Canto tempo ten que pasar para que se ordene a reparación do contorno da Estación de Autobuses?"

INTERVENCIÓN DO SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Hai un momento dixen que o que non se di parece que non existe, entón vou ler, láméntoo pero sabe que tiñamos esa redacción epistolar por directa.

A primeira pregunta é cando van ter subministración de auga da traída os veciños de Zamáns?

Ten vostede intención de mandar xa reparar as rúas Palencia, Sagunto, Valladolid, Lugo? Estas pedinllas outras veces.

Ten vostede coñecemento do lamentable estado das beirarrúas da rúa Areal, xardíns e contorno? Pódeas visitar porque lle quedan preto.

Ten vostede coñecemento ou lembra que o Concello cedese a titularidade dos terreos do Hospital do Meixoeiro á Tesourería da Seguridade Social?

Temos xa algunha posibilidade de coñecer os prazos para ter o proxecto de acceso ó Hospital do Meixoeiro que saben que nolo denegara Patrimonio Histórico? Eu non teño coñecemento de que se rematara aínda que tamén empezou no 2003.

Canto tempo ten que pasar para que se ordene a reparación do contorno da Estación de Autobuses? Dígollo porque segue igual, non é por nada pero estiven esta fin de semana alí.

A PRESIDENCIA: Se mas entrega agradézollo.

- * ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. MARTÍNS VILANOVA, REITERANDO RESPOSTA A UNHA PREGUNTA RELATIVA Ó CUMPRIMENTO DA ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

INTERVENCIÓN DA SRA. MARTÍNS VILANOVA: Sinxelamente para reiterar a petición de resposta que fixen xa hai uns plenos sobre a pregunta que fixera no sentido da moción presentada polo Partido Galeguista na que se daban unha serie de departamentos nos que non se cumpría a Ordenanza de normalización lingüística e eu dicía que medidas concretas se adoptaran dende o momento da aprobación da moción ata este. Vostede respondeume a última vez que xa me contestara pero non atopei a resposta por ningures, entón se a teñen redactada me poden dar unha copia e se non me responden, por favor.

A PRESIDENCIA: Sen ningún problema, así será.

- * ROGO DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. TOBA GIRÓN, DE QUE SE SUBSANEN OS ERROS CONTIDOS NAS AXENDAS DO CONCELLO CORRESPONDENTES Ó ANO 2007.

SR. TOBA GIRÓN: Este é un rogo, podería interpretalo como unha pregunta pero o prefiro facer como un rogo.

Vostede seguramente lembrará que o ano pasado por estas datas fixen mención a que a axenda que entregara o Concello tiña o tremendo defecto de estar exclusivamente en español. Descubro este ano que a axenda está en galego polo que os felicito, pero a cantidade de erros que contén é realmente increíble de crer, deixando á marxe de que ó meu compañeiro, Carlos Cotobade, o afilien ó Partido Galeguista pola súa conta e risco, e de que a Sra. Molares non teña adscrición política, nin a Sra. Polo Lima, nin a Sra. Iglesias Bueno.

Se collen vostedes o caderno que está introducido da Xunta de Galicia é que vostedes seguen aínda antes de xuño de 2005 porque está aquí a Consellería de Emigración, algún despistado cidadán desesperado pode estar buscando aínda ó Sr. Pérez Varela na Consellería de Cultura.

Eu prégolles que se tomen a molestia de reparar este desaguisado. Voulles meter unha carpeta dentro co novo directorio da Xunta de Galicia e que se tomen a molestia de corrixilo que, por certo, como está impreso con cadernos separados non debe ser complicado, é cuestión de desapegalo e volvelo pegar, pero máis que nada porque calquera que non o lea con atención se pode retrotraer a tempos anteriores a xuño de 2005 cousa que como concelleiro me crea un problema de conciencia. Se acaso non estivera pagado o encargo, o lóxico é non o pagar.

A PRESIDENCIA: Ten toda a razón. Rematamos a sesión.

E sen ter máis asuntos para tratar, a Sra. Presidenta deu por rematada a sesión, ás catorce horas e cincuenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2007. Consta de 63 folios da serie A numerados do 1593326 ao 1593388, e números do 24 ao 86. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2007.

Vigo, a 30 de abril de 2007
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda